



Proxecto:

**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
do concello de Portomarín**

Emprazamento:

Termo municipal de Portomarín

Fase:

Aprobación Inicial

Promotor:

**CONCELLO DE
PORTOMARÍN**

Arquitecto Director do Equipo:

Alberte González Rodríguez

Equipo Redactor:



gabinete de arquitectura e urbanismo

rúa círculo das artes 18, 27002 Lugo
tel. e fax: 982 250 811

Equipo colaborador:



**LABORATORIO DO
TERRITORIO**

Título de documento:

**ESTUDIO DO MEDIO RURAL E ANÁLISE DO MODELO DE
ASENTAMENTO POBOACIONAL**

Data: **Decembro 2015**

ÍNDICE

1. Introducción	0-1
1.1. O sistema territorial.....	0-1
1.2. Metodoloxía seguida na realización do plan.....	0-1
2. Estudo do medio rural e análise do asentamento poboacional.....	1-1
2.1. Características xerais do territorio	1-1
2.1.1. Situación e límites xeográficos	1-1
2.1.2. Situación administrativa	1-2
2.1.3. División parroquial	1-3
2.1.4. Breve referencia histórica.....	1-4
2.2. O medio físico–natural, os recursos naturais e o patrimonio natural.....	1-5
2.2.1. Xeoloxía.....	1-6
2.2.2. Xeomorfoloxía e fisiografía.....	1-8
2.2.3. Edafoloxía.....	1-9
2.2.4. Hidroloxía	1-15
2.2.5. Clima	1-17
2.2.6. Vexetación.....	1-20
2.2.7. Fauna	1-29
2.2.8. Patrimonio natural.....	1-38
2.2.9. Paisaxe	1-39
3. Potencialidade do concello.....	2-41
3.1. Poboación e actividades de produción, consumo e relación social	2-41
3.1.1. Estruturas e dinámicas sociais	2-41
3.1.2. Densidade de poboación.....	2-42
3.1.3. Dinámica demográfica	2-42
3.1.4. Estrutura demográfica.....	2-45
3.2. Indicadores socioeconómicos	2-47
3.2.1. Poboación por actividades e sectores.....	2-47
3.3. Estrutura produtiva do territorio.....	2-51
3.3.2. Sectores de actividades.....	2-54
3.3.3. Industria. Transformación de produtos agrarios	2-62
3.3.4. Sector terciario. Turismo.....	2-63
4. Organización territorial e patrimonio cultural.....	3-66
4.1.1. Sistema de asentamentos.....	3-66
4.1.2. Infraestruturas de comunicación	3-70
4.1.3. Infraestruturas de servizos	3-74
4.1.4. Dotacións urbanísticas.....	3-85
4.1.5. Patrimonio cultural	3-87
5. Aptitude dos terreos para a súa transformación urbanística.....	4-91
6. Usos actuais do solo.....	5-91
7. Parroquias: delimitación, estrutura territorial e xerarquía de asentamentos	6-93
8. Clasificación das entidades existentes por categorías.....	7-95
9. Características dos asentamentos tradicionais	8-98
9.1. O termo asentamento rural.....	8-98
9.2. Formas de asentamentos rurais.....	8-98
9.2.1. Nuclear con casarío denso	8-99
9.2.2. Nuclear con casarío claro	8-99
9.2.3. Polinuclear con casarío denso.....	8-100
9.2.4. Polinuclear con casarío claro.....	8-101
9.3. Parcelario	8-102
9.3.1. O Parcelario no termo municipal	8-103
10. Características das construcións tradicionais.....	9-104
10.1. Introducción.....	9-104
10.2. Resultados	9-105

10.2.1. Tipos de edificacións	9-105
10.2.2. Forma e material empregado	9-105
10.2.3. Tipo de cuberta e material da mesma	9-108
10.2.4. Altura das edificacións tradicionais	9-109

0. Introducción

A esixencia dunha mellora da calidade de vida e a consecución dun desenvolvemento sostible son as razóns que motivan a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Portomarín do que aquí se presenta o primeiro documento da súa tramitación coa información urbanística e a diagnose.

Na presente fase o documento dará resposta aos requirimentos establecidos na Lei 9/2002, 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro e pola lei 2/2010, de 25 de marzo e ao Prego de Condicións Técnicas que forma parte do contrato asinado polo adxudicatario e o concello.

O principal obxectivo do PXOM é fixar as directrices que permitan chegar a un equilibrio entre a poboación, as súas actividades, as súas necesidades e o medio físico sobre o que se desenvolven. Para iso debemos de obter toda a información posible en relación con estes elementos, que constitúe o punto de partida para a redacción do PXOM. Esta información obtívose a partir de revisións bibliográficas, traballos de campo, enquisas e estudos de elaboración propia.

0.1. O sistema territorial

O sistema territorial está formado por diferentes elementos e procesos que interaccionan entre si e dan lugar a unha realidade territorial.

Para facilitar o seu estudo, consideraremos independentemente cada unha das súas compoñentes. Estas compoñentes ou subsistemas, son:

- Medio físico-natural, os recursos naturais e o patrimonio natural.
- A Poboación e actividades de produción, consumo e relación social.
- O sistema de asentamentos, infraestruturas e equipamentos locais.
- Marco legal.

A análise do territorio leva á comprensión do modelo territorial, é dicir, á expresión simplificada do sistema territorial, á forma de ocupar e utilizar o espazo, servindo de base para facer un diagnóstico, que é a interpretación do modelo, da súa traxectoria histórica e da súa evolución previsible se non se intervéñ.

0.2. Metodoloxía seguida na realización do plan

Para a realización deste Plan emprégase o método clásico que segue a secuencia:

INFORMACIÓN-ANÁLISE → DIAGNOSE → PROPOSTA DE ORDENACIÓN

O presente documento é o resultado da recompilación de toda a documentación existente: cartográfica, fotográfica e bibliográfica, ademais da obtida mediante os traballos de campo realizados: enquisas á poboación, datos sobre o estado actual dos núcleos, do patrimonio inmobiliario tradicional, das infraestruturas, os tipos de cultivos, etc. Esta información organizarase nos apartados correspondentes aos subsistemas en que consideramos dividido o sistema territorial: medio físico, poboación e estrutura produtiva do territorio, sistema de asentamentos, infraestruturas e equipamentos e por último o marco legal operante.

A partir da análise desta información, realizarase unha Diagnose, poñendo de manifesto os puntos débiles e os problemas que se deben solucionar, considerando as ameazas e oportunidades no contexto socioeconómico do concello.


1. Estudo do medio rural e análise do asentamento poboacional

1.1. Características xerais do territorio

1.1.1. Situación e límites xeográficos

O termo municipal de Portomarín sitúase na surleste da provincia de Lugo e está limitado polas seguintes coordenadas UTM:

Mapa 1. Situación do concello en coordenadas UTM



Fonte: Elaboración propia

As distancias desde a capitalidade do municipio, a vila de Portomarín situada no extremo oriental do municipio, ós principais núcleos urbanos son:

- 25 km a Lugo
- 26 km a Sarria
- 105 km a Santiago
- 124 km a A Coruña.

Os concellos limítrofes son polo norte Guntín, polo sur Taboada, polo leste O Páramo e Paradela e polo oeste Monterroso.

A superficie do concello é de 115,10 Km² que o sitúa nunha posición por baixo da media en canto ó seu tamaño, se o comparamos cos demais concellos da provincia.

Táboa I. Comparativa das distintas superficies tanto de Lugo coma de Galicia


	MEDIA (ha)	MÁXIMO (ha)	MÍNIMO (ha)
LUGO	15.038	46.307- A Fonsagrada	469 – Rábade
GALICIA	9.452	46.307- A Fonsagrada	265–Mondariz- Balneario

Fonte:elaboración propia

1.1.2. Situación administrativa

O concello de Portomarín pertence á provincia de Lugo, formando parte da Comunidade Autónoma de Galicia. Xunto cos municipios de Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Lugo, Outeiro de Rei e Rábade forma a Comarca de Lugo.

Mapa 2. Situación do concello na comarca á que pertence



Fonte: Elaboración propia

Esta comarca está definida pola meseta de Lugo, a unidade natural máis destacada, que recibe este nome pola topografía e pola súa altitude media, aínda que en realidade trátase dunha depresión topográfica. O fondo desta depresión está atravesado polo río Miño, que describe un amplo arco dende a súa entrada, procedente da Terra Chá, ata o inicio do seu encaixamento, precisamente a altura do concello que nos ocupa.

A esta conca principal aflúen unha serie de concas secundarias periféricas, algunhas das cales albergan tamén pequenas depresións, característica principal, dando lugar a un espazo compartimentado. Estas son as seguintes: ó oeste a do río Narla, que procedente da Serra do Careón, atravesa o termo de Friol, confluindo preto de Lugo co Miño. Ó sur da anterior, a extensa conca do río Ferreira tamén na Serra do Careón e, seguindo os rebordes montañosos que pechan a comarca da Ulloa, descende por terras de Guntín e Portomarín cara á súa confluencia co Miño. No sector oriental, localízase a máis destacada destas unidades do relevo local, que é a que forma o río Neira, que achega ó Miño despois de atravesar parte dos concellos de Láncara, O Corgo e O Páramo, procedente da súa cabeceira, situada no centro da pequena depresión intramontana que corresponde ó termo de Baralla. Esta unidade do relevo marca, en certa maneira, un límite entre a meseta lucense e as comarcas veciñas (Ancares polo leste, Sarria polo sur). Finalmente, un arco montañoso, que ten o seu eixe na

Serra do Mirador, delimita o concello de Castroverde e ca depresión de Lugo, formando un peche lateral desta complexa unidade.

En resumo, atopámonos perante unha comarca natural composta, formada por unha depresión central e unha serie de depresións periféricas, sendo esas concas fluviais as que lle confiren a unidade xeográfica.

A organización funcional da comarca xira ao redor da cidade de Lugo (como se pode deducir dos gráficos que se achegan, procedentes do Mapa Comarcal de Galicia). A presenza da capital provincial na comarca, fai que todas as relacións territoriais, tanto nas referidas ós servizos administrativos como ós produtivos e ás actividades económicas, converxan cara á devandita cidade de Lugo, aínda que, dada a extensión da comarca e do relativo illamento natural das pequenas depresións, cada cabeceira municipal funciona como un pequeno subcentro local.

Mapa 3. Relación intracomarcals e fluxos internos




Fonte: Andrés Precedo Ledo. O mapa comarcal de Galicia. Xunta de Galicia. 1997

1.1.3. División parroquial

O Concello de Portomarín divídese en 19 parroquias, pertencentes a tres arceprestados (Paradela-Portomarín, Ferreira de Gomelle, Ínsua-Taboada) da diócese de Lugo. No seguinte mapa pódese ver a súa localización.

Mapa 4. División parroquial do Concello de Portomarín



O tamaño de cada unha das parroquias figura na táboa adxunta.

Táboa II. Superficie en hectáreas das parroquias de Portomarín

Parroquia	Superficie (ha)
Bagude (San Bartolomeu)	1040,65
San Mamede de Belaz (San Mamede)	398,08
Caborrecelle (San Xulián)	744,39
Castro de Soengas (San Pedro)	933,32
Castromaior (Santa María)	194,04
Cortapezas (Santa María)	338,90
Fiz de Rozas (San Lorenzo)	356,67
Gonzar (Santa María)	607,93
León (San Martiño)	359,89
Narón (Santa María)	940,69
Nespereira (San Cibrao)	666,45
Portomarín (San Nicolao)	835,96
Recelle (San Pedro)	635,63
San Mamede do Río (San Mamede)	468,15
Sabadelle (San Salvador)	533,51
Soengas (Santiago)	628,19
Vedro (San Martiño)	330,72
Vilarbasin (San Pedro)	505,43
Vilaxuste (San Pedro)	985,76
TOTAL	11.504,36

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INE

1.1.4. Breve referencia histórica

A historia do Concello de Portomarín divídese en dúas etapas: antes e despois do encoro de Belesar.

A existencia de numerosos castros e mámoas testemuñan a ocupación destas terras en épocas prehistóricas. O proceso de romanización quedou constatado coa construción no século II dunha ponte sobre o río Miño. Xa na baixa idade media o protagonismo acapárao o paso do Camiño de Santiago polo termo, potenciado pola existencia da ponte romana sobre o río Miño. No século XII construíuse unha hospedaría para atender os peregrinos, que malia que nun principio estivo ao coidado da orde de Santiago, despois pasou a mans da de San Xoán. Esta última encomenda acadou moito peso na historia deste municipio, xa que era a encargada de velar polo burgo portomarinés, pola ponte e polo Camiño de Santiago; construíu un hospital para os peregrinos; mellorou a hospedaría que había e ergueu un pazo mais a igrexa de San Xoán, actualmente a de San Nicolao.

En 1812 formáronse os termos de San Xoán de Portomarín e San Pedro de Portomarín, que quedaron abolidos no 1824. Foi en 1935 cando se constituíu o concello de Portomarín.

Malia que no ano 1946 Portomarín fora declarado monumento histórico artístico, esta vila xunto coa parte da parroquia de Portomarín (San Pedro) sufriron unha importante transformación a mediados do século pasado, cando Fenosa emprendeu a represa do Miño para o seu aproveitamento hidroeléctrico. A construción do encoro de Belesar, comezando a finais do 1950 e rematado no 1963, supuxo o completo asolagamento do poboado, que quedou baixo das augas, e o patrimonio arquitectónico protexido, como as igrexas de San Nicolao e San Pedro e o pazo de Berbetouros, foi trasladado pedra a pedra ata o monte do Cristo, onde se construíu o novo núcleo urbano de Portomarín, cuxo ordenamento correu a cargo do arquitecto Pons Sorolla.

A devandita construción do encoro supuxo a lóxica modificación das sinais de identidade que xunto coa capacidade económica produto das cativas indemnizacións e o coñecemento das oportunidades nese momento fora do concello, desencadeou un proceso emigratorio.

O asolagamento do pobo, trouxo consigo a modificación da estrutura económica. Produciuse o abandono das mellores terras para o cultivo do viñado, obrigando a un xiro cara a incorporación ao que é a mellor Galicia gandeira, a das áreas lucenses con maiores intensidades en cabana combinada.

Aproveitáronse as excelentes dimensións das súas unidades agropecuarias, tendo ademais unha grande superficie forestal de apoio en pasto por unha banda e de ingreso complementario en madeira por outra.

Pódese concluír que un cambio tan radical, necesariamente inflúe sobre a realidade socioeconómica, e os trastornos ocasionados serán dificilmente recuperables, sobre todo na realidade social desta singular poboación do antigo centro municipal e o levantamento dun novo poboado.

1.2. O medio físico–natural, os recursos naturais e o patrimonio natural

Trátase daquel sistema formado polos elementos e procesos do ambiente biofísico tal e como se encontran na actualidade: o clima, o solo, a vexetación, a fauna, a paisaxe, as formas, o aproveitamento dos recursos e a utilización do solo.

Con este estudo do medio físico preténdese obter unha síntese do potencial de desenvolvemento do Territorio en función dos recursos naturais dos que dispón. Isto permite efectuar unha clasificación do espazo municipal segundo as aptitudes produtivas para posibilitar a compatibilidade entre o modelo ecolóxico, o desenvolvemento económico, o medio ambiente e a calidade de vida. Os obxetivos da análise e diagnose do medio físico son os seguintes:

- Coñecemento das características naturais do Territorio.
- Comprensión das formas en que se emprega o Territorio.
- Degradacións e ameazas que actúan sobre él.
- Coñecemento das afeccións normativas do solo.
- Avaliación do Territorio en termos de méritos de conservación.
- Estimación da potencialidade do Territorio en termos de oportunidades que ofrece en canto a recurso, soporte e receptor de residuos.
- Estimación da fragilidade ou vulnerabilidade do Territorio para as devanditas actividades.
- Determinación da capacidade de acollida do Territorio para as actividades.

Para determinar a capacidade de acollida das actividades compre coñecer o medio físico con detalle; isto conséguese mediante a elaboración dun inventario do medio. A idea prioritaria que debe rexer a realización do inventario é a representación da realidade físico-biolóxica do Territorio, tendo presente que a última fase deste será a cartografía de todos e cada un dos elementos do medio analizados.

A elección dos elementos e procesos que se analizarán e cartografarán no inventario está en función dos obxectivos fixados no traballo. Para a realización do presente proxecto elixíronse os seguintes:

- Medio Inerte
- Xeoloxía
- Topografía
- Edafoloxía
- Usos actuais do solo
- Medio Biótico
- Clima
- Vexetación
- Fauna

- Auga
- Medio Perceptual
- Paisaxe e valores existentes no Territorio.
- Degradacións e Ameazas do Medio Físico
- Afeccións Normativas do Solo

1.2.1. Xeoloxía

A composición xeolóxica das rochas inflúe de maneira destacada na paisaxe, non só nos afloramentos rochosos e nas formas do relevo, si non tamén nos materiais de construción empregados, no tipo de solos que se formen e polo tanto no tipo de vexetación. Materiais, formas e procesos xeolóxicos interveñen na análise do medio físico tanto dende o punto de vista dos recursos que albergan, coma dos condicionantes que supoñen á hora da localización das actividades.

1.2.1.1. Litoestratigrafía

A Xeoloxía en xeral estuda a composición e a constitución da cortiza terrestre, os fenómenos que nesta acaecen e as leis físicas e químicas que a rexen así como a evolución das terras desde os tempos máis remotos ate os máis modernos.

Como dato previo á análise xeolóxica da zona de Portomarín, débese de indicar as dificultades de este estudio nesta zona a causa de:

- A escaseza de bibliografía e de estudos realizados na zona que permitise a súa comparación e o chegar a conclusións, os únicos datos de que se dispoñen son os mapas xeolóxicos E 1/50.000 do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España.
- Dada a localización xeográfica da zona atópase situada na unión de catro mapas 1/50.000 os números 97 e 123 o que engade dificultade á análise.
- A maior dificultade atópase na unión dos planos para facer a composición de conxunto de Portomarín pois na unión dos planos 97 ó Norte e 123 ó Sur aparecen discontinuidades entre as liñas de categorías xeolóxicas que son moi acusadas.

Para o estudio xeolóxico analízanse os materiais que forman a cortiza terrestre, así como os procesos que en ela actúan e as formas que os xeran. neste apartado preténdese indicar cales son os principais materiais que forman o chan desta zona para poder comprender en que maneira influíron na actual distribución de poboacións e de usos do mesmo.

A súa análise e coñecemento resultan imprescindibles desde varios puntos de vista, xa que nos permiten coñecer o relevo e cal é a súa orixe así como a súa posible evolución ó igual que a orixe e tipo dos chans que determinan posteriormente a vexetación ou a capacidade produtiva dos chans.

Portomarín atópase situado dentro da zona denominada zona III (Galicia Oriental) que se estende nunha franxa de Norte a Sur con unha anchura media de 70 km ocupando a maior parte da provincia de Lugo, así como a zona Norte da de Ourense e internándose posteriormente na provincia de León.

As tres características fundamentais da zona III ou Galicia Oriental son:

- Presenza dun Precámbrico exquisito, que totalmente pode ser cuarcítico, abondo potente e de grande monotónía petrográfica.
- Presenza dun Ordovícico Superior e un Silúrico con unha modesta diversidade de facies.
- Forma parte do dominio dos pregues tombados.

1.2.1.2. Estratigrafía

Os materiais existentes en Portomarín quedan claramente diferenciados en tres Dominios, separados por faias:

- Dominio do Domo de Lugo
 - Dominio do Olo de Sapo
- Separados estes dous pola faia de Viveiro.
- Dominio Xistoso de Galicia Central e Occidental (Tras os Montes).

Este último está separado do de Olo de Sapo por unha gran faia que ven dende a costa Cantábrica en Valdoviño, co oeste de Cedeira, limitando nunha gran parte do seu trazado o macizo granodiorítico de Chantada - Taboada.

O Dominio do Domo de Lugo localízase ó Este do Concello, e está constituído fundamentalmente por metasedimentos precámbricos e do Cámbrico Inferior.

Dominio do Olo de Sapo ocupa a parte central do Concello de Portomarín, comprendendo materiais que van dende o Precámbrico porfiroide ata o Silúrico. O Dominio Xistoso de Galicia Central e Occidental, que aparece de xeito puntual no extremo suroeste do Concello, está composto por materiais cunha facies que recorda sobre todo ó silúrico do Dominio de Olo de Sapo, intruídos por abundantes corpos graníticos e granodioríticos.

Ademais aparecen, en menor medida, materiais Terciarios e Cuaternarios.

As características máis importantes dos distintos Dominios son as seguintes:

DOMINIO DO DOMO DE LUGO

Caracterizado fundamentalmente pola presenza dun Cámbrico Inferior e Medio completo, con sedimentos de tipo plataforma depositados sobre a serie de Vilalba, atribuída ó Precámbrico Inferior.

O Domo de Lugo é o resultado da superposición de dúas fases de deformación: unha primeira que deu lugar á formación de pregues de plano axial subhorizontal e outra posterior que os repregou suavemente.

DOMINIO DO OLLO DE SAPO

Formado por un conxunto de metasedimentos que ocupan toda a franxa central do Concello, abarcando a serie estratigráfica dende os materiais que constitúen o Olo de Sapo de grao fino, de idade precámbrica, ata o Silúrico. A estrutura que se atopa no concello en estudio é o Antiforme de Portomarín e Vilacha, que corresponde a pregues da primeira fase .

DOMINIO XISTOSO DE GALICIA CENTRAL E OCIDENTAL

Atópase nunha zona moi pequena ó suroeste do Concello de Portomarín, ó oeste dunha importante fractura que se prolonga polo norte ata a costa. Os materiais que o forman atópanse frecuentemente migmatizados, e a presenza de intrusións graníticas e unha das características máis notables do dominio.

1.2.2. Xeomorfoloxía e fisiografía

As formas do terreo son o resultado da acción dos procesos xeodinámicos sobre os materiais da cortiza terrestre. Este vai a condicionar tanto os lugares escollidos para os asentamentos humanos coma as actividades que sobre el se desenvolvan, unha forte pendente pode ser un limitante á hora de realizar traballos mecanizados, a altitude limitará o uso de determinados cultivos e especies forestais e a orientación influirá na cantidade de radiación que chegue a cortiza terrestre, e por tanto a temperatura. Por todo isto para determinar a capacidade de acollida do solo, debemos considerar estes tres factores.

A información básica de fisiografía (hipsometría, pendentes e orientacións) foi xerada a partir do modelo dixital do terreo no que se pode apreciar o relevo do mesmo (ver plano nº IT 03). A fonte básica para o estudo da fisiografía foi a información en soporte dixital, obtida da cartografía da C.P.T.O.P.V a escala 1:5.000.

1.2.2.1. Relevo

O Concello de Portomarín atópase situado na área de chairas, depresións e relevos residuais que caracterizan a Galicia centro-oriental.

O seu relevo está constituído por tres unidades morfolóxicas distintas:

- Val do Río Miño
- Os outeiros centrais
- Os montes occidentais que dividen as cuncas do Miño e do Ulla

Por enriba de todo destaca a primeira, posto que o val do Miño que cruza o Concello de Norte a Sur domina toda a paisaxe e máis aínda despois da construción do encoro de Belesar.

Pequenas elevacións coma o monte Castrillón, Gándaras de Cebres ou outras xa pertencentes ás estribacións orientais da serra de Ligonde e os montes de Vacaloura, salpican este Concello. Dende estas estribacións baixa a rede hidrográfica do Concello cara o río Miño.

1.2.2.2. Altitudes

Complementando a información achegada polo plano de altimetría ou hipsométrico, incluímos unha táboa asociando este dato a valores superficiais.

No Concello de Portomarín, non se atopan grandes elevacións, xa que non se superan os 800m. A altitude media do concello está ao redor de 525 m.

Táboa III. Rangos de altitudes asociadas á superficie ocupada

Rango de altitude (m)	Superficie (ha)	Superficie (%)
300-500	339,38	2,95
350-400	822,64	7,15
400-450	1.384,36	12,03
450-500	1.971,11	17,13
500-550	2.173,66	18,89
550-600	1.842,05	16,01
600-650	1.725,21	15,00
650-700	898,99	7,81
700-750	285,78	2,48
750-800	61,02	0,53
Total	11.504,36	100

Fonte: Elaboración propia

Como podemos observar na táboa os rangos de altitude con unha maior superficie son os que oscilan entre 500-550m con unha superficie de 21,74 km² e unha porcentaxe sobre o total de 18,89% seguido dos rangos 450-500 cunha superficie de 19,71km² e un porcentaxe sobre o total de 17,13%. Os rangos que van dende 300-350, as menores cotas, corresponden a toda a

zona do encoro e da ribeira do Río Miño, pola beira leste do Concello. As maiores cotas, correspóndense cos extremos oeste e suroeste, onde se atopa o pico máis alto, Pena do Espiño, encravado na parroquia de Narón.

1.2.2.3. Pendentes

A pendente é un dos maiores condicionantes á hora de realizar labores no terreo, xa que en moitas ocasións supón un factor limitativo para o emprego da maquinaria.

O Concello de Portomarín presenta pendentes moderadas, atopándose as menores na zona norte do Concello, e as maiores ó sueste, coincidindo co percorrido do Regueiro Ferreira de Zamolle, Rego da Loma de Madeico e a súa confluencia co Miño.

Para avaliar tal feito achegamos na táboa adxunta o rango de pendentes asociado á superficie que ocupan sobre o total do concello, o que da unha idea do carácter moderado das pendentes no territorio municipal, salientado polo feito de que o rango de pendentes máis extenso no termo municipal é o correspondente ao 10-15%.

Táboa IV. Rangos de pendentes asociados á superficie ocupada

Pendente	Superficie (ha)	Superficie (%)
<2%	259,49	2,26
2-5%	736,37	6,40
5-10%	2.568,30	22,33
10-15%	2.811,84	24,44
15-20%	1.859,86	16,17
20-25%	1.087,82	9,46
25-35%	1.158,33	10,07
35-50%	709,57	6,17
>50%	312,77	2,71
Total	11.504,36	100,00

Fonte: Elaboración propia

1.2.2.4. Orientacións

A orientación das terras é outro dos factores a considerar tanto na selección de cultivos coma na elección dos propios asentamentos humanos, por mor da cantidade de radiación solar que chega ao terreo e condicionantes relacionados como a maior frecuencia de xeadas nas orientacións norte. A relación entre superficie e orientacións existentes no termo municipal podemos vela na táboa adxunta.

Táboa V. Orientacións asociadas á superficie ocupada

Orientación	Superficie (ha)	Superficie (%)
Norte	2.601,38	22,61
Este	3.765,63	32,73
Sur	3.097,69	26,93
Oeste	1.945,36	16,91
Sen orientación definida	94,30	0,81
Total	11.503,76	100,00

Fonte: Elaboración propia

As orientacións predominantes son a este e a sueste, condición que ven determinada pola situación do Concello de Portomarín con respecto ó Río Miño.

1.2.3. Edafoloxía

O solo é principal e fundamentalmente un elemento do ambiente, que segundo ós seus valores e calidades, é susceptible de utilización desde varias perspectivas, cumprindo distintas funcións e conseguintemente, véndose afectado polas accións e reaccións derivadas das mesmas. É un elemento do medio físico dunha importancia sobresaínte, das súas características e produtividade depende a economía de amplas zonas do medio rural galego.

Foi e seguirá sendo o soporte das actividades agropecuarias, e da súa conservación dependerá a supervivencia dun sector de gran importancia en Galicia. Na Conferencia Europea de Ministros responsables da Ordenación do Territorio (C.E.M.A.T.) púxose de manifesto que o Territorio repártese en torno a tres compoñentes, de proporción variable e grados diversos:

En primeiro lugar, o solo é soporte de actividades, no que é utilizada a superficie como medio de extensión do hábitat humano, das actividades económicas non agrícolas e de ocio.

En segundo lugar, o solo como espazo agrícola e forestal, na que se explota a súa “profundidade nutricia”, e en terceiro lugar, o solo como espazo natural, o cal é preservado das actividades humanas, por necesidades de conservación de ecosistemas, habitas, paisaxes etc, dende unha perspectiva antropocéntrica. A estas tres compoñentes poderíaselles engadir a perspectiva do solo como recurso mineral ou xeolóxico, dende a cal o solo non so cumpre como soporte da actividade, senón como obxecto da explotación, e a do solo como paisaxe que, non está composto exclusivamente por elementos físicos ou naturais, senón que tamén participan del elementos culturais e históricos. Un dos factores que máis van a condicionar a edafoloxía será precisamente o material sobre o que se formen os solos.

A formación dos solos dunha zona está condicionada por uns factores que, con influencia xeral ou local e actuando de forma integrada, determinan a secuencia edáfica dunha área concreta.

En xeral, o clima inflúe para a formación dos solos do seguinte modo: a temperatura é suficiente para que as reaccións que afectan ós minerais e restos vexetais se produzan con rapidez. Por outra parte, hai un predominio da precipitación sobre a evapotranspiración; así a maior parte do ano, prodúcese infiltración, aínda que cunha estación co solo máis seco. O resultado é a eliminación por lavado de certas sustancias, o empobrecemento do solo en Ca, Na, Mg e K e o enriquecemento en Al, Fe e Si.

O material orixinal máis frecuente é de orixe xeolóxica, rochas e sedimentos, aínda que é cada vez máis patente a influencia humana que redistribúe e engade materiais.

A diversidade xeolóxica do Concello é ampla, a pesares disto os materiais que ocupan a maior superficie son os que experimentaron un metamorfismo de baixo grao (xistos e lousas) e as rochas de composición granítica. En menor medida aparecen sedimentos e algúns afloramentos de rochas básicas.

Os materiais graníticos e as lousas son as rochas nas que se presentan as maiores pendentes, namentres que nas zonas con sedimentos terciarios, xistos ou rochas básicas preséntase un relevo menos acusado e con maior estabilidade xeomorfolóxica, que favorece a formación continuada de solo.

A natureza da vexetación condiciona a abundancia e composición dos aportes orgánicos que inflúen nas reaccións de alteración que se producen nos horizontes superficiais, modificando a cantidade e agresividade das disolucións de ataque.

1.2.3.1. Os solos no estudio do medio físico

As características dos solos débense coñecer de forma práctica que nos permitan tomar decisións á hora de asignar un determinado uso a un solo ou unha protección en función das características que este teña. Para atinxir isto realizáronse dous tipos de estudio:

- Tipo de solo seguindo a clasificación da F. A. O. os solos pódense clasificar en diferentes grupos en función da súa orixe e dos diferentes perfís que en eles aparezan. Seguindo a nomenclatura F. A. O. realizouse a lenda do seguinte tipo:

Empregaranse nomenclaturas de catro díxitos, as dúas primeiras serán letras e as dúas últimas números, onde o primeiro símbolo (letras da A á G) reagruparía as posibilidades de mecanización, enraizamento e risco de erosión. O segundo símbolo (letras L,M,P,T, e N) indicannos o período con temperaturas útiles para a medra. Estes dous primeiros símbolos

son calidades que non se poden variar ou mellorar con facilidade. O exceso de auga ou o seu déficit ven representado no terceiro símbolo (números de 1 ó 9) esta é unha calidade que admite un certo grao de mellora. O cuarto símbolo (números do 1 ó 4) representa a dispoñibilidade natural de nutrientes no solo sendo esta unha calidade que presenta grande posibilidade de mellora.

- Useuse a táboa de conversión de valores descrita no libro “Capacidade produtiva dos solos de Galicia” de Francisco Díaz-Fierros Viqueira e Fernando Gil Sotres

A continuación realízase unha breve descrición dos solos de Portomarín de acordo ca clasificación arriba descrita.

TERRAS DE CLASE A

Son solos que permiten todo tipo de mecanización e con profundidade suficiente para calquera tipo de vexetación. Rega superficial sen limitacións. Sen ningún risco ou con risco lixeiro de erosión.

A cantidade estimada de terras pertencentes a esta unidade é de 54 ha o que representa o 0,5% da superficie total do concello. Este tipo de terras no interior de Galicia está asociada ás cubetas terciarias, son frecuentes en zonas próximas como é o caso de Sarria, así como a fondos de val, sendo os deste tipo os presentes na zona de Portomarín. A utilización do solo está condicionado polo réxime de xeadas que nesta zona é de tipo P, así como pola existencia de hidromorfías fortes que están asociadas á presenza de substratos arxilosos.

A pesar dos problemas anteriormente sinalados estas terras son consideradas as de maior produción potencial de Galicia en función do seu grao de mecanización así como das posibilidades de enraizamento e grao de erosión.

TERRAS DE CLASE B

Solos sen limitacións para a mecanización, pero con moderadas limitacións por profundidade para os cultivos de enraizamento profundo. Presentan rega superficial con poucas limitacións, ou ben de suficiente profundidade para calquera tipo de cultivo, pero con limitacións para a rega superficial de gravidade. O risco de erosión é de tipo nulo ou moderado.

A súa extensión é de 773 ha. representa o 6,7%. Comprende na súa maioría os solos que están situados sobre pendentes comprendidas entre 2-10%, sendo unha clase que aparece representada por todo o Territorio de Galicia. Acostuma aparecer como unha orla, o redor dos terreos de clase A polo que constitúe as transicións entre as ladeiras e as depresións.

O material xeolóxico de orixe dos solos acostuma ser moi disgregable polo que dá orixe a solos profundos e de texturas francas e franco-limosas.

Xeralmente atópanse cultivados de forma intensiva, aínda que tamén poden estar dedicados a pastizal, cereal de inverno ou mesmo arborado ou matogueira.

TERRAS DE CLASE C

Este tipo de solos ocupan unha superficie de 1553 ha que representan unha porcentaxe do 13,5% da superficie total do concello.

Solos sen limitacións para a mecanización, pero con limitacións para a rega superficial por gravidade e para cultivos de enraizamento profundo, ou ben son os solos con limitacións para a maquinaria pesada pola existencia de afloramentos e con lixeiros problemas en canto a profundidade e/ou posibilidade de rega superficial por gravidade, riscos de erosión nulos ou moderados. Esta situación non é frecuente en Galicia (xa que nas zonas máis chas, o solo acostuma ser profundo e ademais sen magoas afloramentos debido á súa formación mediante procesos, xeralmente, acumulativos), pero esta clase si aparece representada en Portomarín, asociada a zonas de tipo esquistasas. A pouca profundidade dos solos desta clase fai que o déficit hídrico estival agrave os problemas do subsistencia das plantas.

TERRAS DE CLASE _"C"

O signo (-) sobre a letra indican terras nas que a actividade humana modificou as condicións da pendente para crear bancais. neste caso, comprende as superficies abancaladas sobre pendentes entre o 10-20% esta definición non se corresponde exactamente coa situación existente en Portomarín, pero o que se existen son zonas en que se realizaron labores de preparación e acondicionamento do terreo co obxectivo de as dedicar a cultivo similares ós realizados nos bancais A superficie estimada considérase de 1369 ha, o que representa o 12% da superficie do concello.

TERRAS DE CLASE D

Son solos situados nun intervalo de pendentes do 10-20%, nos que se pode utilizar maquinaria pesada pero con graves riscos de erosión, ou nos que está impedida a utilización de maquinaria pesada na maior parte dos casos pola presenza de afloramentos rochosos, así como polo exceso de pendente. Xeralmente presentan profundidades intermedias que limitan o crecemento de plantas de enraizamento profundo. Os riscos de erosión acostuman ser de tipo moderado.

Dedicados a un uso de pasteiro ou prado na maioría dos casos. En Portomarín aparecen nunha superficie de 1550 ha que representa o 13% da superficie total.

TERRAS DE CLASE _"D"

Está formado por terras de similares características ás anteriores pero que presentan influencia antrópica, sobre pendentes do 20-35%, en Portomarín aparecen nun total de 466ha polo que ocupan en torno ó 4% da superficie total.

TERRAS DE CLASE E

Este tipo de solos só permite a utilización de maquinaria manual ou de tracción animal e con profundidades que varían de superficiais a profundas, ou ben solos que admiten aplicación de maquinaria lixeira pero que o seu aproveitamento está limitado ou ben por pendentes ou afloramentos excesivos, ou riscos de erosión graves. Ou ben solos que admiten a aplicación de maquinaria pesada pero que están fortemente limitados por unha escasa profundidade, sendo o risco de erosión de nulo a grave. Solos de tipo marsh costeiros.

A utilización acostuma ser de monte baixo ou de tipo forestal, a escasa profundidade do solo crea problemas de retención de auga. Tamén se engloban dentro desta categoría as zonas de sedimentación dos ríos. Representan unha superficie total de 4250 ha o que supón 37% da superficie total da zona.

TERRAS DE CLASE F

Os solos desta clase veñen definidos por pendentes entre o 25-50% , por unha riqueza moi elevada de afloramentos rochosos entre o 25 e o 50% o que só lles permitiría a utilización de maquinaria manual ou forestal. Risco de erosión grave. Ocupan unha superficie total de 454 ha o que representa o 4% da superficie do concello.

TERRAS DE CLASE G

É a segunda clase en importancia dos solos de Galicia. Son os terreos escasamente produtivos debido á falta de espesor do solo ou mellor dito á falta de solo pola grande abundancia de pena exposta. Acostuman ser terreos con pendentes maiores do 50% polo que se impide calquera tipo de mecanización. A súa escasa profundidade impediría o enraizamento de calquera especie cultivo. O déficit hídrico nestas terras é moi elevado, e o risco de erosión variable. En Portomarín aparece un total de 602 ha o que significa o 5% da superficie total.

Da segunda categoría, referente a duración do período vexetativo, temos dúas clases das cinco definidas para Galicia na zona de Portomarín, ditos datos foron tomados do libro

“Capacidade produtiva dos solos de Galicia” de Francisco Díaz-Fierros Viqueira e Fernando Gil Sotres.

Clase M (millo)- Zonas onde o risco de xeadas está comprendido entre os tres e os seis meses. na zona de estudio aparece en 2330 ha o que representa o 20%.

Clase P (pataca)- Zonas onde o risco de xeadas está comprendido entre os seis e os sete meses e medio. Supón un total de 8745 ha o que significa o 76%.

DISPONIBILIDADE DE AUGA

As distintos tipos dentro deste apartado que aparecen no concello de Portomarín son:

- Clase 5 – Son os solos ben drenados con menos de 30 días de déficit de precipitación. A clase menos abundante dentro do conxunto do concello aparece en 53 ha o que significa o 0,5% da superficie do concello.
- Clase 6 – Son os solos ben drenados con déficits de precipitación de entre 30 e 60 días, aparece en 3407 ha o que significa o 29,6% da superficie do concello.
- Clase 7 – Chans ben drenados con déficits de precipitación de 60 a 90 días ocupa un total de 2087 ha supoñendo o 18,1% da superficie do concello
- Clase 8 – Chans ben drenados e con déficits de precipitación de 90 a 120 días. É a máis abundante do concello, ocupa un total de 4925 ha representando 42,8 %.
- Clase 9 – Chans ben drenados e con máis de 120 días con déficit de precipitación. Aparecen nun total de 602 ha sendo o 5,23% da superficie

DISPONIBILIDADE DE NUTRIENTES

Todo o Territorio de Portomarín englobase case na súa totalidade nunha soa clase:

Clase 4 – Disponibilidade de nutrientes mala. Saturación do 15 ó 7% e pH de 4. 5 a 5. 0. Chans derivados de penas graníticas e esquistos que non pertencen ó complexo anterior. Chans derivados de materiais sedimentarios arxilosos e limosos.

En 86 ha do concello aparece a Clase 5 – Disponibilidade potencial de nutrientes moi mala. Saturación inferior ó 7% e pH menores de 4,5. Solos derivados de areniscas, cuarcitas e materiais sedimentarios con forte predominio de areas ou coluvios de cuarzo.

PRINCIPAIS LIMITACIÓNS DAS TERRAS DE PORTOMARÍN

A partir da planimetría de todas as unidades cartografadas, pódese chegar a unha serie de consideracións sobre cales son os problemas fundamentais que se formulan en Portomarín para a produtividade das súas terras. Para iso estúdase as diferentes limitacións recollidas na fórmula xeral de avaliación e de acordo cos seus criterios realízase a discusión e a análise xeral dos datos.

LIMITACIÓNS MOI DIFICILMENTE MODIFICABLES DE SOLO E SITIO

As dúas limitacións máis importantes para os solos son:

- Pendente excesiva (considerando como tal aquela que supera o 25%), e que en Portomarín representan o 19% da superficie total.
- A profundidade (se esta é inferior ós 50 cm.). Son os solos pertencentes ás clases E,F e G que están xeralmente cubertos por especies forestais e pastos, inaxeitadas para o cultivo intensivo, e que en Portomarín ocupan o 46% da superficie.

LIMITACIÓNS MOI DIFICILMENTE MODIFICABLES DE CLIMA

O risco de xeadas constitúe o principal dos problemas para a produtividade das terras desde o punto de vista climático, sendo causa das limitacións dos diferentes tipos de cultivos na zona de Portomarín.

LIMITACIÓNS POLO RÉXIME HÍDRICO

Son limitacións con un grao de dificultade elevado para a súa eliminación. A maior parte dos problemas vanse producir por falta ou déficit de precipitación en verán e por causa dun exceso dela en inverno.

LIMITACIÓNS POR FALTA DE FERTILIDADE QUÍMICA

Dadas as condicións climáticas de Galicia (con un lavado moi importante do solo pola chuva), unido isto a un substrato xeolóxico escaso en nutrientes, independentemente do tipo de pena orixinal tanto granítica, metamórfica ou esquistosa, fan que as condicións naturais de fertilidade dos solos de Portomarín sexan moi deficientes en elementos químicos que garantan a súa fertilidade.

POTENCIAL PRODUCTIVO

Como valoración xeral pódese concluír que as terras de clase A, B e C, son as máis produtivas, xa que debido a súa pendente <10% e profundidade >100 cm., non plantexan graves problemas de mecanización intensiva e permiten o enraizamento de todo tipo de cultivo.

1.2.3.2. Tipos de solos

SOLOS SOBRE PENAS GRANÍTICAS

En xeral os solos sobre penas graníticas que se atopan principalmente no Oeste do Concello, ó estar sobre penas de alteración lenta posúen pouca capacidade para a formación de arxilas.

Son solos que presentan trocos de profundidade en moi pouca distancia, estando na maioría dos casos aínda en fase de formación como solo, polo que presentan pouca diferenciación morfolóxica, case non existen horizontes de tipo B polo que o horizonte superficial repousa sobre a pena nai con unha profundidade que en poucos casos supera os 50 cm.

A textura en xeral é de tipo areosa ou franco-areosa, polo que acostuman ser solos ben drenados independentemente da posición orográfica na que se atopen.

O seu pH en auga sitúase en torno a 4,5.

SOLOS SOBRE PENAS METAMÓRFICAS

Son solos de perfís ABC, AC ou AR con un epipedón úmbrico, ócrico ou cámbrico. Desenvólvense por todo o municipio.

A capacidade de fixar fosfato está en función do tipo de cultivo e da utilización do solo pero en xeral é máis baixa que nos solos de orixe granítico.

Como regra xeral pódese afirmar que os solos da zona que non foron cultivados presentan un epipedón úmbrico, rico en materia orgánica e ácido e a medida que son cultivados vaise producindo un descenso do espesor, contendo en materia orgánica e sucesivo aclarado que pode levar a clasificalos como ócricos

SOLOS SOBRE PENAS SEDIMENTARIAS

Os solos deste tipo aparecen na zona Nororiental e central do municipio, as súas orixes varían dende o Terciario ó Cuaternario.

Os solos sedimentarios con orixe no Terciario eran antigas cubetas de sedimentación que por efecto dos pregamentos foron erguidas, e que hoxe se converteron en chairas elevadas ou mesetas combinado coa presenza dos horizontes con grande proporción de arxila fan que a zona presente problemas de drenaxe, xa que estes solos non son capaces de filtrar a auga ,polo que se producen asolamento no inverno e seca con retracción no verán. Ó mesmo tempo as raíces das plantas son incapaces de penetrar os horizontes arxilosos

No relativo ós solos sedimentarios de orixe no Cuaternario desenvólvense sobre sedimentos depositados nos fondos dos vales e ó pé das ladeiras das montañas. En función da súa idade acostuma ser a súa profundidade que aumenta cos anos. Así nas de orixe máis recente

pódense clasificar en función do tipo das penas ou gravas que lles sirvan de base e a súa proporción como leptosois.

1.2.3.3. Descrición de solos

Distinguindo os tipos de solo segundo o material xeolóxico sobre o que se formaron, e segundo a clasificación Soil Taxonomy son os seguintes:

Orde VERTISOL suborde Xerert, grupo Chromoxerert


Son solos neutros desenrolados sobre rochas sedimentarias, con textura arxilosa, de gran profundidade e con unha mala drenaxe, ademais tanto o contido en materia orgánica como a relación C/N e baixa e atópanse bastante descarbonatados. Son solos hidromorfos fortemente evolucionados ata a superficie.

Orde INCEPTISOL suborde Ochrept, grupo Xerochrept

Son solos moderadamente básicos, moi pouco descarbonatados, con contido en materia orgánica e relación C/N moi baixos e textura franco areosa, que acadan unha profundidade media e bo drenaxe bo, desenrólanse sobre sustratos calizos. Son solos pardos sobre caliza.

Aparecen inclusións nos solos anteriores de solos con horizonte B árxico, *Haploxeralf* e *Rhodoxeralf*.

Mapa 5. Tipos de Solo no concello de Portomarín



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do SITGA

1.2.4. Hidroloxía

A localización dos puntos de auga nun Territorio é de grande importancia para coñecer a súa situación pasada, situación actual e a posible evolución de cara ó futuro.

Portomarín pertence á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e sitúase integramente na bacía do río Miño

1.2.4.1. Ríos principais

A principal arteria hidrográfica do concello de Portomarín constitúea o río Miño, que marcou a vida do Concello xa que o antigo pobo de Portomarín tivo que cambiar de ubicación por mor da construción do encoro de Belesar, situado augas abaixo do devandito núcleo. Este embalse ten unha capacidade de 655 hm³, chegando a súa cola ata o Concello de Portomarín.

Fig. 1: Vista dun tramo do embalse



Fonte: Concello de Portomarín

O río Miño percorre o concello en dirección Norte-Sur ó longo da beira leste do mesmo e marca a hidrografía do concello, dando lugar a unha única vertente. Ao Miño no ámbito do concello que nos ocupa, vén desaugar unha vasta rede de ríos que nacen nos montes da Vacaloura e nas zonas de maior altitude no interior do municipio e que o atravesan de oeste a leste; a maioría son curtos e pouco caudalosos.

Entre os restantes ríos do Concello cabe destacar os seguintes:

- Río Ferreira: Percorre, no seu tramo final, gran parte do límite entre Guntín e Portomarín. É o máis caudaloso do Concello, despois do Miño, xa que nel conflúen diversos afluentes, na súa desembocadura crea un amplo val que ocupa gran parte de la parroquia de León.
- Rego de Ferreira de Zamolle: Formado pola confluencia dun conxunto de Regos, que nacen no macizo montañoso situado ó oeste de Portomarín e que se xuntan no centro do Concello. Logo o cauce do rego transcorre en dirección oeste-sueste ata a súa desembocadura no Miño á altura de Ferreiroa. O seu trazado é sinuoso conformando pequenos canóns de pronunciada pendente.
- Río Barrela: tamén coñecido como río Torres, de percorrido moito menos sinuoso, o seu discorrer é menos encaixado e ó igual que o anterior desemboca no Río Miño logo de que este pase polo núcleo de Portomarín.
- Rego de Cunqueiro: que recibe auga do rego da Loma de Madeico, desemboca no Miño preto do núcleo de Seixón. No seu discorrer, deixa atrás canóns de elevada pendente, creando un pequeno val na súa desembocadura.

Ademais destes ríos e regatos permanentes, poden aparecer outros de forma estacional.

Táboa VI. Lonxitude dos Ríos

Nome	Lonxitude (m)
Miño	50.433
Ferreira	23.948
Barrela	3.252
Arroio Ferreira de Zamolle	16.027
Rego de Cunqueiro	3.948
Resto de regos e regatos (aproximadamente)	185.333

Fonte: Elaboración propia

1.2.4.2. Calidade da auga

CALIDADE DO RÍO MIÑO

Ó tratarse dun río de grande caudal e que na súa etapa anterior á zona pasa por dúas fases na que sofre a adición de residuos ó seu leito:

- Cruza unha zona de grande actividade gandeira “ Terra Cha” onde sofre os efectos dos lixiviados de xurros procedentes do gando á vez que adicións de contaminantes de tipo inorgánico procedentes dos estrumes minerais utilizados, fan que as augas aumenten o seu contido en coliformes ó igual que un proceso de eutrofización por efecto do nitróxeno procedente dos xurros e o que procede dos estrumes complexos nos que se aporta nitróxeno.
- Ó seu paso por dous núcleos de poboación como son en primeiro lugar Rábade con unha poboación de 1.711 habitantes en 2009 e sobre todo Lugo con 96.678 habitantes no ano 2009, que xeran residuos que van parar ó leito e que provocan o aumento da carga contaminante máis aínda se temos en conta as deficiencias nos sistemas de depuración das augas residuais. Tamén recibe a auga contaminada dos polígonos industriais destes dous núcleos.

1.2.5. Clima

A importancia do clima é tan elevada e alcanza tantos aspectos da vida humana, que a súa consideración resulta imprescindible nos estudos do medio físico. O clima determina en alto grao o tipo de solo e vexetación, e inflúe, polo tanto, na utilización da terra.

Para o estudo do clima empregáronse dúas estacións, a estación climatolóxica de Portomarín (Lonxitude 07º,37' W, Latitude 42º,43' N, Altitude 340m, datos recollidos dende 1974 a 1994), pola proximidade, pero que so conta con datos de precipitación, e a Estación Monte Ladairo para a temperatura (Lonxitude 07º,40' W, Latitude 42º,54' N, Altitude 550m, datos recollidos dende 1954 a 1978). Os datos foron tomados de AEMET (Axencia Estatal de Meteoroloxía).

Táboa VII. Resume dos datos climáticos.


Mes	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xun.	Xul.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	Med.
t	6,5	7,0	8,6	10,1	12,7	15,9	18,0	18,0	16,1	12,8	8,5	6,6	11,6
tm	3,5	3,5	4,4	5,2	7,2	9,9	11,7	11,5	10,4	7,9	4,7	3,5	6,9
tM	9,6	10,6	12,8	15,1	18,3	21,8	24,2	24,5	21,7	17,6	12,2	9,7	16,3
Tm	0,7	0,8	1,2	1,7	2,4	4,8	7,7	7,6	5,3	3,2	1,4	1,1	3,2
TM	13,8	16,7	19,7	22,5	26,9	29,3	31,3	31,5	29,3	24,0	17,9	14,6	23,1
P	182,3	171,8	120,3	104,5	109,2	72,2	41,1	37,3	89,4	160,3	141,6	227,1	112,3
E.T.P	19,9	22,0	35,2	46,8	69,6	92,8	108,8	101,2	76,7	53,0	27,6	19,3	56,1

Fonte: Estacións Meteorolóxicas AEMET

Sendo:

t:	Temperatura media mensual (°C)	P:	Precipitación (mm)
t _m :	Temperatura media das mínimas (°C)	E.T.P	Evapotranspiración potencial (mm)
t _M :	Temperatura media das máximas (°C)	Med:	Media anual.
T _m :	Temperatura media das mínimas absolutas (°C)		
T _M :	Temperatura media das máximas absolutas (°C)		


Fig. 2: Precipitación



Fonte: elaboración propia a partir dos datos de AEMET

A pluviosidade anual é abundante como se pode observar no gráfico anterior. As precipitacións son suaves e aparecen regularmente distribuídas ó longo do ano, exceptuando a época estival, xullo e agosto, con seca máis acusada. Si temos en conta a distribución estacional, a pluviosidade máxima corresponde o inverno con un 39,89%, como se observa no seguinte gráfico:


Fig. 3: Distribución da precipitación por estacións



Fonte: elaboración propia a partir dos datos de AEMET

O concello de Portomarín está encadrado dentro do dominio climático oceánico de transición. Segundo Papadakis pertence o tipo climático mediterráneo temperado, con invernos “avena cálido”, veráns “maíz”, e un réxime térmico temperado cálido.

Fig. 4: Réxime de xeadas



Fonte: elaboración propia a partir dos datos de AEMET

Como mostra o gráfico, segundo papadakis, xullo e agosto englobaríanse na período mínimo libre de xeadas ($t > 0^{\circ}\text{C}$), maio, xuño, setembro e outubro no período dispoñible libre de xeadas ($t > 2^{\circ}\text{C}$), e o resto dos meses no período medio libre de xeadas ($t > 0^{\circ}\text{C}$).


A temperatura media anual é moderada, situándose ao redor dos 12°C ; é preciso marcar a oposición entre os invernos de frío matizado e os veráns de calidez suave. So os meses de decembro, xaneiro e febreiro ofrecen medias inferiores ós 8°C .; xullo e agosto son os meses máis cálidos con valores medios de 18°C .

O encoro de Belesar provoca néboas abundantes e as xeadas están presentes algúns días do inverno, xeralmente de novembro a abril afectando aproximadamente 75 días ó ano. En ocasións prodúcense nevadas que se sitúan nas áreas montañosas expostas os ventos húmidos.

1.2.6. Vexetación

A vexetación dun Territorio é sen dúbida un dos máis importantes indicadores das condicións naturais dunha zona, e das influencias antrópicas recibidas. É un elemento clave na paisaxe, e a base das comunicacións faunísticas.

O territorio do concello de Portomarín, localízase bioclimatoloxicamente no sector Galaico-Portugués, concretamente no subsector lucense, da provincia Cántabro-Atlántica, pertencendo por tanto a vexetación potencial desta zona á denominada “Serie Colina Galaico-Portuguesa Acidófila del Roble” e á “Serie Montana Galaico Portuguesa Acidófila del Roble”. Pese a que as carballeiras deberían caracterizar a maior parte do termo municipal, a vexetación actual non se corresponde coa potencial e as carballeiras son substituídas en moitos casos por repoboacións artificiais con especies de máis rápido crecemento e cunha maior importancia económica, como o piñeiro.




Fonte: <http://www.unex.es/polen/LHB/flora/vegetacion/vegeta.htm>

1.2.6.1. Vexetación potencial

Segundo o Mapa de Series de Vexetación de RIVAS MARTÍNEZ (1984), folia nº 1, a vexetación potencial dentro da zona reduciríase a dúas series:

- Serie montana galaico portuguesa acidófila do carballo (*Quercus robur*). *Vaccinio myrtilli* – *Querceto roboris sigmetum*.
- Serie colino galaico-portuguesa acidófila do carballo (*Quercus robur*) *Rusco aculeati* – *Querceto ruboris sigmetum*.

Fig. 6: Series vexetación do Concello de Portomarín



Fonte: Elaboración propia a partir do Mapa de Series de Vexetación de RIVAS MARTÍNEZ (1984)

A primeira corresponde, no seu óptimo estable ou climax, a unha carballeira mesta que alberga abundantes arbustos e herbas vivaces (*Vaccinio myrtillis- Quercetum roboris*). Estas carballeiras oligotrofas desenvólvense sobre substratos de tipo silíceo, pobres en bases, en xeral sobre chans de tipo profundo que se prestan ben á podsolización.

A primeira etapa de substitución nestes montes está constituído por especies que forman as uceiras ou toxeias (Daboecienion cantabricae), son frecuentes ademais dos habituais nas uceiras de tipo eurosiberiano. A combinación de tipo florístico máis común nestas uceiras de tipo degradado é a formada por:

- *Ulex minor.*
- *Ulex gallii. Ssp. Breogani*
- *Ulex europaeus*
- *Daboecia cantábrica*
- *Erica cinerea*
- *Erica umbellata*
- *Calluna vulgaris*
- *Agrostes curtisii*
- *Halimium alyssooides*
- *Thymus caespitius*
- *Tuberaria gluburifolia*
- *Pseudarrhenatherum longifolium*

Os piornais ou retamais (“xesteiras”; *Cytisus striatus*) que están nas orlas das carballeiras e substitúenos nestas zonas onde aínda hai chans de matiz forestal ben conservados, neles poden ser comúns especies como *Cytisus scoparius*, *Cytisus multiflorus*, *Xenista florida*, *Rubus grex lusitanicus*, *Adenocarpus complicatus*, *Erica arborea* e *Pteridium aquilinum*.

A vexetación correspondente a esta serie encóntrase estendida entre os 500 e os 1300 m.

A etapa de regresión deste tipo de montes sería a seguinte:

MONTE:

- *Quercus robur*
- *Vaccinium myrtillus*
- *Saxifraga spathularis*
- *Betula celtibérica*
- *Melomphyrum pratense*

MATOGUEIRA MESTURADA:

- *Cytisus striatus*
- *Cytisus scoparius*
- *Cytisus multiflorus*
- *Erica arborea*
- *Pteridium aquilinum*
- *Xenista florida ssp. Polygaliphylla*

MATOGUEIRA DEGRADADA:

- *Ulex minor*
- *Ulex gallii ssp. breogani*
- *Ulex europeus*
- *Erica cinerea*
- *Erica umbellata*
- *Calluna vulgaris*

PASTIZAIS:

- *Agrostis capillaris*
- *Trifolium repens*

Serie colino galaico-portuguesa acidófila do carballo (*Quercus robur*) Rusco aculeati-Quarcetu ruboris sigmetum.

Sería a serie típica da carballeira mesto (“carballos”; *Quercus robur*) que pode incorporar unha certa cantidade de meloxos (*Quercus pyrenaica*), acebos (*Ilex aquifolium*), castaños (*Castanea sativa*), laureis (*Laurus nobis*), e presenza de alcornoques (*Quercus suber*).

No sotomonte da carballeira hai ademais un bo número de herbas nemorais de tipo esciófilas:

- | | |
|--|----------------------------------|
| • <i>Omphalodes nitida</i> | • <i>Hypericum pulchrum</i> |
| • <i>Aquilegia vulgaris ssp. Dichroa</i> | • <i>Holcus mollis</i> |
| • <i>Anemone trifolia ssp. Albida</i> | • <i>Viola riviniana</i> |
| • <i>Luzula sylvática ssp.</i> | • <i>Linaria triornithophora</i> |

Nestas zonas acostúmanse atopar elementos mediterráneos da clase de *Quarcetea ilicis* (*Ruscus aculeatus*, *Daphne gnidium*, *Arbutus unedo*, *Loura peregrina*, *Viburnum tinus*).

O areal desta serie semella que cadra en boa medida co piso colino do sector Galaico-Portugués.

Cando se produce a degradación destes montes a consecuencia é a proliferación de xesteiras oceánicas colinas e mesomediterráneas, que se caracterizan pola súa pobreza en especies de distribución galaico-portuguesa (*Cytisenion striati: Ulici europaei-Cytidium striati*), que se corresponde con un piornal de gran talla rico en fentos, silvas e toxos (*Cytisus striatus ssp. Latabracteatus*, *Rubus sp*, *Pteridium aquilinum*, etc).

As uceiras que aparecen despois do paso do lume de forma continuada, ou das repoboacións de piñeiros das especies máis resineiras, como é o caso de *Pinus pinaster ssp. Atlántica*, aparecen xa asociados a uceiras de características de tipo mediterráneo, con especies do tipo de *Ulex minor*, *Xenista triacanthos*, *Cistos psilopsepalus*.

As comunidades de uceiras máis significativas desta serie son as formadas por:

- *Ulicetum latebracteato-minoris*.
- *Erico umbellateae-Ulicetum minoris*
- *Ulici-Ericacetum cinerae cistetosum psilosepali*.

Débese de indicar que a vocación dos Territorios correspondentes a esta serie de carballeiras é tanto de tipo agrícola, forestal ou gandeira.

Os chans son de natureza silíceas, pero non acostuman ser demasiado ácidos, pola mobilidade dos nutrientes e a acción neutralizadora das follas.

A temperatura media óptima oscila entre os 8 e 12°C e o ombroclima do húmido ó hiperhúmedo.

A etapa de regresión deste tipo de montes sería a seguinte:

MONTE:

- *Quercus robur*
- *Ruscus aculeatus*
- *Pyrus cordata*
- *Physospermum cornubiense*

MATOGUEIRA MESTURADA:

- *Cytisus striatus*
- *Ulex europaeus*
- *Arbutus unedo*
- *Rubus lusitanus*

MATOGUEIRA DEGRADADA:

- *Daboecia cantabrica*
- *Ulex minor*
- *Erica cinerea*
- *Halimium alyssoides*

PASTIZAIS

- *Agrostis capillaris*
- *Avenula sulcata*
- *Anhoxanthum odoratum*

1.2.6.2. Vexetación actual

ASOCIACIÓN VEXETAIS

A tipoloxía fitosociolóxica das asociacións recoñecidas na zona arborada é a seguinte:

- QUERCO - FAGETEA Br. – Bl. & Vlieger in Vlieger 1937
 - *Quercus petraeae-Fagetea sylvaticae*
 - Quercetalia roboris Tüxen, 1931
Quercion robori - pyrenaicae (Br.-Bl, P. Silva & Rozeira 1956)Rivas Martínez 1975
 - Salici Purpureae – Populenea Nigrae Rivas-Martínez & Cantó in Rivas-Martínez 1987
 - Populetalia albae Br. - Bl. ex Tchou, 1948
 - Fraxinetalia excelsioris Rivas Martínez 1987
Alno-Pandion Knap 1942
 - Hyperico androsaemi-Alnenion Amigo, Guitián & F. Prieto 1987 (subalianza)
 - Festuco giganteae-Fraxinetum excelsioris F. Prieto & A. Bon 1994
- CYTISETEA SCOPARÍO-STRIATI Rivas Martínez 1974
 - Cytisetalia scopario-striati Rivas Martínez 1974
 - Ulici europaei – Cytisetum striati Rivas Martínez 1978
- CALLUNO ULICETEA Br. -Bl. & Tüxen 1943
 - Ulicetalia minoris Quantin 1935

- Ulición minoris Malcuit 1929
- Daboecienion cantabricae P. Dupont 1979
- Ulici europaei – Ericetum cinerea Rivas Martínez 1984

1.2.6.3. Montes

Carballeiras interiores (*Vaccinio myrtilli-Quarquetum ruboris*)

Dentro da zona de estudio, constitúe a formación maioritaria nas exposicións de avesío que se estenden polo val entre as zonas de cultivo, ocupando desde os 330 m, onde entran en contacto nas cotas máis baixas coa *Quercus pyrenaica* dando orixe a formacións vexetais nas que aparecen mesturadas as dúas especies de carballos, variando a porcentaxe de cada un en función da orientación, sendo maioritario o *Quercus robur* nas que presentan compoñente Norte e mudando a porcentaxe a favor do *Quercus pyrenaica* naquelas que presentan compoñente Sur.

Aparecen nos pisos colino-montano e montano Desenvólvense sobre chans variados, dende aqueles de escaso grosor e pouco evolucionados, ata aqueles de maior profundidade e maior grao de desenvolvemento, normalmente estes chans foron dedicados ó cultivo agrícola. O substrato, como é unha constante para case toda a zona de estudio, é ácido e constituído por esquistos e granitos, todos eles considerados como substratos ácidos.

Desde o punto de vista da súa morfoloxía, estaría constituído por un estrato arbóreo de diferentes alturas. Cabe indicar que a variable que en maior grao inflúe no desenvolvemento en altura dos carballos, por encima dos factores de carácter edáfico, climático ou xenético da planta é a intervención humana. A maior parte dos individuos de *Quercus robur* da zona así como os *Quercus pyrenaica* que teñan máis de 40 anos de idade sufriron polo menos unha vez na súa vida un proceso de trasmochado ou poda vilalbesa, práctica antiselvícola típica do interior de Galicia que consiste na eliminación da totalidade das pólas da árbore, cortándolle a cabeza a unha altura que podía andar entre os 2 e os 5 metros sobre o nivel do solo.

O dano que se lles ocasionaba ás árbores era clara pois eliminábase a posibilidade de medra en altura e a consecuencia das feridas moitos individuos perecían froito dos fungos ou os insectos que entraban por elas.

Hoxe en día estas prácticas están en desaparición e só se seguen practicando de forma ocasional nalgúns puntos próximos ás vivendas.

Tal e como se reflicte no estudio forestal da zona, obsérvase que nas carballeiras de carácter enxebre, sen mestura con resinosas ou con matogueira, a cobertura é de tipo completo ou excesiva, formado o estrato superior por carballo (*Quercus robur*) ou por rebolo (*Quercus pyrenaica*) non ocorrendo así cando se atopa en mesturas con resinosas do tipo do piñeiro do país, nos que o carballo pasa a ocupar o substrato inferior ó das coníferas.

No referente á vexetación de sotomonte, acostuma estar pouco desenvolvida naquelas zonas en que a cobertura é total, e na que as árbores cobren a totalidade das superficie, aparecendo no especies do tendencia máis rústica como *Rubus* sp ou *Pteridium aquilinum*, *Agrostis capillaris* entre as máis comúns así como a propia rexeneración do carballo indicadoras de masas máis degradadas ou menos evolucionadas.

A composición específica completa das “carballeiras” pode ser a seguinte:

- | | |
|--|------------------------------------|
| • <i>Quercus robur</i> | • <i>Laurus nobilis</i> |
| • <i>Pyrus cordata</i> | • <i>Rubia peregrina</i> |
| • <i>Linaria triornithophora</i> | • <i>Hedera helix</i> |
| • <i>Lonicera periclymenum</i> | • <i>Hyacinthoides non-scripta</i> |
| • <i>Asplenium gr. adiantum-nigrum</i> | • <i>Erica cinerea</i> |
| • <i>Ulex minor ssp. breoganii</i> | • <i>Potentilla erecta</i> |
| • <i>Arenaria montana</i> | • <i>Ilex aquifolium</i> |
| • <i>Castanea sativa</i> | • <i>Rubus gr. Ulmifolius</i> |
| • <i>Ruscus aculeatus</i> | • <i>Prunus spinosa</i> |

- *Pteridium aquilinum*
- *Omphalodes nitida*
- *Frangula alnus*
- *Melampyrum pratense*
- *Lithodora prostrata*
- *Agrostis setacea*
- *Tamus communis*
- *Viola riviniana*
- *Teucrium scorodonia*
- *Ulex europaeus ssp. europaeus*
- *Daboecia cantabrica*

Montes de rebolo (Linario tríornithophorae-Quercetum pyrenaicae)

Esta asociación estaría constituída por masas dominadas polo carballo melollo (tamén chamado rebolo). Estarían situadas en exposicións de solana, sendo moi raro que se internen nos avésios excepto algúns pés illados.

Dentro da zona de estudo non chega a ocupar unha superficie extensa. Aparece sómente formando masas en ladeiras de tendencia Sur. Sitúanse no piso montano, en ombroclima húmido. O substrato constitúeno penas metamórficas de carácter ácido, con esquistos, e granitos. Os chans en xeral presentan fenómenos erosivos, inxeridos polas fortes pendentes e a degradación da cuberta vexetal. Acostuman ser solos máis delgados e de menor contido en bases, chegando a presentar en algunhas zonas afloramentos rochosos.

No segundo caso, a morfoloxía desta asociación responde á dun monte baixo, abondo claro, con distribución irregular do número de pés, con maiores densidades naqueles casos en que as características do substrato (pedregosidade superficial) ou a posición fisiográfica nas ladeiras (pequenas vagadas con maior humidade edáfica) limita a progresión e intensidade do lume e permite un relativo mellor desenvolvemento da vexetación. Xunto co rebolo, e dado o estado de degradación destas masas, aparecen especies típicas de matogueira, como *Cytisus striatus*, *Cytisus multiflorus*, *Genista polygaliphylla*, *Erica arborea*, *Erica aragonense* e rosáceas como *Crataegus monogyna*, *Pyrus cordata* ou *Prunus spinosa*.

A composición florística completa deste tipo de masas é a seguinte:

- *Quercus pyrenaica*
- *Teucrium scorodonia*
- *Pteridium aquilinum*
- *Cytisus multiflorus*
- *Melampyrum pratense*
- *Anthoxanthum odoratum*
- *Erica cinerea*
- *Omphalodes nitida*
- *Melittis melissophyllum*
- *Holcus mollis*
- *Pteridium aquilinum*
- *Frangula alnus*
- *Clinopodium vulgare*
- *Ulex minor ssp. breoganii*
- *Crepis lampsanoides*
- *Quercus robur*
- *Poa nemoralis*
- *Physospermum cornubiense*
- *Hedera helix*
- *Crataegus monogyna*
- *Arenaria montana*
- *Linaria triornithophora*
- *Anthoxanthum amarum*
- *Castanea sativa*
- *Silene nutans*
- *Cytisus scoparius*
- *Dactylis glomerata*
- *Lonicera periclymenum*
- *Stellaria holostea*
- *Viola riviniana*
- *Rubus gr. Ulmifolius*
- *Brachypodium rupestre*
- *Agrostis capillaris*

Montes de ribeira-Alisedas (Valeriano pyrenaicae-Alnetum glutinosae)

Trátase dos montes de ribeira dominados por aliso (*Alnus glutinosa*), que toman unha disposición lineal ó longo das correntes.

Dentro da zona de estudo, ocupa as marxes dos regatos así como as ribeiras do río Miño naquelas zonas situadas por encima das cotas 330 m. que é o máximo nivel ó que chegan as augas do encoro e onde finaliza o rabo do mesmo, pasando a partir de entón ó tramo de río.

O feito de que ocupen chans sobre terrazas fluviais e de relativas boas características e fertilidade, fixo que os cultivos agrícolas e pastos limitasen a súa extensión, ficando en ocasións reducida a unha estreita franxa nos leitos.

É unha asociación indiferente á natureza litolóxica do substrato, e a condición indispensable é que o solo presente unha grande humidade edáfica, chegando ó asolagamento. Os chans desenvólvense normalmente sobre depósitos fluviais e acostuman corresponder a Fuvisois, con marcada hidromorfía.

A estrutura está conformada por un estrato arbóreo onde domina o ameneiro, podendo aparecer acompañado de outras especies arbóreas similares ás da comunidade anterior, tales como freixo, arce ou cerdeira. Tamén de forma análoga en zonas co estrato arbóreo aclarado pode presentarse un estrato arbustivo con especies como abeleira ou salgueiro, e o estrato herbáceo está constituído por rosáceas espiñosas, herbáceas de tendencia higrófila e abundancia de megaforbias.

Os taxóns que poden formar parte desta comunidade son os seguintes.

- *Alnus glutinosa*
- *Senecio bayonensis*
- *Rubus ulmifolius*
- *Ranunculus ficaria*
- *Hedera helix*
- *Narcissus cyclamineus*
- *Salix atrocinerea*
- *Solanum dulcamara*
- *Carex broteriana*
- *Brachypodium sylvaticum*
- *Circaea lutetiana*
- *Blechnum spicant*
- *Osmunda regalis*
- *Fraxinus angustifolia*
- *Dryopteris affinis*
- *Athyrium filix-foemina*
- *Lonicera periclymenum*
- *Betula celtiberica*
- *Sambucus nigra*
- *Fraxinus excelsior*
- *Lycopus europaeus*
- *Primula vulgaris*
- *Crepis lampsanoides*
- *Eupatorium cannabinum*

Repoboacións de *P. pinaster* e *P. Radiata*

Estas repoboacións son levadas a cabo con especies do xénero *Pinus* para a obtención de madeira para serra ou trituración.

Trátase de plantas pirófitas que se rexeneran moi ben despois dun incendio polo que poden estender o seu ámbito fora das repoboacións. Son especies en xeral con características de frugalidade.

As repoboacións de *Pinus radiata* pola súa maior densidade e maior grao de cobertura, deixan pasar menor cantidade de luz ó chan, polo que a biomasa de matogueira é menor.

As especies que aparecen nesta comunidade son as seguintes:

- *Pinus pinaster*
- *Arenaria montana*
- *Calluna vulgaris*
- *Pteridium aquilinum*
- *Digitalis purpúrea*
- *Lotus corniculatus*
- *Ulex europaeus*
- *Daboecia cantabrica*
- *Lithodora prostrata*
- *Cistus psilosepallus*
- *Corynephorus canescens*
- *Ulex minor*
- *Erica cinerea*
- *Pseudarrhenatherum longifolium*
- *Simethis mattiazzi*
- *Sciña monophyllus*
- *Jasione montana*
- *Erica umbellata*
- *Agrostis curtisii*
- *Narcissus triandrus*
- *Potentilla erecta*
- *Asphodelus albus*

Formacións de matogueira

Todas as formacións de matogueira da zona de estudo son debidas a procesos dexenerativos do estado arbóreo, xa que non existe ningún punto en que a matogueira presente características climáticas, se non que a súa presenza é por feitos antrópicos.

Os matogueiras existentes son froito de dúas accións humanas; por un lado os da ladeira da montaña están orixinados por efecto da gandería extensiva que requiría o tratamento con lume para lograr a rexeneración do pasto. Por outro lado os situados nas zonas sobre antigas terras marxinais que se dedicaban ó cultivo de cereais, preferentemente centeo e trigo e que unha vez abandonada esta práctica se dedicaron a ser repoboados con especies de medra rápida, e outros abandonados dando lugar a este grupo de matogueiras.

Como consecuencia das diferentes posicións que ocupan e das súas distintas orixes dan lugar a formacións específicas e distribucións cronolóxicas moi diferentes.

En xeral aqueles que son derivados de zonas de pastoreo e lume dan lugar a matogueiras en que as especies preponderantes son as ericáceas (*Erica*. Sp.) que son denominadas Uceiras ou por mesturas das anteriores con toxos (*Ulex*. Sp.) formando as coñecidas como Toxeiras.

No referente ás matogueiras procedentes de zonas de cultivo, presentan especies dos xéneros *Cytisus* e *Xenista* así como incorporacións doutra especie na maior parte dos casos como é o *Adenocarpus complicatus ssp. lainzii*. Estas matogueiras relaciónanse cas carballeiras descritas anteriormente tanto as de tipo atlántico como as anteriores (RODRIGUEZ-OBINA, J. & ORTIZ, S. 1989).

Por último, aínda que non se poden incluír dentro dos grupos de matogueira descritos anteriormente, inclúranse aqueles que aparecen en primitivas áreas de monte que foron cortadas recentemente e que están a ser ocupadas por especies arbóreas de pequeno porte, acompañadas dun cortexo florístico distinto en función da altura, da súa densidade e do estadio de recuperación da vexetación.

Dentro do grupo das “xesteiras” ou *Xenistas* aparecerían as seguintes especies nas zonas baixas de Portomarín:

- *Cytisus striatus*
- *Potentilla erecta*
- *Rubus ulmifolius*
- *Adenocarpus complicatus*
- *Arenaria montana*
- *Simethis mattiazzii*
- *Pteridium aquilinum*
- *Scilla monophyllos*
- *Teucrium scorodonia*
- *Ulex europeus*
- *Anthoxanthum odoratum*

Se nos situamos por encima dos 500 m de altitude co clima da zona aparece outra composición florística:

- *Cytisus scoparius*
- *Erica arborea*
- *Agrostis capillaris*
- *Vaccinium myrtillus*
- *Stellaria holostea*
- *Ceratocarpus claviculata*
- *Teucrium scorodonia*
- *Viola riviniana*
- *Quercus robur*
- *Quercus pyrenaica*
- *Betula celtiberica*
- *Genista florida ssp polygaliphylla*
- *Pteridium aquilinum*
- *Holcus mollis*
- *Deschampsia flexuosa*
- *Potentilla erecta*
- *Rubus ulmifolius*
- *Rumex acetosella*
- *Anthoxanthum odoratum*

Dentro do grupo dos toxais ou Cistáceas:

- *Ulex europaeus ssp europaeus*
- *Erica cinerea*
- *Agrostis capillaris*
- *Ulex minor ssp breoganii*

- *Halimium alyssoides*
- *Lithodora prostrata*
- *Potentilla erecta*
- *Calluna vulgaris*
- *Daboecia cantabrica*
- *Hypochaeris radicata*
- *Agrostis curtisii*
- *Pseudarrhenatherum longifolium*

Sebes de bordes de camiños

Compóñense por agrupacións vexetais de espiños e silvas (*Rubus ulmifolii* – *Tametum communis*) que se desenvolve no piso colino, e que a súa composición son arbustos de tipo espiñoso no que pode aparecer algunha especie de porte arbóreo. Non acostuman superar os 2 – 3 m de altura.

A composición florística soe ser a seguinte.

- *Rubus Ulmifolius*
- *Prunus spinosa*
- *Tamus communis*
- *Sambucus nigra*
- *Pentaglottis sempervirens*
- *Rosa spp*
- *Lonicera periclymenum*
- *Crataegus monogyna*

Prados e pradairos

Os prados representan unha parte moi importante da cuberta do Territorio. O factor fundamental que determina as características é o grao de humidade edáfico e en menor medida ó tipo de substrato. Os prados son un tipo de comunidade con unha grande complexidade fitosociolóxica por efecto da acción do home. Nos prados pódese distinguir entre dous tipos: Sega e dente

Sega

Son aqueles prados que son segados varias veces ó ano.

As especies que poden aparecer de forma máis común son as seguintes:

- *Lolium multiflorum*
- *Trifolium repens*
- *Trifolium pratense*
- *Carum verticillatum*
- *Rumex planellae*
- *Prunella vulgaris*
- *Juncus effusus*
- *Dactylis glomerata*
- *Holcus lanatus*
- *Plantago lanceolata*
- *Anthoxanthum odoratum*
- *Juncus acutiflorus*

Dente

Incluiríanse dentro deste grupo os pastizais que son pastados sempre polo gando.

A composición florística é a seguinte.

- *Briza media*
- *Festuca rubra*
- *Merendera montana*
- *Plantago lanceolata*
- *Trifolium pratense*
- *Ranunculus bulbosus*
- *Galium verum*
- *Cynosurus cristatus*
- *Bellis perennis*
- *Juncus squarrosus*
- *Nardus stricta*
- *Galium saxatile*
- *Agrostis capillaris*
- *Potentilla erecta*
- *Campanula herminii*
- *Carex binervis*
- *Carex echinata*
- *Carex ovalis*

1.2.6.4. Catálogo florístico

Pteridofitos:

- Aspidiaceae: *Dryopteris filix-mas*, *Dryopteris dilatata*, *Dryopteris oreades*, *Dryopteris borrieri*, *Asplenium onopteris*
- Woodsiaceae: *Athyrium filix femina*
- Blechnaceae: *Blechnum spicant*
- Hypolepidaceae: *Pteridium aquilinum*
- Polypodiaceae: *Polypodium sp.*

Angiospermas

Dicotiledóneas:

- Cariofilaceae: *Stellaria holostea*
- Euphorbiaceae: *Euphorbia dulcis*, *Euphorbia hyberna*, *Mercurialis perennis*
- Compositae: *Crepis lampsanoides*
- Boraginaceae: *Omphalodes nitida* *Lithodora prostrata*
- Fagaceae: *Quercus pyrenaica* *Quercus andegavense* (*Quercus robur* *pyrenaica*)
- Betulaceae: *Betula celtiberica*
- Coryleaceae: *Corylus avelá*
- Caprifoliaceae: *Lonicera periclymenum*
- Cruciferae: *Nasturtium officinale*
- Ericaceae: *Erica arborea*
- Aceraceae: *Acer pseudoplatanus*
- Scrophulariaceae: *Digitalis purpurea* *Melampyrum pratense*
- Aquifoliaceae: *Ilex aquifolium*
- Geraniaceae: *Geranium robertianum*
- Araliaceae: *Hedera helix*
- Labiatae: *Teucrium scorodonia*, *Melitte melisophyllum*, *Lamium purpureum*
- Oxalidaceae: *Oxalis acetosella*
- Primulaceae: *Pimula vulgaris*
- Ranunculaceae: *Ranunculus tuberosus*, *Helleborus foetidus*
- Rosaceae: *Rubus sp*, *Sorbus aucuparia*, *Prunus avium* :*Fragaria vesca*, *Crataegus monogyna*
- Rubiaceae: *Galium odoratum*
- Salicaceae: *Salix atrocinerea*
- Saxifragaceae: *Saxifraga spathularis*, *Chrysosplenium oppositifolium*
- Umbelíferas: *Physospermum cornubiense*
- Valerianaceae: *Valeriana pyrenaica*
- Violaceas: *Viola riviniana*

Monocotiledóneas

- Amaryllidaceae: *Narcissus pseudacorus*, *Narcissus pseudonarcissus*
- Gramíneas: *Avenula sulcata*, *Brachypodium sylvaticum*, *Holcus mollis*, *Deschampsia flexuosa* *Pseudarrhenaterum longifolium*, *Anthoxanthum odoratum*
- Juncaceae: *Luzula sylvatica ssp. henriquesii*
- Liliaceae: *Allium ursinum*, *Polygonatum verticillatum*, *Polygonatum odoratum*, *Erythronium dens-canis*

1.2.7. Fauna

A riqueza faunística cobra interese na actualidade debido á gran presión á que está sometida, á diminución dos seus efectivos e á gran regresión dos biotopos axeitados para o seu mantemento fronte á gran expansión das áreas alteradas. A conservación, coas súas

connotacións sociais, económicas e culturais, é o nexa máis directo entre os estudos faunísticos e os estudos do medio físico.

Actualmente, o enfoque práctico do estudio da fauna, camiña cara unha integración desta dentro dos demais elementos do medio co fin de conseguir datos manexables e de fácil comprensión, que poidan estruturarse de tal maneira que o produto definitivo resolva os conflitos entre características ambientais e actuacións humanas con suficiente flexibilidade para adaptarse ós cambios.

1.2.7.1. Catálogo faunístico

Realízase un estudio da fauna do concello tendo en conta o seguinte:

- Buscar a presenza de especies protexidas ou en perigo de extinción que puidesen existir na zona, pois a súa presenza implicaría enfocar o planeamento para a súa protección.
- Considerar as especies de tipo cinexético así como as de pesca fluvial pola importancia das actividades de pesca e caza dado que ademais de ser un aliciente para a poboación da zona, pode ser unha posible fonte de ingresos nun futuro así como foco de atracción para outro tipo de actividades económicas. Cabe resaltar que estas especies poden causar conflitos puntais, como sucede co corzo ou os xabarís, con outros sectores de grande importancia na zona como é a gandería e o sector forestal, polos danos que este tipo de animais poden provocar nos seus cultivos.

Especies en perigo de extinción

Non se atopou ningunha especie en perigo de extinción na zona, nin se atopou ningún tipo de bibliografía que nos indique que existan exemplares na zona próxima, de especies en vías de extinción. Non se descarta a posibilidade de que apareza algún exemplar dunha desas especies de ser identificado débense tomar as medidas oportunas para a súa protección con brevidade.

Coutos de Caza e Pesca

Antes de coñecer as especies cinexéticas e as que se podan cazar, é preciso o saber en que zonas e por que persoas poden ser capturadas esas especies, así estudaremos os TECORES e os coutos pesca do Concello.


Caza:

Neste concello existen catro TECORES:

Tecor	Matricula	Titular	Concello
A Devesa	LU-10157	Asociación de Cazadores A Devesa	Portomarín e Taboada
A Perdigueira	LU-10071	Sociedade de Cazadores A Perdigueira	Portomarín
San Nicolás	LU-10101	Sociedade de Cazadores de Portomarín	Portomarín
Río Miño	LU-10235	Club de Cazadores Río Miño	Portomarín

Fonte: Consellería de Medio Rural, 2011

Fig. 7: Distribución dos Tecores do Concello de Portomarín



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Medio rural

Pesca:

Segundo os datos que figuran na consellería, non existen coutos de pesca no concello de Portomarín, podendo practicarse a pesca durante todo o ano nas augas encoradas do río Miño.

(Fonte: Consellería de Medio Rural, 2010).

Aves

Dentro das especies de aves diferenciarase entre aquelas especies que se atopan protexidas e as especies cinxéticas, para iso sinalarase con unha P aquelas que teñen un carácter especie protexida e con unha C as de tipo cinxético. Resaltar que se fará un pouco mais de fincapé nas especies protexidas.

- Garza real (*Ardea cinerea*)P

Hábitat: criando instálase preto de masas de auga.

Alimentación: peixes, pero tamén come réptiles, mamíferos, insectos, etc. Algunhas veces interpón materias vexetais.

Reprodución: en árbores e en ocasións en vexetación palustre, niño grande con plataforma de pólas entrelazadas.

- Cegoña branco (*Ciconia ciconia*)P

Hábitat: terreos abertos e máis ou menos húmidos, marismas, prados húmidos, bordes de lagoas, canais, remansos de ríos, campos, regadíos, etc.

Alimentación: dieta variada, composta principalmente de insectos, ratos, animais acuáticos, réptiles, polos de aves, crustáceos, peixes, etc. ,etc. Devolve “bólas” cos restos non dixeridos dos seus encoros, gropiteos.

Reprodución: pode criar en colonias mistas, niño de pólas, voluminoso, ocupado e amañado ano tras ano, en árbores, edificios, palleiras, postes, torres metálicas de conducción eléctrica, penas, etc.

Cerceta común (*Anas crecca*)C

- Avefría (*Vanellus vanellus*)P

Hábitat: vive nos pantanos, prados baldíos e campos de labranza.

Alimentación: formado por insectos, moluscos, vermes, rabuñas crustáceos e algún vexetal.

Reprodución: pon catro ovos Ó ano que son incubados pola parella durante un período de 23-25 días.

- Arcea (*Scolapax rusticola*)C.
- Ánade real (*Anas platyrhynchos*)C
- Azor (*Accipiter gentilis*)P

Hábitat: ave de encoro típico de montes, principalmente coníferas, pero tamén frondosas, aínda que con frecuencia busca zonas próximas ás marxes do arborado ou ben claros.

Alimentación: o encoro acostuma ser un animal típico de monte (mamíferos e aves case sempre), aínda que tamén captura nas lindes, lebres, coellos, perdices, etc. ,así como réptiles (sobre todo lagartos).

Reprodución: niño en árbores; de pólas, aproveitando niños vellos de córvidos ou de rapaz.

- Gavián (*Accipiter nisus*)P

Hábitat: montes case sempre mistos de coníferas e frondosas, soutos, con plantas arbustivas grandes e con terreos abertos próximos.

Alimentación: as súas presas case sempre son paxaros pequenos, tamén come algúns mamíferos pequenos, insectos, etc.

Reprodución: en árbores; niño de pólas, case sempre preto do tronco.

- Ratoeiro común (*Buteo buteo*)P

Hábitat: moi variado, adáptase a zonas arboradas diversas, aínda que prefire áreas con árbores ou montes diseminados, campos cultivados; tamén en montes grandes, chairas ou costas rochosas preto de zonas arboradas.

Alimentación: caza á espera colocado nun pousadeiro, lanzándose sobre a súa presa –case sempre en terra- consistindo en toda clase de animais terrestres de tamaño axeitado (ate o dun coello).

Reprodución: constrúe o niño en árbores principalmente, e tamén en rochedos e chans abruptos protexidos por vexetación. Niño de pólas con herbas, mofos, etc.

- Paspallás (*Coturnix coturnix*)C
- Perdiz vermella (*Alectoris rufa*)C
- Pola de auga (*Gallinula chloropus*)C
- Focha común (*Fulica atra*)C
- Rola común (*Streptopelia turtur*)C
- Pomba torcaz (*Columba palumbus*)C
- Pomba bravía (*Columba livia*)C
- Rola turca (*Streptopelia decócto*)C
- Cuco (*Cuculus canorus*)P

Hábitat: en soutos, lindes de montes, campos con arborado espaxado, mesmo hortas de froiteiras, campos cultivados con matogueira; tamén carrizais e arboredos.

Alimentación: preferentemente insectos (sobre todo eirugas), moluscos e vermes.

Reprodución: a súa reprodución é parasita, depositando un ovo no niño de outros paxaros, sen construír niño nin incubar os ovos

- Coruxa (*Tyto alba*)P

Hábitat: moi adaptada a vivir nas construcións humanas, igrexas, ruínas, celeiros, edificios vellos, arboredos, parques con árbores ocas.

Alimentación: a súa dieta está constituída por roedores, xunto con outros mamíferos pequenos e tamén aves, anfibios, réptiles, insectos, peixes, etc. ,aínda que a súa alimentación varia coas localidades e as estacións. Devolve as porcións non dixeridas en “bolas”.

Reprodución: nos lugares que se citan dentro do seu hábitat.

- Moucho común (*Athene noctua*)P

Hábitat: soutos pouco mestos, preto de terreos despexados e en edificios, campos cultivados, etc.

Alimentación: actividade crepuscular, onde se alimenta de insectos, pequenos mamíferos e algúns outros vertebrados.

Reprodución: en buracos de árbores, de edificios, de rochedos, mesmo en covas no solo, en niño sen tapizado.

- Cárabo (*Strix aluco*)P

Hábitat: ave forestal, frecuentando montes, parques e amplos xardíns, con grandes árbores.

Alimentación: cando escurece dedicase a cazar en vós silenciosos, con aletazos regulares,e, xeralmente a pouca altura, onde captura as súas presas, consistentes en insectos, aves, mamíferos pequenos, etc.

Reprodución: nidifica en ocos tanto naturais como artificiais, case sempre buracos de árbores; tamén en riscos, en ocos en terra e en niños vellos de aves e esquíos.

- Vencello común (*Apus apus*)P

Hábitat: en poboacións e acantilados rochosos, para nidificar ou descansar, pero o resto do tempo no aire, mesmo pasando a noite a grande altura.

Alimentación: aliméntase de insectos, capturados sempre en voo sobre as poboacións, campiñas, praderías, masas de auga. Beben auga tomándoa directamente da superficie en voo rasante.

Reprodución: en ocos de tellados, de árbores, buracos de edificios, etc. ,tamén en niños de outras aves.

- Chifro real (*Picus viridis*)P

Hábitat: chans de árbores non moi mestos (e sobre todo fluviaais). arborados, parques, montes, mesmo xardíns grandes e cando vagabundea tamén en zonas desarboradas.

Alimentación: coa lingua, moi longa, captura as presas; estas consisten en insectos, que algunhas veces complementa con sementes e froitos. Moitas veces come no chan.

Reprodución: en buracos de árbores, escavados pola ave. As veces en taludes arxilosos.

- Pico picapinos (*Dendrocopos major*)P

Hábitat: en montes variados, tanto en frondosas como coníferas, sobre todo en zonas de montaña.

Alimentación: sube polos troncos, apoiado no rabo e suxeito coas patas cara riba, rebuscando incansablemente insectos nas gretas das cortizas ou debaixo dela, capturándoos coa lingua; tamén come piñóns, e outros froitos secos como abelás, que rompe co bico, suxeitándoos en gretas, asemade, consume froitos silvestres.

Reprodución: en buraco perforado na árbore, cavidade alongada con entrada circular estreita; sen tapizar.

- Andoriña común (*Hirundo rustica*)P

Hábitat: moi ligada ós cuartos humanos, onde nidifica, unhas veces en cidades, outras en aldeas, pero sobre todo en casaríos e construcións non moi mestas.

Alimentación: aliméntase preferentemente no voo, percorrendo incansable ós redores do seu niño ou as campiñas e lagoas próximas, capturando especialmente insectos de pequeno tamaño e a non moita altura do chan.

Reprodución: en construcións humanas, en raras ocasións en pontes ou covas, ás veces colocando o niño en puntos inverosímiles.

- Lavandeira cascadeña (*Motadiña cinerea*)P

Hábitat: durante a época de cría vive nas proximidades dos regatos e outras masas de auga de montaña, sobre todo de augas rápidas.

Alimentación: principalmente de insectos, que completa algunhas veces con caracoliños e crustáceos e mesmo con peixiños minúsculos.

Reprodución: en gretas e buracos de cortadiños e ricos próximos á auga; tamén na base de plantas ribeiregas

- Lavandeira branca (*Motadiña alba*)P

Hábitat: moi variado, desde beiras de ríos ata edificios campestres e de poboacións. Fora da época de incubación en campos cultivados, camiños, pedregais baixos, praderías, parques, etc.

Alimentación: principalmente de animalíños: insectos, vermes, moluscos; algunhas veces consume sementes e froitos.

Reprodución: en puntos moi variados, xeralmente en ocos, tanto edificios como tapias, árbores, cepellóns, etc. Niño en copa de palliñas, follas secas e raiciñas.

- Chochín (*Troglodytes troglodytes*)P

Hábitat: como nidificante, en espesuras moi variadas; sebes, matogueiras, xardíns, montes con sotomonte mesto; tamén en edificios, rochedos, buracos de árbores, etc. Fora da época de cría algo máis visible, pero sempre preferindo vexetación enmarañada.

Alimentación: aliméntase sobre todo de insectos, aínda que tamén captura outros artrópodos e consume algunhas sementes e froitos.

Reprodución: na vexetación, en buracos de árbores, edificios, palleiras, rochedos, etc. ,en sitios moi variados. Niño, en forma de copa abondo pechada, de follas, mofos, etc. ,acolchado con plumas

- Petirroxo (*Erithacus rubecula*)P

Hábitat: soutos con maleza, montes con sotomonte non moi espesos, montes baixos de frondosas, malezas ó borde de camiños, sebes, xardíns, etc. Tamén en parques; en outono - inverno moi repartido.

Alimentación: a base de insectos, pero tamén vermiños, caracoliños e froitos silvestres.

Reprodución: xeralmente en soutos e montes, en oquedais ou gretas, xeralmente árbores, cortados con maleza, entre as pólas de matogueiras espesas.

- Merlo común (*Turdus merula*)C
- Zorzal común (*Turdus philomelos*)C
- Zorzal real (*Turdus pilaris*) (Escaso na zona)C
- Carricerín común (*Acrocephalus schoenobaenus*)P

Hábitat: case sempre en vexetación palustre ou próxima á auga, moitas veces matogueiras con plantas menores, máis acuáticas.

Alimentación: en maior grao de insectos, pero tamén rabuñas, vermiños e mesmo algúns froitos.

Reprodución: en matogueiras e herbas altas. Niño en chan ou preto del, na base dunha planta. En forma de copa moi pouco acabada, con material vexetal máis fino no interior.

- Carriceiro común (*Acrocephalus scirpaceus*)P

Hábitat: áreas húmidas con vexetación baixa (carrizais, principalmente), aínda que ás veces se atopa en áreas cultivadas, máis afastadas da auga.

Alimentación: insectos, moluscos, rabuñas, etc. ,así como de algúns froitos en outono.

Reprodución: se abunda pode chegar a ser colonial, na vexetación palustre ou de outro tipo, co niño case sempre suxeito a varias cañas.

- Carboneiro común (*Parus major*)P

Hábitat: parques, xardíns, montes mixtos, de frondosas, coníferas, etc. ,podendo atoparse nunha maior variedade de lugares; oliveiras, hortas, zonas arbustivas. En inverno esténdese máis, mesmo por áreas pouco poboadas.

Alimentación: captura sobre todo insectos, dos máis variados tipos; tamén consume outros animalíños así como algunhas sementes e froitos, especialmente en outono.

Reprodución: normalmente nun buraco de árbore ou muro, ás veces en niños vellos de outras aves, e mesmo en terra; tamén en niños artificiais. Niño en copa, de follas, raiciñas, mofos, pelos, la e teas de araña, todo iso tapizado con la, pelo e peluxes finas.

- Arrendajo común (*Garrulus grandarius*)C
- Pega (*Pica bica*)C
- Corvo (*Corvus corax*)C
- Estornino negro (*Sturnus unicolor*) C
- Estornino pinto (*Sturnus vulgaris*)C
- Gorrión común (*Passer domesticus*)C
- Verdiño (*Serinus serinus*)P

Hábitat: parques, xardíns, hortos de froiteiras, arborados xunto a estradas; viñedos, montes pouco mestos, en xeral en todas as zonas con arborado e campos abertos próximos. En inverno repartido por arborado e zonas de cultivo.

Alimentación: ave moi activa que come o mesmo no chan que nas árbores, rebuscando principalmente sementes de plantas herbáceas e de algunhas árbores.

Reprodución: cría en árbores arbustos, mesmo preto do chan, case sempre co niño colocado na forquiña. Niño en copa compacta, de palliñas, raíces, mofos, liques, tapizado con plumas, peluxe, pelos.

- Verdiño montañés (*Serinus citrinella*)P

Hábitat: zonas montañosas con montes (piñeirais xeralmente), onde frequenta os bordes e claros con pradería. Durante o inverno, en terreos máis baixos, en campos e vales.

Alimentación: Pódese ver en pequenos bandos que en inverno vagabundean, ás veces con outros frinxídeos, á busca de sementes, tanto de herbas como de árbores.

Reprodución: en árbores xeralmente, a boa altura. Niño de herbas secas, raíces, liques, etc. ,fornado con peluxe, plumas e raiciñas

- Pintasílgo (*Carduelis carduelis*)P

Hábitat: en época de cría, en soutos, xardíns, campos con arborado, hortas de froiteiras. En outono –inverno, en campos cultivados, bordes de estradas, etc.

Alimentación: come normalmente en herbas e matas baixas, preto do chan; frequenta moito os cardos, nos que se pousa moi a miúdo. A alimentación é a base de sementes, xunto con algúns insectos.

Reprodución: en árbores case sempre, algunhas veces en arbustos altos, escollendo a maior parte das veces o extremo dunha póla sen demasiadas follas. Niño en copa ben acabada.

Mamíferos

Dentro deste grupo consideraremos en primeiro lugar aquelas especies que presentan interese cinexético.

Mamíferos cinexéticos

- Lebre (*Lepus capense*).

Hábitat: Vive en zonas cultivadas, praderías permanentes, cultivo de cereais preto dos pastos, montes abertos, zonas asolagadas ou preto das montañas.

Alimentación: Gramíneas, outras herbas, raíces, froitos, arbustos, produtos da horta.

Reprodución: aparéase entre xaneiro e xullo, con 6 semanas de xestación o parto prodúcese dúas veces ó ano en Marzo e Outubro en que nacen de 1 a 6 lebrachos.

- Coello (*Oryctolagus cuniculos*)

Hábitat: é capaz de vivir en grande variedade de Hábitats, preferindo os lugares con un chan de tipo chan e areosa para poder escarvar as súas galerías. Ten tendencia ás matogueiras secas e ben drenadas, preferentemente de toxo, pero pódese atopar nos límites dos montes. Non aparece por encima dos 1000 m. de altitude e evita as repoboacións de piñeiros.

Alimentación: herbas e brotes tenros de matas e arbustos. Cando este tipo de alimentación escasea consume as raíces ou os produtos de sementa.

Reprodución: durante todo un ano de 1 a 15 crías por camada. Unha femia pode ter de 5 a 7 camadas.

- Corzo (*Capeolus capeolus*)

Hábitat: é de ámbito forestal e ocupa tanto montes de frondosas (carballeiras, bidueirais), como os perennes (piñeirais, enciñeirais). A súa actividade acostuma ser crepuscular. O seu número aumentou moito na zona, preferentemente a consecuencia do abandono da actividade agrícola, así como o descenso da poboación rural.

Alimentación: de xemas, de pólas, herbas e froitos.

Reprodución: partos entre maio e xuño con un normal de 1 ou 2 crías.

- Raposo (*Vulpes vulpes*)

Hábitat: abunda na zona, sobre todo en zonas boscosas e cubertas, frecuentan polas noites as aldeas en busca de presas.

Alimentación: aves, pequenos roedores, crías de corzos e ovelas, e incluso froitos como as cereixas.

Reprodución: crían un número variable de cachorros en covas subterráneas, que son utilizadas varios anos.

- Lobo (*Cannis lupus*)

Hábitat: vive en zonas montañosas de difícil acceso, é de costumes crepusculares e nocturnos e desprázase grandes distancias para alimentarse.

Alimentación: os seus costumes alimenticios son variados, prefire a caza maior, realizando o ataque en manadas, se existe suficiente número de exemplares xuntos. Un individuo solitario aliméntase de animais enfermos e debilitados.

Reprodución: faino en covas, a finais da primavera e principios do verán, as femias poden mudar de covas ós cachorros.

- Xabarín (*Sus escrofa*)

Hábitat: é a especie de caza maior máis estendida pola zona, sendo considerado como unha praga para os cultivos agrícolas. Vive en montes de frondosas e matogueiras mestos próximos a praderías.

Alimentación: é omnívoro, raíces, bulbos, landras, castañas, insectos roedores, postas de aves (como a perdiz), etc.

Reprodución: A cría colócaa nunha especie de choza feita con matogueira os primeiros meses e entón acompañaa polo monte.

Mamíferos non cinexéticos

- Gineta (*Genetta genetta*):

Presenza na zona, aínda que o número de exemplares pode ser reducido. Teñen preferencia polas zonas boscosas.

- Porco teixo (*Meles meles*):

O seu hábitat é moi variado, vive en montes e proximidades de cultivos, o seu número pode ser abundante na zona.

- Lontra (*Lutra lutra*):

Incluída como especie vulnerable na directiva europea. Só fican exemplares nos ríos con pouca contaminación, aínda que nesta zona non é común a súa presenza.

- Furón (*Putorius putorius*):

É posible que sexa o mustélido que teña un maior número de exemplares na zona, xa que os seus Hábitats son moi diversos.

- Marta (*Martes martes*):

É unha especie forestal de árbores caducifolios, raramente os abandona a moita distancia.

- Garduña (*Master foina*):

Acostuma vivir en ocos de penas e árbores en zonas próximas a asentamentos humanos.

- Armiño (*Mustela vivalis*):

Ó igual que o oso, e a londra é unha especie protexida, o seu Hábitat é moi amplo en toda Galicia, pero o seu número é moi reducido.

- Doniña (*Mustela vivalis*):

O seu hábitat é moi variado e estendido.

- Visón (*Mustela lutereda*):

Este animal exótico escapouse de granxas de cría industrial e estase a estender por toda Galicia.

Reptís e Anfíbios

A continuación aparece unha lista de especies destes dous grupos.

- Píntega (*Salamandra salamandra*)
- Salamandriña rabilarga (*Cuioglossa lusitanica*)
- Tritón común (*Triturus buscarí*)
- Tritón palmeado (*Trituru helveticus*)
- Tritón xaspeado (*Triturus marmeratus*)
- Sapiño pintojo ibérico (*Riscoglossus galganoi*)
- Sapo parteira (*Alytes obstreticans*)
- Sapo de espuelas (*Pelobater cultripes*)
- Sapiño moteado (*Pelodytes puntatur*)
- Sapo común (*Bufo bufo*)
- Sapo corredor (*Bufo calaniña*)
- Rá verde (*Rá perezí*)
- Rá patilarga (*Rá iberica*)
- Rá vermella (*Rá temporaria*)
- Lagarto arnal (*Lacerta lepida*)
- Lagarto verdinegro (*Lacerta schreiberi*)
- Lagarta de tubeira (*Lacerta vivipare*)
- Lagarta de bocage (*Podarcis bocagei*)
- Lagarta ibérica (*Podarcis hispanica*)
- Lagarta peneira (*Podarcis muralis*)

- Lagarta colilarga (*Psammodromus algirus*)
- Lagarta cenicienta (*Psammodromus hispanicus*)
- Eslizón tridactilo (*Chalcides chalcides*)
- Eslizón ibérico (*Chalcides bedriagai*)
- Salamancaesa (*Tabentola mauritanica*)
- Cobriña cega (*Blanus cinereus*)
- Cobra bastarda (*Malporon monspesulanus*)
- Cobra lisa europea (*Coroe-a austriaca*)
- Cobra bordelesa (*Coroe-a girondica*)
- Cobra de escada (*Elaphe scalaris*)
- Cobra de collar (*Natrix natrix*)
- Cobra viperina (*Natrix naura*)
- Víbora de Seoane (*Vipeira seoanei*)
- Víbora locicuda (*Vipeira latertei*)

1.2.8. Patrimonio natural

No concello de Portomarín localízanse tres humedais incluídos no inventario dos “Humedais de Galicia” (IHG), que aínda que non contan con figura de protección específica, sempre constitúen áreas de interese natural:

Táboa VIII. Humedais Portomarín

Código IHG	Nome	Superficie (ha)	UTM X fuso 29T (m)	UTM X fuso 29T (m)
1120132	Narón	0,73	603838	4741848
1120133	Grumélez	0,37	602843	4738321
1120106	Encoro de Belesar	1720,87	610137	4734562

Fonte: Elaboración propia a partir de datos obtidos do Inventario de Humedais de Galicia (IHG) da Xunta de Galicia.

O Encoro de Belesar tamén esta catalogado como zona sensible segundo a directiva 91/271/CEE, isto implica a adopción de normas sobre os efluentes das instalacións de depuración, principalmente sobre o nitróxeno e fósforo.

En canto a vexetación, o Inventario Nacional de Hábitat (Anexo I da Directiva 92/42/CEE), recolle para este concello os seguintes:

Táboa IX. Inventario Nacional de Hábitat no concello de Portomarín

Código do anexo I	Descrición	Prioridade segundo o anexo I
3270	Ríos de beiras fangosas con vexetación de <i>Chanopodium rubri p.p</i> e de <i>Bidention p.p</i>	
4030	Brazais secos europeos	
91E0	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i>)	*
-	Xuncais oligótrofos	
4030	Brazais secos europeos	
9230	Robledales galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus Pyrenaica</i>	

Fonte: Elaboración propia a partir de datos obtidos do Inventario Nacional de Hábitat obtido do MARM.

No tocante a fauna como especies vulnerables segundo o Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas, destacan dentro dos mamíferos o morcego de ferradura grande (*Rhinolophus ferrumequinum*) e nas aves o miñado real (*Milvus milvus*) e a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*).

1.2.9. Paisaxe

A análise paisaxística, interesa aquí como a expresión espacial e visual do medio. É un concepto integrador que serve para resumir, dende o punto de vista de percepción estética, un conxunto de valores ligados ós aspectos físicos do medio abiótico, aspectos físicos do medio biolóxico e á pegada humana.

A paisaxe estúdase non só baixo una perspectiva ecolóxica, valorando unicamente a expresión visual dunha serie de relacións subxacentes, senón tamén coma a combinación de determinados elementos do medio (o relevo, as texturas, as formas, etc).

O territorio de Portomarín corresponde á unidade de paisaxe agrario denominada por Abel Bouhier (1979) “los territorios en agras”, aínda que tamén conta con unha pequena proporción de “Viñedos de socalcos e pequenos socalcos”. En concreto pertence ó dominio dos territorios en grandes agras no sector central. A pesar de existir heteroxeneidade danse uns certos trazos uniformes: os territorios de grandes agras aparecen ligados a pendentes suaves e amplas, pero suficientemente pronunciadas (vertentes, fondos de val,...). As aldeas son de estrutura compacta e sitúanse nas zonas de cultivo ou próximas a estas. Ademais é importante sinalar o río Miño e a súa importancia como elemento configurador e modelador no paisaxe natural do extremo oriental do concello.

Polo tanto, á hora de definir as diferentes unidades paisaxísticas do concello empregaremos os seguintes factores:

- Físicos: formas do terreo, rochas, cursos e lamias de auga.
- Bióticos: vexetación, tanto espontánea coma cultivada e fauna cando sexa apreciable visualmente
- Actuacións humanas

Entre as unidades paisaxísticas que nos atopamos no concello de Portomarín estarían as seguintes:

- *Chairas do Noroeste:* A paisaxe está conformada por unha vexetación composta por repoboacións de piñeiro e matogueiras en ladeiras de pendentes moderadas, mesturadas cun mosaico agrario máis ou menos regular.
- *Ribeiras do Miño:* O Miño por Portomarín discorre por un val claramente fluvial, aínda que con acusados contrastes froito tanto dos procesos de antecedencia como da diferenciación litolóxica ou estrutural. Os restos do antigo núcleo de Portomarín, visibles cando baixa a lámina de auga do embalse, son un referente no camiño de Santiago. A medida que a avanzamos cara o sur, seguindo o curso do río, a paisaxe presenta un trazo máis característico presidido por numerosas plantacións de castiñeiros, acompañados por outras frondosas autóctonas, para un aproveitamento mixto madeira – froito.
- *Cunca alta do rego de Ferreira de Zamolle:* A paisaxe caracterízase polo relevo, con pendentes elevadas, numerosos afloramentos rochosos e o curso do regato moi sinuoso e encaixado entre ladeiras. Ten unha alta incidencia visual, e tamén paisaxística. Remata por fusionarse paulatinamente co sur da ribeira do Miño
- *Zona urbana:* Esta zona está caracterizada pola existencia dun núcleo urbano onde se concentra unha boa parte da poboación. Esta é unha unidade singular debido fundamentalmente ó seu interese histórico - artístico e tamén paisaxístico, tanto pola calidade como pola antigüidade das edificacións existentes, así como polas características do entorno.

Fig. 8: vista dende o embalse do núcleo urbano actual de Portomarín e ruínas do vello



Fonte: Elaboración propia

A suma de todas estas características fai da paisaxe do concello unha das máis singulares de toda Galicia, sendo un dos factores máis considerados polos turistas da zona, e constituíndo realmente un dos grandes atractivos para a chegada de novos visitantes.

Fig. 9: vista da Parroquia de Gonzar



Fonte: Elaboración propia

No documento ISA, fíxose unha análise da paisaxe con maior profundidade.

2. Potencialidade do concello

2.1. Poboación e actividades de produción, consumo e relación social

A poboación é o elemento activo e destinatario da Ordenación do Territorio que persegue o Plan Xeral de Ordenación Municipal, tendo como principal obxectivo a mellora da calidade de vida. Dentro deste apartado estudarase a poboación como recurso e suxeito territorial.

Como recurso, a poboación constitúe a forza de traballo encargada de realizar as actividades de formación. Como suxeito territorial a poboación demanda bens e servizos, en termos cuantitativos e de calidade, en función das expectativas do nivel de vida. A poboación é tamén suxeito de relacións sociais, que determinan a estrutura social que sustenta ao grupo.

2.1.1. Estruturas e dinámicas sociais

Os 1.763 habitantes do concello recollidos nos datos oficiais de poboación do Padrón municipal do ano 2010, distribúense en 19 parroquias e 101 entidades singulares de poboación. A densidade é moi inferior a da provincia e cunha evolución cara o despoboamento notable, como se pode apreciar no gráfico adxunto, con valores de 15,32 hab/km², fronte os 35,87 hab/km² da provincia e os 88,42 hab/km² da comarca.

Táboa X. Poboación da comarca de Lugo e do concello de Portomarín

	Comarca de Lugo	Concello de Portomarín	Relación concello/comarca
Poboación	120.328 hab.	1.763 hab.	1,46%
Superficie	1360,89 km ²	115,10 km ²	8,46%


Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Censo de Poboación de 2010

Táboa XI. Poboación da provincia de Lugo e do concello de Portomarín

	Provincia de Lugo	Concello de Portomarín	Relación concello/Provincia
Poboación	353.504 hab.	1.796 hab.	0,51%
Superficie	9856 km ²	115,10 km ²	1,17%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Censo de Poboación de 2010


Fig. 10: Evolución da poboación nos últimos 13 anos



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Censo de Poboación e do Nomenclátor

No concello de Portomarín pódese apreciar un forte descenso da poboación dende o ano 1960 ata 2013. As causas deste paulatino despoboamento do Concello débense fundamentalmente os fluxos migratorios cara a cidade de Lugo, capitalidade máis próxima ao municipio, basicamente por motivos laborais. Dada a distancia entre o núcleo de Portomarín e a capital da provincia, que tan só é de 26 km, esta última ofrece unha diversidade de oportunidades tanto no mercado laboral como en servizos, que o municipio non pode ofrecer.

Fig. 11: Evolución da poboación(1900-2013)



Fonte:elaboración propia a partir dos datos do IGE

Dende o 1975 ata o 2013 o número de defuncións supera ao de nacementos. Este saldo negativo de crecemento vexetativo débese en parte ao descenso da fecundidade, a unha estrutura demográfica avellentada e a unha emigración elevada da poboación máis nova.

2.1.2. Densidade de poboación

A continuación móstranse as densidades de poboación dende o ano 1998 ata o 2009.

	Táboa XII. Densidade de poboación (hab./km ²)											
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
Portomarín	18,6	18,5	18,2	17,9	17,7	17,3	17,2	16,7	16,6	16,5	16,0	15,6
Provincia Lugo	37,3	37,2	37,1	36,9	36,7	36,6	36,4	36,3	36,2	36	36,1	36,0
Galicia	92,1	92,3	92,4	92,4	92,6	93	93	93,4	93,6	93,7	94,1	94,5

Fonte:elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.

Compre destacar que a densidade de poboación do concello no rango de anos considerado é moi inferior á densidade tanto provincial como autonómica. Tanto no concello como na provincia descende paulatinamente, ao contrario do que sucede no conxunto de Galicia.

2.1.3. Dinámica demográfica

2.1.3.1. Movemento natural da poboación

No concello de Portomarín, ao igual que acontece na provincia, diminúen os nacementos. A mortalidade tamén diminúe, o que conleva un envellecemento importante da poboación.


Doutra banda, se comparamos o número de nacementos co de defuncións durante o período de estudo, podemos ver que resulta un crecemento vexetativo negativo, con máis defuncións que nacementos, para o ano 2010 o salto vexetativo era de -23 (2 nacementos fronte a 25 defuncións), na seguinte táboa podemos ver a evolución dos últimos anos.

Táboa XIII. Saldo vexetativo (1975-2008)

1975	1976	1977	1978	1979	1980	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
-19	3	1	-8	-20	-5	-16	-6	2	-11	-21	-14	-17	-5	-11	-6	-14	-6	-17	-7	-17	-14	-4	-24	-27	-24	-23	-25	-8	-28	-21	-17	-23	-26

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.

Fig. 12: Comparación entre nacementos e defuncións (1975-2009)




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.

2.1.3.2. Saldo migratorio

Ata os anos 40 a tendencia xeral en toda Galicia foi o aumento da poboación. A partir deste momento as migracións cara a outros países ou núcleos urbanos onde a industrialización precisase grande cantidade de man de obra, aceleran a perda continua de poboación nas zonas rurais. Considérase o final da posguerra nos anos 60 como punto de inicio da abertura da economía española á europea. Os cambios que se deron en todos os sectores económicos tiveron repercusións importantes na poboación do medio rural principalmente debido polas causas xa aludidas anteriormente.

Fig. 13: Comparación entre emigración e inmigración (1990-2013)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.

Da análise da gráfica concluímos que salvo un pequeno repunte da inmigración nos anos 1994, 1996, 1997, 2005 e 2006 o saldo migratorio é negativo, aínda que no último ano parece que a tendencia se inverta de novo.

O destino da emigración, foi variando, se inicialmente o destino máis frecuente eran os países latinoamericanos e posteriormente os centroeuropeos, na actualidade son as cidades galegas os principais centros receptores de emigrantes procedentes das zonas rurais de Galicia.

A continuación móstrase unha táboa onde se poden ver os destinos principais dos emigrantes do concello:

Táboa XIV. Número de emigrantes segundo destino

Á mesma provincia	Á mesma comarca	A outra comarca da mesma provincia	A outra provincia de Galicia	Emigración externa	A outra CCAA	Ao estranxeiro
15	9	6	7	9	6	3

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE 2010

O destino preferente atópase dentro da mesma comarca, isto débese fundamentalmente a que Portomarín atópase na comarca de Lugo, sendo esta cidade o destino principal.

Táboa XV. Número de inmigrantes segundo a súa procedencia


Da mesma provincia	Da mesma comarca	Doutra comarca da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Inmigración externa	Doutra CCAA	Do estranxeiro
13	10	3	5	6	3	3

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE 2010

A maior parte dos inmigrantes que recibe Portomarín proceden da mesma comarca e da mesma provincia, predominando na actualidade a inmigración interna fronte a externa.

A continuación móstrase unha gráfica coa evolución da inmigración nos últimos anos en función da súa procedencia:

Fig. 14: Comparación inmigración interna e externa (1992-2013)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.

Apréciase o gran incremento sufrido por parte de inmigración externa fronte a interna, principalmente da procedente do estranxeiro, pero esta tendencia está a invertirse nos últimos anos.


Como conclusión cómpre dicir que a tendencia do crecemento negativo continúa hoxe pois os novos seguen marchando do concello, o que agudiza o avellentamento da poboación e orixina un crecemento natural negativo, pero cun raio de esperanza, xa que o retorno da poboación comeza a deixarse ver nas estatísticas.

2.1.4. Estrutura demográfica

2.1.4.1. Estrutura por idade e sexo

A estrutura demográfica actual deriva, como é lóxico, da dinámica poboacional habida durante o pasado século, estando así moi influenciada polas fortes etapas migratorias. A estrutura demográfica actual está caracterizada fundamentalmente por un alto grao de avellentamento, sendo o dato máis relevante neste aspecto a cantidade de efectivos na franxa de idades superior aos 65 anos, que representa ao 36% da poboación. Na pirámide de idades, que se mostra, obsérvase a forma típica do medio rural galego, de pirámide invertida, caracterizada por unha alta proporción de poboación nas idades superiores, e unha escasa representación nos segmentos máis novos.

Fig. 15: Pirámide de poboación 2013



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.

2.1.4.2. Poboación por grandes grupos de idade

A análise por grandes grupos de idade non fai máis que reforzar a idea do envellecemento da poboación do concello de Portomarín, ao igual que ocorre na meirande parte da comunidade autónoma.

A continuación expóñense os datos de poboación por grandes grupos de idade para o concello, comarca, provincia e a comunidade autónoma.


Táboa XVI. Poboación por grandes grupos de idade

Grupos de idade	Galicia	Provincia	Comarca	Portomarín
Menores de 16	348.473	35.887	15.292	113
Entre 16 e 64	1.777.204	212.686	78.489	916
65 e maiores	640.263	97.432	27.021	625

Fonte: Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.2010

No gráfico seguinte pódese ver a porcentaxe que representa cada grupo de idade.

Fig. 16: Poboación por grandes grupos de idade (2013)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.

O fenómeno de envellecemento da poboación no concello de Portomarín e un pouco máis acusado que na provincia ou na comunidade autónoma, xa que a porcentaxe de maiores de 65 é máis representativa neste concello, pero un pouco inferior a da comarca.

2.1.4.3. Dependencia da poboación

A taxa de dependencia relaciona o total de efectivos “dependentes” (poboación non activa, menores de 16 anos e maiores de 64) coa poboación activa (os que se atopan no intervalo de idades que vai dende os 16 ata os 64).

	Índice de dependencia global	Índice de dependencia xuvenil	Índice de dependencia senil
Galicia	53,9	18,3	35,6
Lugo	61,0	15,6	45,4
Portomarín	76,4	9,4	67,0

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.

Segundo algúns autores unha situación óptima sería aquela na que a taxa de dependencia xuvenil fose igual a 40 e a senil inferior a 20. Tanto o concello de Portomarín como a provincia de Lugo distan moito de achegarse a esta situación.

2.2. Indicadores socioeconómicos

2.2.1. Poboación por actividades e sectores

O emprego no sector servizos nesta zona é importante, superando o agrario no censo de vivendas do ano 2001, aínda que este último segue a ter peso a pesar das transformacións que sofre o mundo rural. Se tomamos como referencia os datos de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral os datos obtidos varían lixeiramente tal como se observa na seguinte táboa:

Táboa XVIII. Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral – outubro 2011

Sector	Número	Porcentaxe
Agricultura e pesca	241	41,1
Industria	38	6,5
Construción	44	7,5
Servizos	259	44,1
Non Consta	5	0,9

Fonte: Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.2011 para o concello de Portomarín

En Galicia a desagrarización comeza na segunda metade do século XX, debido fundamentalmente ao éxodo agrario. A partir dos anos 70, as pautas anteriores modificáronse substancialmente. Prodúcese un cese da emigración cara ao exterior, converténdose Galicia nun receptor de emigrantes retornados, ao tempo que a crise económica provoca un deterioro nos sectores extraagrarios da economía. Pese a isto a caída do emprego agrario acelerouse debido á dinámica demográfica. As saídas por morte e xubilación superan amplamente as entradas de activos ao sector.

2.2.1.1. Poboación segundo a súa relación coa actividade económica

O envellecemento que sofre este concello provoca un peso da poboación inactiva moi elevado respecto da poboación activa.

Os datos de que se dispón referentes á poboación e á súa relación coa actividade económica son do ano 2008 e expóñense na seguinte táboa.

Táboa XIX. Poboación de 16 e máis anos segundo a relación coa actividade económica, 2008

		Poboación activa			Poboación inactiva	Poboación > 16 anos
		Ocupados	Parados	Total		
GALICIA	Total	1.240.555	150.545	1.391.100	1.054.519	2.445.619
	Homes	726.314	54.665	780.979	388.608	1.169.587
	Mulleres	514.241	95.880	610.121	665.911	1.276.032
LUGO (provincia)	Total	153.499	14.978	168.477	151.371	319.848
	Homes	89.057	6.014	95.071	59.542	154.613
	Mulleres	64.442	8.964	73.406	91.829	165.235
PORTOMARÍN	Total	882	55	937	759	1.696
	Homes	466	29	495	362	857
	Mulleres	416	26	442	397	839

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Na táboa anterior pódese observar como a poboación inactiva supón aproximadamente o 45% da poboación maior de 16 anos. Isto mesmo é extrapolable ao resto da provincia e de Galicia.

Portomarín presenta unha taxa de paro do 5,9%, similar a provincial (5,8%) e inferior á galega (7,6%), hai que ter en conta que estas porcentaxes están calculadas en base a datos de 2008. As causas expostas no parágrafo anterior explican a perda de poboación activa en termos absolutos. Para explicar o descenso da taxa de actividade, débense considerar ademais outros factores, como é o aumento da poboación de maior idade. Así, por exemplo, se a poboación comprendida nas franxas de idade de 15 a 65 anos diminuíu e a poboación maior de 65 anos, pola contra, incrementouse, resulta lóxico que a taxa de actividade descendese na década de 1991 a 2001 aproximadamente nun 9,6%. A comparación destes datos coas medias provincial (descenso do 2,6%) e autonómica (aumento do 1,5%), ofrecen unhas diferenzas máis que notables. Na táboa seguinte móstranse as taxas de actividade segundo os datos do Censo de Poboación de 2001 e 1991.

Táboa XX. Taxas de actividade

Ano	Total	Homes	Mulleres
1991	61,6	73,8	49,3
2001	52,0	54,4	49,6

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas. 2001 e 1991

As taxas de ocupación seguen un comportamento similar ás de actividade, xa que de 1991 a 2001 produciuse un descenso na taxa de ocupación dun 9,2. Na táboa exposta a continuación inclúense as taxas de ocupación e paro para o concello.

Táboa XXI. Taxas de ocupación e paro

Taxa de ocupación			Taxa de paro		
Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
48,9	50,7	47,2	5,9	6,2	4,9

Fonte: Censo de Poboación e Vivendas. 2001

Como xa quedou dito antes, o sector servizos é, o que ocupa a máis poboación no concello, seguido moi de preto polo sector agrario. A emigración en busca de traballos mellor recoñecidos, e de maior comodidade, continúa. A inmigración, por outra banda dáse sobre todo cara ás cabeceiras municipais das comarcas, sobre todo as industrializadas, onde é máis doado conseguir traballo e vivenda. Ese proceso de concentración poboacional en núcleos máis grandes, provoca tamén un maior desenvolvemento e concentración de actividades do sector servizos. Segundo xa se comentou anteriormente, a emigración que se mantén débese fundamentalmente á busca de alternativas laborais.

Este feito condiciona a situación profesional da poboación ocupada. A saída máis recorrida á escasa oferta laboral é o establecemento como traballador por conta propia.

No referente ó analfabetismo, situábase en 2001 nun 2,5% da poboación total do concello, que se agudiza no grupo das mulleres (3,3%) fronte os homes (1,8%), e apreciase un claro descenso se temos en conta os valores de 1991 onde acadaba un valor do 5,3%; aínda así resulta case un punto por riba do valor que se acadara na comarca (1,8%), pero non hai gran diferenza fronte a provincia e a comunidade autónoma (que teñen un 2,1%). O respecto dos niveis educativos regulados atopamos que en 2001 un 37,31% non completaran a EXB, ESO ou Bacharelato elemental, e que só 5,37% acadaron o grao en titulacións universitarias, fronte o 15,33% da comarca.

2.2.1.2. Poboación ocupada segundo a rama de actividade

Segundo a táboa que se amosa a continuación, o sector servizos xunto co sector primario son os que acadan maior importancia no concello, a construción e a industria aportan moitos menos empregos.

Tamén na comarca, na provincia e no conxunto da comunidade autónoma é o sector servizos, seguido no caso da comarca e da provincia, polo sector primario o que maior número de poboación ocupa.

No concello de Portomarín, se exceptuamos ó sector da construción, existe bastante paridade en canto a distribución por sexos no resto dos servizos, isto non acontece na comarca, na provincia ou na comunidade autónoma, onde atopamos unha forte masculinización.

Táboa XXII. Poboación ocupada segundo a rama de actividade, 2001

	Sector primario			Industria			Construción			Servizos		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Portomarín	369	174	195	55	31	24	81	68	13	378	179	199

	Sector primario			Industria			Construción			Servizos		
Comarca	4892	2632	2260	4612	3647	965	4103	3778	325	31177	15404	15773
Provincia	31284	16116	15168	17410	13926	3484	14405	13622	783	71928	36053	35875
Galicia	114500	65145	49355	193581	135575	58006	127505	119201	8304	599592	301155	298437

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

2.2.1.3. Poboación ocupada segundo a situación profesional

Na seguinte táboa móstranse os datos referentes á poboación ocupada segundo a situación profesional no ano 2001.

Táboa XXIII. Poboación ocupada segundo a situación profesional, 2001

		Empresario que emprega persoal	Empresario que non emprega persoal	Asalariado fixo	Asalariado eventual	Outra situación
Galicia	Total	71637	157954	504102	290890	10595
	Homes	51108	85815	316753	163645	3755
	Mulleres	20529	72139	187349	127245	6840
Lugo Provincia	Total	9691	35377	56449	30170	3340
	Homes	6861	18793	35878	16986	1199
	Mulleres	2830	16584	20571	13184	2141
Lugo Comarca	Total	3232	7337	24061	9391	763
	Homes	2276	4315	13932	4672	266
	Mulleres	956	3022	10129	4719	497
Portomarín	Total	38	364	225	149	107
	Homes	25	194	137	73	23
	Mulleres	13	170	88	76	84

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

É de destacar que a maior parte dos empresarios no concello non empregan persoal, o cal está ligado ao emprego no sector primario. Atendendo ao xénero aprécianse claras diferenzas sobre todo vendo o número de mulleres empresarias que é inferior ao de homes, isto non acontece no caso de asalariados eventuais, pero si no de asalariados fixos.

2.2.1.4. Poboación ocupada segundo a profesión

Na seguinte táboa vemos como se distribúe a poboación activa segundo a súa profesión comparando os datos cos do resto da comarca, da provincia e de Galicia.

Táboa XXIV. Poboación ocupada segundo a ocupación, 2001

	Portomarín	Comarca	Provincia	Galicia
Dirección das empresas e das administracións públicas	87	4052	11685	93305
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	39	6952	12953	106573
Técnicos e profesionais de apoio	41	5146	10484	98399
Empregados de tipo administrativo	32	3986	8351	77369
Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	80	6955	17681	144031
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	333	4675	28971	93224
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería	92	5657	20086	196501

	Portomarín	Comarca	Provincia	Galicia
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	52	3251	11841	114163
Traballadores non cualificados	121	3877	12349	103453
Forzas armadas	6	233	626	8160

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Pódese ver na táboa como o grupo máis numeroso é con gran diferenza o de traballadores cualificados na agricultura e pesca, seguido polo de traballadores non cualificados.

2.2.1.5. Cualificación dos recursos humanos

Como se pode ver na seguinte táboa, atendendo ao xénero son máis numerosas as mulleres sen estudos que os homes, pero tamén son máis numerosa as mulleres con estudos universitarios. Hai que destacar o gran número de persoas que en xeral ten estudos inferiores ó Bacharelato elemental, ESO ou EXB, ou sen estudos.

Táboa XXV. Poboación de 16 e máis anos segundo a titulación académica, 2001

		Non sabe ler ou escribir	Menos de 5 anos de escolarización	Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	FPII, FP grao superior, Mestría industrial	Diplomatura Arquitectura, Enxeñaría Técnica	Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría Superior	Doutoramento
Portomarín	Total	46	490	673	325	80	46	47	56	40	1
	Homes	16	215	353	181	38	25	29	16	17	1
	Mulleres	30	275	320	144	42	21	18	40	23	0
Comarca de Lugo	Total	1740	13527	21921	24429	12683	3030	4803	8121	6264	486
	Homes	423	5703	10506	12802	6005	1566	2522	2878	2995	294
	Mulleres	1317	7824	11415	11627	6678	1464	2281	5243	3269	192
Provincia de Lugo	Total	6470	68433	88817	69810	31094	8502	13082	16338	12088	727
	Homes	1697	30437	43917	37770	14759	4619	6954	5830	5650	425
	Mulleres	4773	37996	44900	32040	16335	3883	6128	10508	6438	302
Galicia	Total	47912	381258	621097	585711	262685	77815	107661	125844	116841	7850
	Homes	11495	159492	296036	305869	129288	40758	58176	48207	56886	4779
	Mulleres	36417	221766	325061	279842	133397	37057	49485	77637	59955	3071

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

2.3. Estrutura produtiva do territorio

Una das bases económicas do concello segue sendo o sector primario, que emprega á unha boa parte da poboación ocupada (entorno ó 41,56% en 2001). As terras labradas abranguen o 42,24% da superficie municipal. Destaca o auxe dos cultivos herbáceos con unha ocupación segundo o censo de 2001 de 2508 ha. Predomina o gando vacún produtor de leite, cun total

de vacas en muidura de 5750 reses (registro bovino de 2001-2002) que descendeu en 2008 a 3974 reses (registro bovino de 2008). Segue en importancia o porcino e despois as aves.

O sector servizos e o que máis poboación emprega, 42,81% dos ocupados, concéntrase fundamentalmente no núcleo de Portomarín. O comercio e a hostalería representan un papel importante, neste apartado compre destacar a importancia do turismo ligado ó paso do Camiño de Santiago Francés polo municipio.

2.3.1.1. Tecido empresarial

As empresas locais presentan unha tipoloxía predominante, como se aprecia na táboa adxunta.

Táboa XXVI. Tipos de empresas segundo o IGE durante o ano 2009

Tipos de empresas										
TOTAL	Persoas físicas		Sociedades anónimas		Sociedades limitadas		Sociedades cooperativas		Outros	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
98	70	71,43	0	0	18	18,37	3	3,06	7	7,14

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Comparando estes datos cos da provincia ou da comunidade autónoma, poderemos observar que a maior importancia relativa dos autónomos fronte á media provincial e autonómica, sinal dun sistema empresarial menos desenvolvido e estabilizado.

Táboa XXVII. Número de empresas segundo o estrato de asalariados 2009

Número de empresas segundo o tramo de empregados								
TOTAL	0	1-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50-250	>250
102	88	8	4	1	1	0	0	0

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Todas as empresas situadas na área de estudo, son de pequeno tamaño, en xeral de carácter familiar, sen empregados na súa maioría. O volume de negocios e o tramo de empregados, expostos nas táboas, serven de aproximación a esta valoración.

Táboa XXVIII. Empresas Portomarín segundo a actividade principal e condición xurídica

	TOTAL	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades responsabilidade limitada	Sociedades cooperativas	Outros
TÓDALAS ACTIVIDADES	98	70	0	18	3	7
INDUSTRIA INCLUÍDA A ENERXÍA	13	4	0	6	1	2
Manufactureira.	12	4	0	5	1	2
Alimentación	6	1	0	2	1	2
Fabricación de bebidas	2	1	0	1	0	0
Industria Química	1	0	0	1	0	0
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1	0	0	1	0	0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1	1	0	0	0	0
Fabricación de mobles	1	1	0	0	0	0
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado.	1	0	0	1	0	0
CONSTRUCCIÓN	15	11	0	4	0	0

	TOTAL	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades responsabilidade limitada	Sociedades cooperativas	Outros
Construción de edificios	3	2	0	1	0	0
Enxeñería civil	1	0	0	1	0	0
Actividades de construción especializada	11	9	0	2	0	0
SERVIZOS	70	55	0	8	2	5
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	29	19	0	4	2	4
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	5	4	0	1	0	0
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	7	3	0	1	2	1
Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	17	12	0	2	0	3
Transporte e almacenamento	12	10	0	2	0	0
Hostalería	15	13	0	2	0	0
Servizos de aloxamento	4	3	0	1	0	0
Servizos de comidas e bebidas	11	10	0	1	0	0
Actividades financeiras e de seguros	2	2	0	0	0	0
Actividades inmobiliarias	1	0	0	0	0	1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	6	6	0	0	0	0
Actividades xurídicas e de contabilidade	2	2	0	0	0	0
Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	3	3	0	0	0	0
Actividades veterinarias	1	1	0	0	0	0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	1	1	0	0	0	0
Actividades sanitarias	1	1	0	0	0	0
Outros servizos	3	3	0	0	0	0

Fonte: IGE 2009

2.3.1.2. Imaxe do territorio

Como vimos no anterior apartado, o maior número de empresas localízanse na actividade comercial e turística, tamén destacan a construción e a industria manufactureira. A esta valoración, relativa a número de empresas, hai que engadir a referente ao censo agrario, pois é neste sector onde se concentra un importante número de traballadores en activo.

Por outra banda, os recursos fundamentais con que conta o territorio para xerar actividades son os propios do sector primario. A carne, o leite, a madeira e outras producións como a augardente e o viño, supoñen a base de recursos utilizables polas empresas locais.

Estas industrias agrarias supoñen unha maior estabilidade ou sostibilidade, por canto empregan recursos renovables e por canto son xeradas pola poboación local, de maior

implicación e compromiso co seu territorio, e mellor integradas tamén no conxunto do tecido empresarial e social.

As pequenas empresas de transformación de produtos agrarios, por exemplo, poden supoñer un mercado estable para os produtos agrarios, xerar empregos baseados nos coñecementos das formas tradicionais de elaboración, e sumarse á oferta turística global do territorio, ben dende os seus produtos, ben dende, por exemplo, a oferta de actividades mediante a visita ás instalacións.

2.3.2. Sectores de actividades

2.3.2.1. Sector agrogandeiro e forestal

O sector agrario mantén gran importancia socioeconómica, un dos sectores principais de ocupación. Algo máis do 41% da poboación ocupada está unida directamente á actividade agraria, o que mostra como a forte crise e a posible evolución que poida seguir o sector afecta directamente á estabilidade socioeconómica da zona. En 10 anos esa porcentaxe pasou de ser 69,99% (ano 1991) a 41,56% (en 2001). Nos seguintes apartados abórdase a descrición e análise do sector agropecuario, utilizando fundamentalmente información do Censo Agrario de 1989, 1999 e 2009 (INE), en forma de microdatos anonimizados, completada con datos da Consellería de Medio do Rural e do IGE.

O número de explotacións por quilómetro cadrado na zona da un valor de 4,96, cunha densidade menor que no resto da provincia e na comunidade autónoma (5,5 e 9,1 respectivamente). Non obstante, un importante número destas explotacións son de autoconsumo, non xerando rendas monetarias para os seus propietarios. Interesa diferenciar, por tanto, a tipoloxía das explotacións mercantís, que comercializan parte ou toda a súa produción, das de autoconsumo, non só polo feito de coñecer a importancia económica das explotacións se non tamén a súa implicación de xestión do territorio, claramente diferente dun grupo ao outro.

2.3.2.2. Cabana gandeira

Por especies o comportamento non foi uniforme. As explotacións de bovino descendieron de 220 explotacións en 2002, as 169 en 2008, de tal xeito que nese período o número de bovinos censados diminuíu en 847 unidades (pasando de 8068 en 2002 a 7221 en 2008).

Na seguinte táboa amósese a evolución no concello, en número de unidades gandeiras das distintas especies animais entre os anos 1989, 1999 e 2009.

	Bovinos	Ovinos	Caprinos	Porcinos	Equinos	Aves	Coellas nais
1989	3947	160	43	1548	2	403	13
1999	6425	157	26	4938	19	2595	10
2009	6105	156	19	4431	13	2877	3

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Como se pode observar neste período increméntanse o número de unidades gandeiras de aves, mentres que para o resto de especies se produciu unha diminución, en especial no caso de coellas nais, empregadas na súa maioría para autoconsumo.

O porcino medrou considerablemente con respecto a 1989, cousa que tamén aconteceu na comarca, provincia e comunidade autónoma, sendo logo do bovino a cabana máis importante, con case un 35% das unidades gandeiras do municipio, seguida de lonxe polas aves, con un 25% aproximadamente. No cómputo global, as diferenzas entre o ano 1989 e o ano 1999, en porcentaxes, indícanos que o bovino descendeu un 19,2%, o ovino un 1,5%, o caprino un 0,5% e as coellas nais un 0,1%, mentres que as aves se incrementaron un 11,7%, os equinos

un 0,1% e os porcinos un 9,5%, a variación que se produce entre o 1999 e 2009 é moito menos significativa, pero con unha lixeira tendencia a baixa en tódolos grupos.

Se analizamos a cabana gandeira por número de animais, aplicando os coeficientes por especies empregados no último censo agrario, o resultado é o seguinte:

Táboa XXX. Número de animais por especies

	UG	Coeficiente	Número de animais
Vacas leiteiras	4006	1	4006
Outras vacas	544,8	0,8	681
Bovinos de dous anos ou máis	26	1	26
Xovencas	290,4	0,8	363
Bovinos entre un e dou anos	763	0,7	1090
Bovinos de menos dun ano	474,8	0,4	1187
Ovinos	155,7	0,1	1557
Caprinos	19,2	0,1	192
Equinos	12,8	0,8	16
Porcas nai	1194	0,5	2388
Leitóns de menos de 20 Kg	154,17	0,027	5710
Outros porcos	3083,4	0,3	10278
Galiñas de posta	8,988	0,014	642
Polos de carne	2867,683	0,007	409.669
Outras aves	0,54	0,03	18
Coellas nai	3,28	0,02	164

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Censo agrario 2009 (INE)

Con estes datos apreciase máis claramente que as explotacións máis importantes neste concello son tanto o vacún de leite como as granxas de engorde de polos, a cunicultura, xunto cos equinos, quedan relegados ó autoconsumo.

2.3.2.3. Estrutura física e económica das explotacións

Facendo unha análise estrutural clásica cos datos do censo agrario de 1999, obtemos que do total de explotacións con terras do concello de Portomarín, o 43,77% atópanse nunha superficie entre 0,1 e 4 ha, o 22,24% teñen entre 10 a 19 ha, e o 20,10% ten de 5 a 9 ha, soamente un 2,13% teñen máis de 50 ha.

Táboa XXXI. Número de explotacións segundo a superficie total (ha) ano 1999

	Explotacións con terras	De 0,1 a 4 ha	De 5 a 9 ha	De 10 a 19 ha	De 20 a 49 ha	50 ha ou máis
Galicia	268995	197957	32652	23998	10785	3603
Lugo Provincia	54028	25642	10745	10630	5574	1437
Lugo Comarca	7273	2770	1499	1839	1018	147
Portomarín	562	246	113	125	66	12

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Os datos do censo agrario de 2009, indícanos que no concello de Portomarín so contan con 8 explotacións sen SAU fronte as 206 con SAU, das que un 34% teñen unha superficie inferior as 5 ha. Se o comparamos cos datos de 1999, apreciase un descenso no número total de explotación, sobretudo naquelas que contaban con un número inferior a 20 ha, as de maior superficie mantéñense.

Táboa XXXII. Número de explotacións segundo o tramo de SAU(ha) ano 2009


	Explotacións con terras	De 0,0 a 5 ha	De 5 a 10 ha	De 10 a 20 ha	De 20 a 49 ha	50 ha ou máis
Galicia	64061	37262	9625	9013	6796	1365
Lugo Provincia	21415	11472	4339	4685	3863	716
Lugo Comarca	3579	1333	729	835	585	97
Portomarín	206	70	24	51	57	12

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Para comprender mellor as características socioeconómicas e territoriais das explotacións diferenciaranse aquelas explotacións con orientación mercantil das de autoconsumo, e terase en conta o seu carácter familiar, sobre todo dende un punto de vista demográfico (por exemplo a idade do titular), dado que mellora a visión do sector tanto dende un punto de vista estático coma dinámico. Ata o de agora consideráronse os datos do conxunto de explotacións, pero as medias ocultan, coma mínimo, dúas realidades ben diferenciadas, e considérase obvia a conveniencia de diferenciar as explotacións de autoconsumo nas que a unidade produtiva non xera rendas monetarias á familia das que se orientan cara o mercado.

Do total de explotacións, unha elevada porcentaxe pode considerarse de autoconsumo (non comercializan); en Galicia este valor acadou o 69% das explotacións, e no Concello de Portomarín atópase no 51%, tal como se aprecia no seguinte gráfico:

Fig. 17: Porcentaxe de explotacións dedicadas a comercialización da produción por idade do titular, e de explotacións dedicadas ó autoconsumo



Fonte: elaboración propia a partir dos microdatos do censo agrario de 1999.


Dentro das explotacións que comercializan parte ou toda a súa produción existe un importante número delas que teñen un titular maior de 65 anos, e que polo tanto pode preverse que pasaron ou pasarán en breve a seren de autoconsumo. O relevo, de existir posibilidades, debería terse producido con anterioridade na maioría dos casos.

Só un 28% das explotacións son mercantís e teñen un titular de menos de 55 anos de idade. Pode dicirse que este é o grupo nuclear do sector agropecuario na zona, unhas 155

explotacións, dentro do cal existe tamén heteroxeneidade en canto a orientación, tamaño e competitividade. Nese conxunto acádase case as 16 ha de superficie media. É unha cifra superior á presente no grupo homólogo da provincia de Lugo, con 15 ha e ao galego, con 11 ha.

Nas explotacións mercantís a idade do titular marca diferenzas. De feito, obsérvase unha certa correlación entre a idade do titular e o tamaño de explotación; as explotacións de titulares de 55 a 65 anos teñen unha dimensión media intermedia (unhas 11 ha). Neste grupo ven tendo especial incidencia o programa de cese anticipado.

Fig. 18: Hectáreas de Superficie Agraria Útil (SAU) media segundo tipo de explotación



Fonte: elaboración propia a partir dos microdatos do censo agrario de 1999.

Obsérvase claramente como no concello de Portomarín os titulares de explotacións para a comercialización menores de 55 anos son os que teñen de media a maior SAU, por riba incluso da media provincial e da comunidade autónoma.

Táboa XXXIII. Explotacións agrícolas, parcelas, unidades gandeiras (UG) e unidades traballo-ano (UTA)

		1989	1999	2009
Galicia	Número de explotacións	359157	270053	81174
	Con terras	358886	268995	79481
	Sen terras	271	1058	1693
	Número de parcelas	5445081	4717093	-
	Unidades gandeiras (UG)	1120519	1460863	1274109
	Unidades de traballo-ano (UTA)	259376	193573	87432
Lugo	Número de explotacións	74604	54208	25458
	Con terras	74527	54028	25075
	Sen terras	77	180	383
	Número de parcelas	1119238	1038187	-
	Unidades gandeiras (UG)	400343	519209	472404
	Unidades de traballo-ano (UTA)	67553	50618	29482
Portomarín	Número de explotacións	730	571	261
	Con terras	730	562	253
	Sen terras	0	9	8


	1989	1999	2009
Número de parcelas	8514	9892	-
Unidades gandeiras (UG)	6116	14170	13604
Unidades de traballo-ano (UTA)	796	559	404

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Da táboa anterior extraemos o número de parcelas por explotación que no ano 1999, e no caso do concello de Portomarín é de aproximadamente 17, na provincia é aproximadamente de 19 e para Galicia de case 18. Do total de explotacións do concello todas elas eran explotacións con terras en 1989, en 1999 aparecen 9 explotacións sen terras e 8 en 2009. Vemos tamén como o número de unidades gandeiras se incrementou entre o ano 1989 e o 1999, para descender de novo no ano 2009, pero en menor proporción que o fixeron o número de explotacións, o que indica un incremento no tamaño das mesmas.

Se facemos unha análise gráfica das Unidades de Traballo - Ano (UTA) media en función do tipo de explotación, autoconsumo ou comercialización, e dentro desta última analizamos distintos grupos de idade o resultado sería o seguinte:

Fig. 19: UTA media dos distintos tipos de explotacións



Fonte: elaboración propia a partir dos microdatos do censo agrario de 1999.

Onde a UTA media sería moito elevada no caso dos titulares de explotación dedicadas a comercialización con menos de 55 anos, situándose por riba da media provincial e autonómica.

En canto a Unidade Gandeira (UG) media destaca no Concello de Portomarín o grupo de titulares de explotación dedicadas a comercialización con menos de 55 anos, cunha UGT media moito máis elevada que a da Provincia ou da comunidade autónoma, isto tamén sucede no resto dos grupos como se pode apreciar na seguinte táboa:

Táboa XXXIV. UGT media en ha

	Titular >=65	Titular 55 a 65	Titular <55	Autoconsumo
Galicia	5,0	11,7	17,5	1,0
Lugo Provincia	7,0	14,9	21,9	1,5
Portomarín	11,5	25,4	42,8	7,4

Fonte: elaboración propia a partir de microdatos do Censo Agrario de 1999

2.3.2.3.1 OS APROVEITAMENTOS

As explotacións que comercializan teñen unha porcentaxe de SAU moito máis elevada, que as de autoconsumo.

Táboa XXXV. Titulares persoa física por grupos de idade e ocupación principal

Portomarín	1999	2009
Tódalas idades	552	245
Grupos ata 34 anos	30	10
Grupos de 35 a 54 anos	188	104
Grupos de 55 a 64 anos	129	53
Grupos de 65 e máis	205	78
Ocupación principal: só na explotación	459	142
Ocupación principal: outra actividade lucrativa principal	85	-
Ocupación principal: outra actividade lucrativa secundaria	8	-

Fonte: elaboración propia a partir de datos do censo agrario

Como se aprecia na táboa, un 83% dos titulares teñen a súa ocupación principal so na explotación, e o 37% son persoas de 65 ou máis anos de idade para os datos do censo 1999, para o ano 2009 un 58% dos titulares ten unha dedicación exclusiva, e o 32 % son maiores de 65 anos.

As explotacións de autoconsumo (recórdase que representaban o 51% da superficie das explotacións analizadas), teñen unha superficie media de 4,1 ha., e unha Superficie Agraria Útil (SAU) media de 1,5 ha , o que significa que se temos en conta a definición de SAU (Aquela superficie que comprende as terras labradas e os pastos permanentes) 2,6 ha (máis da metade da superficie) estarían dedicadas a especies forestais, ermo ou matogueira.

Táboa XXXVI. Superficie media por explotación(ha) e SAU (ha)

		Titular >=65	Titular 55 a 65	Titular <55	Autoconsumo
Galicia	SAU (ha)media	3,1	5,4	7,6	0,8
	Superficie media	6,0	8,8	11,3	2,4
Lugo Provincia	SAU (ha)media	4,6	7,9	10,8	1,6
	Superficie media	8,4	12,2	15,2	4,9
Portomarín	SAU (ha)media	7,2	8,9	13,0	1,5
	Superficie media	10,6	11,2	16,0	4,1

Fonte: elaboración propia a partir de microdatos do Censo Agrario de 1999

As explotacións mercantís de titulares maiores de 65 anos parécense tamén neste caso ás de autoconsumo: son explotacións de transición. En todos os grupos mercantís destacan as superficies a prados, o que indica xa a forte especialización na gandería de herbívoros, e por outra banda que adopta un modelo de produción asentado nos alimentos forraxeiros propios.

O labrado, fundamentalmente dedicado a cultivos herbáceos, aumenta no mesmo sentido que o tamaño de explotación. Cerca do 95% da SAU das explotacións mercantís con titulares menores de 55 anos se dedica á produción de alimentos para o gando. Os valores de SAU son moi similares en todos os grupos ás porcentaxes provincial e galega.

Na seguinte táboa vemos como o aproveitamento fundamental da superficie das explotacións era para outras terras non forestais en 1989, mentres que en 1999 as terras labradas son as que ocupan maior superficie, tomando importancia tamén os aproveitamentos forestais, pois dáse un incremento da súa superficie entre os anos 1989 e 1999. No ano 2009 a maior superficie emprégase para pastos permanentes, reforzando o sinalado nos parágrafos anteriores.

Táboa XXXVII. Superficie total das explotacións agrícolas segundo aproveitamento (ha)

	Total	Terras labradas	Terras para pastos permanentes	Especies arbóreas e forestais	Outras terras non forestais
1989	10805	1036	2989	998	5782
1999	6150	2598	1048	1917	558
2009	4613	1472	2369	772	

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A maior parte da SAU das explotacións está en réxime de propiedade, a diferenza doutras zonas agrarias europeas. Cando tantas superficies van quedando e quedarán liberadas no curto prazo, o pouco uso do arrendamento é un obstáculo ao redimensionamento das explotacións que permanecen é un aproveitamento eficiente das terras, no caso deste concello aparecen ofertadas na actualidade no BANTEGAL 13 parcelas, a maior parte pasteiros.

2.3.2.3.2 OS PRODUTOS

Os datos expostos ata o de agora, plasmado nas principais ocupacións da SAU, indican como a principal orientación produtiva é a gandería, principalmente de vacún de leite.

Táboa XXXVIII. Estructura do sector bovino

Nº Explotacións		Nº de vacas			Outros bovinos
Explotacións de vacún	Explotacións con vacas	Vacas de leite	Vacas de carne	Total vacas	
175	155	3.890	499	4.389	2.721

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Consellería de Medio Rural 2009

Non obstante, é necesario recoller outras producións complementarias presentes, fundamentais noutras épocas nalgúns casos, e que aínda hoxe amosan un atractivo potencial. As producións agrícolas comercialízanse en pequena cantidade. A superficie dedicada a ese tipo de produtos é polo xeral para o autoconsumo (habitualmente son explotacións mixtas e tamén presentan producións pecuarias) e a comercialización dáse en poucos casos, aínda existindo excedentes. No caso dos cultivos herbáceos, (segundo datos da consellería de medio rural 2008) os cultivos forraxeiros son os que maior importancia teñen, seguidos moi de lonxe pola produción de tubérculos e produtos hortícolas e froitos de horta. En canto os cultivos leñosos, o principal e o castiñeiro xunto coas froiteiras.

No grupo de froiteiros de clima temperado predominan maceiras e pereiras con pequenas superficies, ocupando entorno a 43 ha, o viñado esténdese ó longo de 47 ha e está incluído dentro da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Como xa se viu o vacún é a especie dominante, e fundamentalmente na súa orientación como produtora de leite.

Aínda non dispoñéndose de datos máis recentes que permitan esta análise pormenorizada, a evolución dos últimos tempos dos datos medios amosa indirectamente unha aceleración dos procesos de reestruturación, coa diminución de explotacións e incremento do tamaño medio. Estudando o período 2007-2009, o descenso foi de 17 explotacións de vacún, e descendeu tanto o número de vacas de leite como de carne; a media de vacas por explotación era en 2007 de 24,6 incrementándose en 2009 a 28,3. Actualmente estamos ante unha forte reconversión do sector, aínda que parece retardada nas últimas dúas campañas.

2.3.2.4. Posesión da terra

A maioría da terra do concello en estudo é de propiedade privada, exceptuando algúns montes públicos. Un trazo especial é a superficie ocupada por Montes Veciñais en Man Común.

Táboa XXXIX. Superficie total e superficie agrícola utilizada segundo o réxime de propiedade 1999

Superficie total	Propiedade	Arrendamento	Parcería	Noutros réximes de posesión
6150	3507	927	0	1716

Superficie agrícola utilizada	Propiedade	Arrendamento	Parcería	Noutros réximes de posesión
3646	2191	124	0	1331

Fonte: INE Censo agrario 1999

Táboa XL. Réxime de tenza da SAU segundo o censo de 2009

Superficie agraria útil	Propiedade	Arrendamento	Parcería ou outros réximes de posesión
3841	2264	685	892

Fonte: INE Censo agrario 2009

Da análise dos datos expostos na táboa anterior vemos como da superficie total do concello, o 58% aproximadamente é en réxime de propiedade. No que respecta á superficie agrícola utilizada o réxime de propiedade para o ano 1999 representa o 60,09%.

Os montes veciñais en man común (MVMC) son característicos de Galicia e representan actualmente case unha cuarta parte do territorio galego, sendo no pasado “soporte do sistema agrario tradicional” (Bouhier, 1979). No ámbito galego, no que existen algo máis de 2835 comunidades, supoñen aproximadamente 670.000 ha, un 22,8% do territorio; na provincia de Lugo a porcentaxe é do 21,7% con 213.000 ha. Na táboa seguinte recóllense os datos globais dos 21 MVMC da zona.

Táboa XLI. Comunidades veciñais de monte

Concello	Nome	Parroquia	Comunidade
Portomarín	De Seixón	Sabadelle	De Seixón
Portomarín	Caborrecelle	Caborrecelle	Caborrecelle
Portomarín	Narón	Narón	Narón
Portomarín	Nespereira	Nespereira	Nespereira
Portomarín	Portomarín	San Nicolao e San Pedro de Portomarín	San Nicolao e San Pedro de Portomarín
Portomarín	Vilaxuste	Vilaxuste	Vilaxuste

Concello	Nome	Parroquia	Comunidade
Portomarín	Acevedo	Bagude	Acevedo
Portomarín	Biduedo	Bagude	Biduedo
Portomarín	O Cunqueiro	Bagude	Cunqueira
Portomarín	Vilariño	San Mamede de Belaz	Vilariño
Portomarín	Vacaloura e Fido	O Castro de Soengas	Castro de San Martiño
Portomarín	Castromaior	Castromaior	Castromaior
Portomarín	Cortapezas	Cortapezas	Cortapezas
Portomarín	Gonzar e A Ferrería	Gonzar	Gonzar e A Ferrería
Portomarín	Río	San Mamede do Río	Río
Portomarín	Sabadelle	Sabadelle	Sabadelle
Portomarín	Soengas	Soengas	Soengas
Portomarín	Vilarbasín	Vilarbasín	Vilarbasín
Portomarín	Cebres	León	León
Portomarín	Recelle	Recelle	Recelle
Portomarín	Receendes	Bagude	Receendes

Fonte: Consellería de Medio Rural

Estes datos son suficientes para demostra-la consideración social, económica e medioambiental que estes bens merecen. De gran relevancia en todo o territorio galego, fundamentalmente debido a tres factores: a súa extensión global (os datos falan por si mesmos); as posibilidades dun aproveitamento máis intensivo, axustado ás potencialidades e diversificado; elevada superficie media con reducida parcelación, de gran relevancia nun territorio cun minifundismo histórico limitante e no que as explotacións que perduran en mellores condicións teñen unha orientación gandeira extensiva. Poden permiti-la base dunha actuación a favor da mobilización produtiva de terra máis doada e efectiva, así coma unha xestión integrada e profesional.

2.3.3. Industria. Transformación de produtos agrarios

As actividades consideradas dentro da rama da industria son as incluídas nos epígrafes do Imposto de Actividades Económicas (IAE), referidas ás divisións 1, 2, 3 e 4 do mesmo, que se corresponden respectivamente con: Enerxía e Auga; Minería, materias primas, industria cerámica, química e farmacéutica; Industria da Transformación de metais e Outras industrias manufactureiras.

Os datos referentes a poboación ocupada no sector secundario, poñen de manifesto a baixa importancia deste sector na actividade da zona, representando so ó 5,87% da poboación activa do Concello.

Táboa XLII. Unidades locais en Galicia segundo activadae principal (CNAE 2009)

	Portomarín	Lugo Comarca	Lugo Provincia	Galicia
INDUSTRIA INCLUÍDA A ENERXÍA	13	583	2041	16269
Extractivas	0	23	83	427

	Portomarín	Lugo Comarca	Lugo Provincia	Galicia
Manufactureira.	12	522	1878	15291
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado.	1	29	65	386
Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	0	9	15	165

Fonte: IGE

A industria manufactureira é a que maior importancia ten tanto no concello como na comarca, provincia e comunidade autónoma, e dentro desta en Portomarín destaca a Industria da alimentación, seguida da de fabricación de bebidas. Tamén é a máis importante en canto a número de asalariados, e por tanto para o conxunto da economía local.

O bloque máis importante en cuanto a número de empresas débese ás industrias de fabricación de produtos alimenticios, na que destacan ademais os produtos tradicionais e semiartesanaís. Estas empresas dedícanse a elaboración de pan e outros produtos alimenticios

Tamén a construción ten un papel importante con 15 empresas, once das cales se dedican a actividades de construción especializada, dúas a construción de edificios e unha a enxeñaría civil.

2.3.4. Sector terciario. Turismo

Se ben o sector terciario engloba moitas actividades diversas, centrarémonos primordialmente naquelas de maior representatividade, así como nas de maior importancia para o desenvolvemento desta zona. Dentro delas, o turismo é considerado coma un dos sectores de maior potencial. O atractivo natural do entorno e o paso polo Concello do Camiño de Santiago Francés, fai que se desenrolasen numerosos negocios de pequeno tamaño, sobre todo das ramas do comercio e da hostalaría. En xeral, esta atomización das empresas de servizos é maior que en outras áreas de Galicia.

A hostalaría xunto co transporte son as que maior importancia acadan dentro do concello como se aprecia na seguinte táboa:

Táboa XLIII. Servizos segundo actividade principal

Servizos	Portomarín	Lugo Comarca	Lugo Provincia	Galicia
Comercio por xunto e ao retallo: reparación de vehículo sa moto e motocicletas	29	2667	7141	56075
Transporte e almacenamento	12	746	2119	13012
Hostalaría	15	925	2828	22499
Información e comunicacións	0	94	142	2085
Actividades financeiras e de seguros	2	199	465	3915
Actividades inmobiliarias	1	195	385	3603
Actividades profesionais, científicas e técnicas	6	1428	2427	22332
Actividades administrativa se servizos auxiliares	1	327	704	7812
Educación	0	227	430	3983
Actividades sanitarias e de servizos sociais	1	431	747	6758

Servizos	Portomarín	Lugo Comarca	Lugo Provincia	Galicia
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	0	172	413	4052
Outros servizos	3	502	1221	9482

Fonte: IGE 2009

No apartado “outros” inclúense: servizos agrícolas, gandeiros e forestais, servizos de saneamento, limpeza e similares, servizos contra incendios e similares, servizos veterinarios, servizos recreativos e culturais, servizos persoais, parques de recreo, feiras e outros servizos relacionados co espectáculo, organización de congresos, parques e recintos feirais, e servizos non clasificados en outras rúbricas.

Os dous condicionantes principais do sector parecen ser a distribución territorial da poboación, e os enclaves de interese turístico, especialmente o percorrido do Camiño de Santiago. Así, o primeiro determina que os servizos á poboación se distribúan polo territorio, por motivos de proximidade, do mesmo xeito que ela. O segundo, determina que entorno aos concellos polos que discorre o Camiño de Santiago, se xeraran moitas iniciativas empresariais relacionadas coa hostalería e a restauración, sobre todo nos últimos dez anos, e en gran medida favorecidas polas axudas dende as iniciativas LEADER.

2.3.4.1. Comercio

O comercio caracterízase na área de estudo por esa atomización xa comentada.

Táboa XLIV. Datos xerais do comercio polo miúdo

Número de empresas	Número de establecementos	Densidade comercial nº establ./1000 hab.	Número establec./km ²	Superf. Venda media	Superf. Venda por habitante
19	19	9,34	0,17	109,63	1,02

Fonte: IGE datos 2002

Unha parte da actividade comercial da zona desenvólvese en mercados e feiras que se celebran neste Concello dende antano, o mercado os domingos e a feira o 9 de cada mes na praza dos Condes de Fenosa.

2.3.4.2. Turismo

Como xa se destacou con anterioridade, o turismo ten unha gran importancia no sector terciario do Concello de Portomarín.

Os principais compoñentes da oferta turística local están ligados ao paso do Camiño de Santiago Francés polo Concello. Pola outra banda en canto ao atractivo natural do termo, o medio físico ofrece unha paisaxe de interese, que xa foi descrita en apartados anteriores.

Para analzalos elabórase un inventario que recolle os atractivos e actividades turísticas e os aloxamentos e servizos.

Existen numerosas instalacións de aloxamentos turísticos, vinculados ao paso do Camiño polo Concello, como se pode observar na taboa seguinte:

Táboa XLV. Hotéis, pensións, turismo rural e cámpings.

	Municipio	Lugar (Parroquia)	Categoría	Nº de Habitacións	Camiño de Santiago
Hotéis					
Pousada de Portomarín	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	***	34	SI
Villajardín	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	*	36	SI

	Municipio	Lugar (Parroquia)	Categoría	Nº de Habitacións	Camiño de Santiago
Hostais e pensións					
Albergue Ferramenteiro	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	*	1	SI
Casa Maruja	Portomarín	Castromaior (Castromaior)	*	4	SI
Casa Molar	Portomarín	Vendas de Narón (San Mamede do Río)	*	4	SI
El Caminante	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	*	3	SI
El Caminante II	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	*	11	SI
El Labrador	Portomarín	O Hospital (San Mamede do Río)	*	9	SI
Manuel	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	*	5	SI
O Mirador	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	*	2	SI
Pensión Arenas	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	**	12	SI
Pérez	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	*	8	SI
Portosantiago	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	*	5	SI
Portomiño	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	*	12	SI
Posada del Camino	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	*	6	SI
Ventas O Cruceiro I	Portomarín	Vendas de Narón (San Mamede do Río)	*	1	SI
Ventas O Cruceiro II	Portomarín	Vendas de Narón (San Mamede do Río)	*	3	SI
Turismo Rural					
Casa Santa Mariña	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	C	3	SI
Cámping					
Santa Mariña	Portomarín	Portomarín (Portomarín)	3ª	82 plazas	SI

Fonte: Turgalicia 2010

As festas son outro dos reclamos turísticos deste municipio, destacando sobretudo a festa da Augardente en Portomarín, que se celebra cada ano o Domingo de Pascua, tamén destacan:

- Cristo da Vitoria en Portomarín (1ª semana de setembro).
- Festa do Ramallo (Santa Isabel) en Portomarín (1º Domingo de xullo)
- Domingos Folclóricos en Portomarín (mes de agosto).

3. Organización territorial e patrimonio cultural

Unha das características máis orixinais de Galicia é a intensiva humanización do territorio. O seu artellamento no espazo pasa por dous niveis básicos: A aldea é a base do poboamento rural. Trátase de agrupacións de casas de maneira máis ou menos compacta de pequeno tamaño en xeral. As aldeas atópanse perfectamente diferenciadas na toponimia e na conciencia dos seus habitantes. Estas agrúpanse, nun segundo nivel, en unidades organizativas sobre as que se articula o hábitat rural galego, a parroquia, circunscrición territorial que a pesares de estar baseada unicamente na tradición, con orixe nos primeiros tempos da cristianización en Galicia e non ter carácter de entidade administrativa con personalidade xurídica plena, forma unha unidade social, cultural e xeográfica perfectamente delimitada.

Dúas son as causas determinantes do hábitat disperso en Galicia e, especialmente, neste concello. Por unha banda as de carácter físico, é dicir, as favorables características do solo (suave topografía, fertilidade, boa accesibilidade...) e a abundancia de microclimas favorecedores da localización de asentamentos humanos. (bo asolamento, protección fronte os ventos dominantes...). Por outra, as causas de carácter socioeconómico, entre as que destacan como decisivas as características do tipo de explotación agraria galega: un minifundio que, ao arrastrar todas as negativas consecuencias que o réxime de explotación da terra a través dos foros e subforos supuxo para Galicia, configurou unha economía labrega cunha pechada estrutura autárquica, baseada nunha gandería e nun cultivo de autoconsumo (PEDRO DE LLANO 1996).

A topografía do concello e as infraestruturas de comunicación son dous factores clave na organización do Territorio. Neste caso, existe unha concentración maioritaria no núcleo de Portomarín, existindo un gran número de pequenas entidades, que se sitúan na maioría dos casos na zona de val dispostos nas proximidades das estradas N-540, LU-633 e a PR-49-02 que atravesan transversalmente ó concello de Noroeste-Surleste e de Noroeste-Suroeste.

A proximidade da cidade de Lugo vai a influír na organización do Territorio, xa que exerce unha atracción sobre a poboación dos municipios próximos que se desprazan a traballar e a vivir a ela en moitos casos.

3.1.1. Sistema de asentamentos

Como xa quedou dito o concello de Portomarín está dividido en 19 parroquias, que se distribúen no territorio en 101 unidades poboacionais. Son entidades de pouco tamaño, cun número importante de menos de 10 habitantes. Na táboa inferior vese a evolución das distintas parroquias desde o ano 2004 onde destaca Portomarín como entidade dominante a nivel poboacional.

Táboa XLVI. Evolución da poboación por parroquias.

Parroquia	Ano									
	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Bagude (San Bartolomeu)	81	79	78	73	64	58	56	57	56	58
San Mamede de Belaz (San Mamede)	41	30	30	30	27	25	24	29	30	32
Caborrecelle (San Xulián)	104	102	97	100	91	89	84	81	84	81
Castro de Soengas (O) (San Martiño)	149	142	136	135	134	135	128	128	124	121
Castromaior (Santa María)	35	33	33	33	33	31	32	30	30	28
Cortapezas (Santa María)	75	71	68	65	61	63	61	55	53	54
Fiz de Rozas (San Lourenzo)	92	91	91	88	84	80	80	83	83	81
Gonzar (Santa María)	45	44	48	49	50	48	51	51	45	49
León (San Martiño)	70	69	66	65	63	59	56	56	56	50
Narón (Santa María)	104	99	92	91	87	84	82	80	81	78
Nespereira (San Cibrao)	48	46	46	48	47	43	43	41	39	38
Portomarín (San Nicolao)	560	542	555	548	556	551	545	536	525	522

	Ano									
	1991	1918	1910	1898	1838	1796	1763	1737	1690	1654
Recelle (San Pedro)	137	131	127	131	126	122	124	119	113	107
San Mamede do Río (San Mamede)	48	47	48	48	46	46	44	43	42	42
Sabadelle (San Salvador)	29	27	27	29	28	25	25	24	22	21
Soengas (Santiago)	84	80	81	77	75	73	72	69	69	65
Vedro (San Martiño)	126	122	124	127	119	119	114	112	105	100
Vilarbasin (San Pedro)	29	27	29	27	21	16	14	15	12	9
Vilaxuste (San Pedro)	134	136	134	134	126	129	128	128	121	118
TOTAL CONCELLO	1991	1918	1910	1898	1838	1796	1763	1737	1690	1654

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

As aldeas esténdense por todo o termo municipal, agás nas zonas non aptas para ningún cultivo, como son as serras ou as zonas baixas mal drenadas, non en vano, nelas residen o 73 % da poboación do municipio. O modelo de agrupación mais estendido no concello é o correspondente ás parroquias en enxame, con ou sen aldea-núcleo, e dicir, aldeas disgregadas, agrupadas en barrios e compostas por un reducido número de granxas familiares illadas.

Na seguinte táboa podemos comprobar como esa poboación se distribúe por entidades e dividida entre homes e mulleres.

Táboa XLVII. Poboación por entidades(2013)

Entidade de poboación	Total	Homes	Mulleres
Acevedo	15	8	7
Bagude	24	12	12
O Cunqueiro	1	1	0
Receendes	12	5	7
Biduedo	6	3	3
San Mamede	5	3	2
Vilariño De Batán	21	11	10
Campo De Mamas	6	1	5
Cabanas Do Monte	11	6	5
Dónego	16	9	7
A Eirexe	5	3	2
Lamas Maiores	4	1	3
San Xulián	45	22	23
O Castro	47	24	23
A Covadela	6	4	2
O Cruceiro	8	4	4
A Fonte Grande	10	5	5
Gruméz	18	7	11
A Pedra	32	16	16
Castromaior	28	12	16
O Alto Do Valiño	16	9	7
Cortapezas	32	17	15
A Eirexe	1	1	0
A Estrada	3	1	2
Os Montes	0	0	0
Reboredo	0	0	0
Zazar	2	1	1
Cabanas	4	1	3
As Casas Novas	41	20	21
Lagorza	8	3	5
Outeiro	10	5	5

Entidade de poboación	Total	Homes	Mulleres
Quintá	15	7	8
San Clodio	3	2	1
A Ferrería	1	0	1
Gonzar	41	22	19
Toxibó	7	4	3
Lamas	11	7	4
León	39	21	18
Batífoles	1	1	0
Fontellada	11	6	5
Narón	31	16	15
Pardellas Do Monte	6	3	3
O Penedo	14	7	7
Valderramos	5	2	3
Vilanova	2	1	1
O Vilar De Abaixo	5	2	3
O Vilar De Arriba	3	3	0
O Alto Do Hospital	2	1	1
Camporredondo	8	5	3
Nespereira	22	12	10
A Volta De Varela	6	3	3
O Barco	9	6	3
Ferreiroá	5	3	2
Portomarín	462	230	232
San Miguel	1	1	0
San Roque	14	8	6
O Souto	3	2	1
Barreiro	8	4	4
San Pedro	20	8	12
O Almacén	1	0	1
A Casanova	4	1	3
Lousada	33	13	20
Mariz	35	18	17
O Marmoiral	0	0	0
As Moreiras	6	4	2
Póido	7	3	4
A Servicería	0	0	0
Vigo	21	11	10
O Hospital	13	7	6
Pousada	7	5	2
Reboredo	1	0	1
O Rego Do Can	2	1	1
San Mamede Do Río	2	0	2
A Silva	4	1	3
Vendas De Narón	12	4	8
Vigo	1	1	0
Sabadelle	9	5	4
Seixón	12	5	7
A Cruz	2	1	1
As Neves	8	3	5
Soengas De Abaixo	45	20	25
Soengas De Arriba	10	5	5

Entidade de poboación	Total	Homes	Mulleres
Caldelas	2	1	1
Castrolázar	58	31	27
San Martiño	12	4	8
Vedro	1	1	0
Vilaproí	27	16	11
A Covela	0	0	0
Rebordondo	3	3	0
Valcovo	2	1	1
Vilarbasín	4	2	2
A Carballeira	3	2	1
Domez	8	5	3
A Eirexe	15	9	6
A Escrita	8	5	3
A Frocela	9	4	5
Gai	43	23	20
O Mazo	3	2	1
Pedrouzos	7	4	3
Val De Porrás	0	0	0
O Vilar	22	14	8

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

Da análise deste datos dedúcese unha porcentaxe de entidades cunha poboación maior ou igual a 50 habitantes de tan so 1,98%, fronte a entidades cunha poboación de menos de 25 habitantes cunha porcentaxe do 84,16%.

O número de vivendas queda documentado na seguinte táboa:

Táboa XLVIII. Número de entidades por número de vivendas

Número de vivendas						
1-5	6-10	11-25	26-50	51-100	101-703	>=35 viv
66	17	15	1	0	1	1

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

Estes datos mostran a capacidade de acollida dos asentamentos. Neste concello hai 101 entidades de poboación que dan un resultado de case 0,88 entidades/km².

Aparecen entidades nos diferentes rangos altimétricos ata os 702 m de altitude, tal como se observa na táboa.

Táboa XLIX. Número de entidades por rango de altitudes

Entidades	0-499	500-700	>700
101	44	55	1

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

3.1.1.1. Habitabilidade

Entendida esta características como a idoneidade das vivendas para seren ocupadas para residencia, Por medio desta característica, definida como o grao de ocupación das entidades por un maior número de vivendas con residencia habitual e/ou esporádica fronte ao total de vivendas, poderase observar o nivel de ocupación que posúen os asentamentos de poboación. Para calcular o índice de habitabilidade (IH), contabilízanse tódalas vivendas do espazo e clasifícanse en tres grandes grupos: principais, secundarias e deshabitadas.

Táboa L. Resumo de vivendas da área de estudio

Vivendas Principais	Vivendas Secundarias	Vivendas Deshabitadas	Vivendas Totais	Índice de Habitabilidade
664	65	106	835	87,31

Fonte: INE censo vivendas 2001

3.1.1.2. Características funcionais

Defínense catro tipos de poboamentos en relación ao grao de funcionalidade que presentan. Por outra parte abórdanse os asentamentos que están en fase de rehabilitación ou están rehabilitados:

- Poboamentos Habituais: Corresponden a aqueles asentamentos rurais que teñen algunha vivenda principal.
- Poboamentos Secundarios: Entidades nas que só vive xente nunha temporada limitada ao ano. Non existen vivendas principais.
- Poboamentos Abandonados: Só aparecen vivendas deshabitadas ou abandonadas. Non existe poboación asociada á entidade na actualidade.
- Poboamentos Deshabitados: Neste caso existe unha explotación dos terreos do poboamento por parte dos veciños de aldeas próximas e en ocasións utilizan as vivendas (clasificadas como abandonadas), como lugar de resguardo de materiais e obxectos necesitados para a explotación.

3.1.2. Infraestruturas de comunicación

As infraestruturas, en tanto que modifican as condicións de accesibilidade constitúen un elemento clave nas políticas actuais de desenvolvemento rural. As novas inversións poden resolver problemas de conxestión pero máis aínda potenciar rexións menos favorecidas como a que se analiza non presente documento. Son un factor fundamental.

Realizouse un inventario do subsistema infraestruturas seguindo a mesma dinámica que o descrito para o inventario dos núcleos de poboación.

Os elementos inventariados neste caso foron:

- Infraestruturas Viarias (Estradas, Viarios que discorren por entidades de poboación)
- Abastecemento de augas.
- Saneamento de augas residuais.
- Recollida de Residuos Urbanos.
- Alumado Público.
- Servizo de Comunicacións e Abastecemento de enerxía eléctrica.
- Reemisores de Televisión, repetidores de Telefonía móbil e Emisoras de Radiodifusión.

3.1.2.1. Descrición das vías de comunicación

Na sociedade actual o transporte é esencial e indispensable para o funcionamento socioeconómico, e a súa articulación e integración cos poboamentos e cos espazos territoriais a través dos necesarios fluxos de persoas e mercadorías.

O traballo de campo nesta fase inclúe:

- Comprobación dos trazados das estradas, debido á falta de coincidencia da cartografía oficial da CPTOPV a escala 1:5.000 coa realidade e posibles inclusións de novos viarios de recente construción. Para elo dixitalizáronse e codificáronse sobre ortofotografía dixital do SIXPAC e PNOA.
- Características básicas de Estradas: firme, anchura, estado, sinalización, dimensionamento, sinuosidade, estreitamentos, pasos a nivel,... de tódalas estradas.
- Características básicas de Viarios: Firme, anchura e estado dos viarios ou rúas que dan acceso ás construcións das entidades.

O Concello de Portomarín conta cunha rede viaria cunha lonxitude total aproximada de 163 Km. A rede de estradas distribúese por todo o concello. Na seguinte táboa, podemos ver un resumo de lonxitudes das estradas segundo a súa clasificación atendendo á titularidade.

Táboa LI. Tipo de Estradas no Municipios (en Km)

Vías estatais	Vías autonómicas	Vías provinciais	Vías municipais	Totais
15,50	20,95	35,38	91,66	163,49

Fonte: EIEL 2009


En relación coa rede estatal, queda descrita a continuación.

- N-540 que une as cidades de Lugo e Ourense, e atravesa o concello polo extremo Oeste en dirección Norte -Sur.
- N-640, de Vegadeo a Pontevedra.

Por outra banda, en canto á rede autonómica incluída no concello son as seguintes:

- LU-633, atravesa o concello en dirección Leste -Oeste, dende Ventas de Narón ata Portomarín, é a estrada que vai dende Pedrafita(N-VI) a N-54.
- LU-633R2, antiga LU-633.
- LU-613, que vai de Portomarín (LU-633) a Cendoi.
- LU-612 , que une Lugo (antiga N-540) con Portomarín.
- LU-610, vai de Río Ferreira (LU-612) a Portomarín (LU633).

Mapa 6. Estradas do concello de Portomarín



Fonte: Elaboración propia

Hai que destacar, que por Resolución da Dirección Xeral de Estradas, aprobouse o proxecto “Autovía Ourense – Lugo (A-56)”, os tramos que afectarían ó concello de Portomarín serían Guntín – Narón (7,6 km) e Narón – Taboada (12 km), que se atopan actualmente pendentes de licitación de obra.

Existe un gran número de estradas provinciais no municipio. Esta rede é de especial importancia xa que serve de enlace entre as diferentes zonas do territorio establecendo a conexión co exterior e enlazando coas de competencia municipal nunha estrutura en forma de “espiña de pescado”.

A rede municipal representa arredor dun 56% das estradas incluídas no municipio. A súa titularidade e xestión é do concello. Esta rede primaria é a que permite o transporte de persoas e mercadorías das entidades a outras redes de maior capacidade e para comunicar todas as entidades de poboación. Analizando a lonxitude da rede de vías de titularidade municipal máis polo miúdo:


Táboa LII. Porcentaxe de Vías municipais por 1000 hab. E por km²

Poboación	Sup. Munic. (km ²)	Lonxitude total (km)	Lonx. (km) por cada 1000 hab.	Lonx. por km ²
1763	115,10	163,5	92,74	1,4

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da EIEL 2009 e do IGE

Se analizamos as características físicas das estradas, atopámonos con que a mesma vía pode ter tramos de diferentes características e por iso o nº de tramos supera ao nº total de estradas (transición entre municipios, tramos perigosos...). Advírtese a alta porcentaxe de vías cun firme de rego asfáltico (88%) seguido polo firme de mestura bituminosa en quente (8). Se facemos unha análise por titularidade o resultado sería o seguinte:

Fig. 20: Características físicas das estradas en función da titularidade:



Fonte: elaboración propia a partir de datos da EIEL 2009

Segundo se vai descendendo no nivel administrativo responsable da vía vai aumentando, en xeral, a porcentaxe de vías de peor calidade. Así, nas vías estatais o 100% é mestura bituminosa, mentres que nas municipais a maioría son de rego asfáltico. Complementariamente ao anterior recóllese unha avaliación do estado do firme (independentemente do material que o constituía) en relación ao tránsito de vehículos (presenza -ausencia de fochancas, pozas, etc.). Establécense catro categorías: bo estado (B), malo (M), e regular (R). Logo, as vías en bo estado serán aquelas que teñan boas características para a circulación de vehículos convencionais, e así sucesivamente.

Táboa LIII. Estado de conservación das estradas


Estado	Nº Tramos	Lonxitude (km)	% Lonx.	Nº tramos Municipais	Nº tramos Provinciais	Nº tramos CCAA	Nº tramos Estatais
Bo	18	27,2	16,6	11	2	5	0
Regular	60	126,8	77,6	47	7	3	3
Malo	6	9,5	5,8	5	1	0	0
TOTAL	84	163,5	100	63	10	8	3

Fonte: elaboración propia a partir de datos da EIEL 2009

As vías en bo estado representan o 16% en lonxitude, unha proporción maior presenta condicións regulares mentres que case un 6% amosa un firme en mal estado.

Relacionando o estado coa titularidade da vía, apréciase un comportamento similar ao que ten o tipo de firme. Destaca a elevada proporción de tramos en regular e mal estado das vías de titularidade municipal e incluso provincial.

Fig. 21: Estado das vías segundo a titularidade



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EIEL 2009

En canto ao ancho de vía existe un rango de variación bastante amplo debido, ademais de ás diferentes tipoloxías de vía (asociadas a diferente titularidade), ás irregularidades provocadas polo terreo, que provocan que algunhas vías non posúan un ancho normalizado e teñan que, cando menos nalgún tramo, reduci-las súas dimensións (3,5 m., 2,5 m....). O intervalo que se sitúa entre 2-5 m. representa sobre o municipio un 88%. O máximo está en torno aos 12 m. e basicamente está constituído polas estradas nacionais e autonómicas.

3.1.2.2. Transporte colectivo

O transporte público regular no medio rural atravesará unha profunda crise pola caída da demanda. A esta situación contribuíron diferentes factores, como o propio descenso da poboación no medio rural ou o incremento do número de vehículos (Gutiérrez Puebla, 1988).

Ante estes cambios, as empresas de transporte adaptáronse as novas circunstancias reducindo a oferta de servizos.

A continuación expóñense os servizos de autobuses de Portomarín, que funcionan, tal e como se observa na táboa adxunta, unindo o núcleo de Portomarín coa capital provincial, e con concellos limítrofes:

Táboa LIV. Estado de conservación das estradas

Liña	Saída	Observacións	Empresa
LIÑAS LUGO - PORTOMARÍN			
Lugo - Sarria - Portomarín	10:00	Domingos e festivos	Portomarín
Lugo - Portomarín	10:00	Domingos	Portomarín
Lugo - Sarria - Portomarín	10:45	Laborables agás sábados	Portomarín
Lugo - Portomarín	10:45	Diario agás sábados	Portomarín

Lugo - O Páramo - Portomarín	13:00	Laborables agás sábados (curso)	Monforte
Lugo - Sarria - Portomarín	13:15	Laborables	Portomarín
Lugo - Portomarín	13:15	Laborables	Portomarín
Lugo - Portomarín	13:15	Laborables	Portomarín
Lugo - O Páramo - Portomarín	13:30	Laborables agás sábados (no curso)	Monforte
Lugo - O Páramo - Portomarín	13:30	Sábados non festivos	Monforte
Lugo - Portomarín - Paradela	14:30	Laborables agás sábados (curso)	Portomarín
Lugo - Sarria - Portomarín	18:15	Laborables	Portomarín
Lugo - O Páramo - Portomarín	19:15	Laborables agás sábados	Monforte
Lugo - Portomarín - Paradela - Santa Euxea	19:45	Laborables agás sábados	Portomarín
Lugo - Portomarín	19:45	Diario agás sábados	Portomarín
LIÑAS PORTOMARÍN - LUGO			
Portomarín - Lugo	7:45	Laborables	Portomarín
Portomarín - Lugo	9:15	Laborables e sábados	Portomarín
Portomarín - Lugo	14:45	Laborables	Portomarín
Portomarín - Lugo	18:00	Domingos	Portomarín
Portomarín - Lugo	18:45	Laborables	Portomarín

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Concelo

3.1.3. Infraestruturas de servizos

3.1.3.1. Abastecemento de auga

Rede de abastecemento pública, é un servizo do que só dispoñen unha parte dos núcleos do Concello:

Parroquia	Núcleo
Cortapezas	Cortapezas, A Estrada, Reboredo, O Alto do Valiño
León	León
Portomarín	Portomarín, S. Pedro, S. Roque, Barreiro
Recelle	Lousada, Mariz, Vigo, O Almacen
S. Fiz de Rozas	Casas Novas, Quintá
Vedro	Castrolázaro

Fonte: EIEL 2010

No resto do Concello, este servizo realízase mediante traídas particulares e pozos privados.

A rede municipal pode dividirse en tres sistemas distintos que analizamos a continuación:

Subsistema das parroquias de Portomarín, Vedro, León e Cortapezas

Esta rede sérvese de dúas captacións, Cebres e Rego de Torres, ambas de titularidade municipal e coas características que se indican a continuación:

Nome da captación	Tipo	Titularidade	Sistema	Estado
Rego de Cebres	Río	Municipal	Instalación forzada	Bo
Río Ferreira	Río	Municipal	Instalación forzada	Bo

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EIEL 2010

As características das concesións de captación son as que seguen:

Táboa LVII. Concesión captación Cebres e Rego de Torres

Expediente	A/27/18129
Organismo	Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
Título aproveitamento	Aproveitamento de 16,98 l/s de auga procedente do rego de Cebres e do río Ferreira, T.M. de Portomarín (Lugo) con destino ó abastecemento de varios núcleos.
Resolución/data	En trámite (pdt. Contestación bastanteo)
Caudal máximo	16,98
Coordenadas UTM	-

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da CHMS

Da captación do río Ferreira sae unha tubaría de polietileno a que se une a captación do Rego de Cebres (tamén denominado Piunca), dende ese punto a condución divídese en dúas, unha cara o norte, de polietileno, ata un depósito con unha capacidade de 100 m³, que conta con sistema de potabilización e que dará servizo ó núcleo de León; e outra cara o sur, tamén de polietileno e que abastecerá a un depósito de 1000 m³, que conta con instalación de potabilización e que ademais de dar servizo ó núcleo de Portomarín, Barreiro, Alto do Valiño, A Estrada, Reboredo e San Pedro e ó polígono industrial, distribuirá a auga entre outros dous depósitos, de 180 e 80 m³ respectivamente, o primeiro de eles abastecerá ó núcleo de Castrolázaro, e o segundo ó de San Roque.

Os sistemas de potabilización anteriormente nomeados descríbense na seguinte táboa:

Táboa LVIII. Características do sistema de potabilización parroquia de León

Tipo	Automático
Ubicación	En depósito
Floculación	Non
Decantación	Si
Filtración	Si
Esterilización	Si
Outros tratamentos	Non
Período control	Días alternos
Órgano control	Servizos Municipais
Estado	Regular

Fonte: Elaboración propia

Táboa LIX. Características do sistema de potabilización parroquias de Vedro, Cortapezas e Portomarín

Tipo	Automático
Ubicación	En depósito
Floculación	Non
Decantación	Si
Filtración	Si
Esterilización	Si
Outros tratamentos	Non
Período control	Días alternos
Órgano control	Servizos Municipais
Estado	Bo

Fonte: Elaboración propia

As características dos depósitos resúmense a continuación:

Táboa LX. Características dos depósitos


Ubicación (parroquia)	Capacidade (m³)	Estado	Instalación potabilización
Portomarín	1000	Bo	Si
León	100	Regular	Si
Portomarín	80	Bo	Non

Vedro	180	Regular	Non
-------	-----	---------	-----

Fonte: Elaboración propia

En canto as características da rede de distribución deste sistema, ten unha lonxitude de 4.544 m, dos que arredor de 4.471 m son de polietileno, e 73 m en PVC, o estado xeral das canalizacións é bo.

Fig. 22: Esquema de abastecemento



Fonte: Elaboración propia

Xustificación da suficiencia da rede Subsistema das parroquias de Portomarín, Vedro, León e Cortapezas

Tendo en conta que como se sinalou anteriormente existen catro depósitos que suman unha capacidade de 1360 m³, realízanse os cálculos dos consumos a continuación:

Consumo actual:

Poboación: 696 habitantes x 200 l/hab día = 139.200 l/día = 139,2 m³/día

Colexios: 105 prazas x 20 l/praza e día = 2100 l/día = 2,10 m³/día

Cuartel Garda Civil: 6 prazas x 20 l/praza e día = 120 l/día = 0,12 m³/día

Hoteis: 516 prazas x 240 l/praza e día = 123.840 l/día = 1.232,84 m³/día

Polígono Industrial: 7,59 ha x 4.000 m³/ano e ha = 83,18 m³/día

Incremento sobre o consumo actual:

Poboación: 210 habitantes x 200 l/hab día = 42.000 l/día = 42 m³/día

Na seguinte táboa pódese ver un resumo das necesidades:

Táboa LXI. Características das captacións					
Necesidades actuais	Poboación 2010	Nº prazas colexio	Nº prazas cuartel Garda civil	Nº Prazas hoteleiras	Superficie polígono industrial
Datos actuais	696	105	6	516	7,59
Necesidade en m ³ /día	139,2	2,10	0,12	1232,84	83,18
Incremento previsto	Poboación prevista	Nº prazas colexio	Nº prazas cuartel Garda civil	Nº Prazas hoteleiras	Superficie polígono industrial
Incrementos	210	-	-	-	-
Necesidade en m ³ /día	42	-	-	-	-
Necesidade futuras en m³/día	181,2	2,10	0,12	1232,84	83,18

Fonte: Elaboración propia a partir do traballo de campo e datos municipais

Como pode observarse as necesidades actuais suman un total de 348,44 m³/día, preveuse un incremento das necesidades de 42 m³/día, o que suporía que as necesidades previstas acadarían un total de 390,44 m³/día, ou o que é o mesmo 4,52 l/seg, moi por debaixo da concesión da confederación, que acada un valor de 16,98 l/s, estarían pois cubertas as necesidades de captación tanto actuais como futuras.

No referente os depósitos contase cunha capacidade de almacenaxe de 1360 m³, suficiente considerando como volume de regulación o consumo diario e un incremento do 25% deste para avarías, tanto na actualidade como para os incrementos previstos.

En canto ós diámetros, os cálculos indican un diámetro necesario de 22,14 mm para abastecer a zona industrial, e de 42,56 para o núcleo urbano, tendo en conta que as seccións existentes son superiores as indicadas, as necesidades estarían cubertas tanto na actualidade como no caso de producirse os incrementos previstos.

Subsistema da parroquia de Recelle

Esta rede sérvese de dúas captacións, dous pozos en monte Folgueiros, ambas de titularidade municipal e cuxas características que se indican a continuación:

Táboa LXII. Características das captacións				
Nome da captación	Tipo	Titularidade	Sistema	Estado
Monte Folgueiros I	Pozo escavado	Municipal	Gravidade	Bo
Monte Folgueiros II	Pozo escavado	Municipal	Gravidade	Bo

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EIEL 2010

As características das concesións de captación son as que se seguen:

Táboa LXIII. Concesión captacións monte Folgueiros I e II	
Expediente	A/27/16681
Organismo	Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
Título aproveitamento	Aproveitamento de 2 l/s de auga procedente de dos pozos sitos en el monte Folgueiros en la parroquia de Recelle, T.M. de Portomarín (Lugo) para ó abastecemento do núcleo de Recelle.
Resolución/data	Arquivo 14/12/2009 (comunicación)

Caudal máximo	2
Coordenadas UTM	-

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da CHMS

Das captacións saen sendas conducións de polietileno, que se reúnen nun depósito cunha capacidade de 495 m³, que conta con sistema de potabilización, e dende o que se distribúe mediante conducións de polietileno a auga ós seguintes núcleos: O Almacen, Lousada Vigo e Mariz

O sistema de potabilización anteriormente nomeado descríbese na seguinte táboa:

Táboa LXIV. Características do sistema de potabilización parroquia de Recelle	
Tipo	Automático
Ubicación	En depósito
Floculación	Non
Decantación	Si
Filtración	Si
Esterilización	Si
Outros tratamentos	Non
Período control	Días alternos
Órgano control	Servizos Municipais
Estado	Regular

Fonte: Elaboración propia


As características do depósito resúmese a continuación:

Táboa LXV. Características dos depósitos			
Ubicación (parroquia)	Capacidade (m³)	Estado	Instalación potabilización
Recelle	495	Bo	Si

Fonte: Elaboración propia

En canto as características da rede de distribución deste sistema, ten unha lonxitude de 2.989 m todos eles de polietileno e con un estado xeral das canalizacións bo.

Fig. 23: Esquema de abastecemento



Fonte: Elaboración propia

Xustificación da suficiencia da rede Subsistema da parroquia de Recelle

Tendo en conta que como se sinalou anteriormente existe un depósito dunha capacidade de 495 m³, realízanse os cálculos dos consumos a continuación:

Consumo actual:

Poboación: 78 habitantes x 200 l/hab día = 15.600 l/día = 15,60 m³/día

Incremento sobre o consumo actual:

Poboación: 28 habitantes x 200 l/hab día = 5.600 l/día = 5,6 m³/día

Na seguinte táboa pódese ver un resumo das necesidades:

Táboa LXVI. Características das captacións

Necesidades actuais	Poboación 2010	Nº prazas colexio	Nº prazas cuartel Garda civil	Nº Prazas hoteleiras	Superficie polígono industrial
Datos actuais	78	-	-	-	-
Necesidade en m ³ /día	15,60	-	-	-	-
Incremento previsto	Poboación prevista	Nº prazas colexio	Nº prazas cuartel Garda civil	Nº Prazas hoteleiras	Superficie polígono industrial
Incrementos	28	-	-	-	-
Necesidade en m ³ /día	5,6	-	-	-	-
Necesidade futuras en m³/día	21,20	-	-	-	-

Fonte: Elaboración propia a partir do traballo de campo e datos municipais

As necesidades tanto actuais (0,18 l/s) como previstas (0,25 l/s) están moi por debaixo da concesión de 2 l/s, polo que neste senso estarían cubertas as necesidades.

No referente os depósitos contase cunha capacidade de almacenaxe de 495 m³, suficiente considerando como volume de regulación o consumo diario e un incremento do 25% deste para avarías, tanto na actualidade como para os incrementos previstos.

En canto ós diámetros, os cálculos indican un diámetro necesario de 11,17 mm, tendo en conta que as seccións existentes son superiores as indicadas, as necesidades estarían cubertas tanto na actualidade como no caso de producirse os incrementos previstos.

Subsistema da parroquia de Fiz de Rozas

Esta rede sérvese de unha captación de titularidade municipal e coas características que se indican a continuación:

Táboa LXVII. Características das captacións

Nome da captación	Tipo	Titularidade	Sistema	Estado
Pozo en Quinta	Pozo	Municipal	Instalación forzada	Bo

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EIEL 2010

Descoñécense as características da concesión de captación.

A captación consiste nun pozo de barrena, que mediante unha condución de polietileno traslada a auga ata un depósito de 24 m³, a partir do cal se distribúe mediante canalizacións, tamén de polietileno, a auga ós núcleos de As Casas Novas e Quintá.

As características do depósito resúmense a continuación:


Táboa LXVIII. Características do depósito

Ubicación (parroquia)	Capacidade (m ³)	Estado	Instalación potabilización
Fiz de Rozas	24	Bo	Non

Fonte: Elaboración propia

En canto as características da rede de distribución deste sistema, ten unha lonxitude de 1.063 m, todos eles de polietileno, o estado xeral das canalizacións é bo.

Fig. 24: Esquema de abastecemento



Fonte: Elaboración propia

Xustificación da suficiencia da rede Subsistema da parroquia de Fiz de Rozas

Tendo en conta que como se sinalou anteriormente existe un depósito dunha capacidade de 495 m³, realízanse os cálculos dos consumos a continuación:

Consumo actual:

Poboación: 53 habitantes x 200 l/hab día = 10.600 l/día = 10,60 m³/día

Incremento sobre o consumo actual:

Poboación: 16 habitantes x 200 l/hab día = 3.200 l/día = 3,2 m³/día

Na seguinte táboa pódese ver un resumo das necesidades:

Táboa LXIX. Características das captacións

Necesidades actuais	Poboación 2010	Nº prazas colexio	Nº prazas cuartel Garda civil	Nº Prazas hoteleiras	Superficie polígono industrial
Datos actuais	53	-	-	-	-
Necesidade en m ³ /día	10,60	-	-	-	-
Incremento previsto	Poboación prevista	Nº prazas colexio	Nº prazas cuartel Garda civil	Nº Prazas hoteleiras	Superficie polígono industrial
Incrementos	16	-	-	-	-
Necesidade en m ³ /día	3,2	-	-	-	-
Necesidade futuras en m³/día	13,8	-	-	-	-

Fonte: Elaboración propia a partir do traballo de campo e datos municipais

As necesidades actuais de 0,12 l/s e as previstas de 0,16 l/s, quedarían cubertas, coa captación actual.

No referente os depósitos contase cunha capacidade de almacenaxe de 24 m³, suficiente considerando como volume de regulación o consumo diario e un incremento do 25% deste para avarías, tanto na actualidade como para os incrementos previstos.

En canto ós diámetros, os cálculos indican un diámetro necesario de 9,02 mm, tendo en conta que as seccións existentes son superiores as indicadas, as necesidades estarían cubertas tanto na actualidade como no caso de producirse os incrementos previstos.

3.1.3.2. Saneamento e depuración de augas

En canto ó sistema de saneamento, dentro do concello de Portomarín só dispoñen de rede de saneamento pública as seguintes entidades:

Táboa LXX. Entidades con saneamento

Parroquia	entidades	Estado
León	León	Regular
Castromaior	Castromaior	Bo
Gonzár	Gonzar	Bo
Vedro	Castrolázaro	Bo
Portomarín	Portomarín, San Roque, San Pedro	Bo
PREVISTO		
Parroquia	Entidades	Estado
Recelle	Lousada, Mariz, Vigo e Poido	Previsto
Vilaxuste	O Vilar, Pedrouzo, Gai, A Eirexe, A Escrita	Previsto
Narón	Narón	Execución

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da EIEL 2010

A poboación que actualmente se atopa conectada a estes sistemas de saneamento supón o 39,64 % da poboación municipal.

A rede de saneamento consta de tres tramos principais. A rede de saneamento primaria, os colectores de saneamento, polos que se canalizan todas as redes primarias e, finalmente, a rede de emisarios que se dirixe ao punto de vertido, que partirá do punto de depuración no caso de existir.

En xeral, o tipo de saneamento existente na maioría dos casos é por medio de pozos negros artesanais e individuais sen ningún tipo de tratamento posterior. O estado dos mesmos é deficiente en moitos casos.

Rede de Portomarín

As características da autorización de vertido son as seguintes:

Táboa LXXI. Concesión Vertido Portomarín	
Expediente	V/27/00073
Organismo	Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
Título aproveitamento	Núcleos: Portomarín
Resolución/data	Autorización de vertido por R.D.P.H. (A.R.). (Proposta Incumprimento, solicitude 02/12/2010)
Caudal máximo	73.000
Coordenadas UTM	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da CHMS

En canto a rede, esta é de tipo mixto na súa maioría, conta con unha lonxitude total de 4.999 m, a pesar dos esforzos que se levan feito por renovala, aínda existen 69 m, aproximadamente, en formigón o resto é de PVC. En canto os colectores, teñen unha lonxitude total de 3.032 m, e como ocorría coa rede, aínda que a moitos dos metros son de PVC, arredor de 1.196 m, persisten en formigón 1.836 m.

A depuradora de Portomarín, conta con aliviadoiro, pretratamento (reixa fina), dous reactores biolóxicos e dous decantadores secundarios; os fangos recírculanse; segundo a EIEL a súa capacidade sitúase por riba dos 200.000 m³ anuais co que resultaría suficiente incluso para cubrir as necesidades futuras, que ascenderían a 142.510,6 m³.

Outras depuradoras coas que conta o termo municipal son as seguintes:

Depuradora de Castrolázaro, que da servizo a ese núcleo, trátase dun compacto enterrado fosa-filtro de poliéster.

Depuradoras de San Pedro, este núcleo conta con dúas fosas prefabricadas de formigón semienterradas (cada unha con dous pozos de formigón circulares), unha sitúase ó leste do núcleo e outra ó oeste.

Depuradora de Castromaior, trátase de dous pozos prefabricados de formigón (un decantador-dixestor e un filtro biolóxico), dimensionados para unha poboación equivalente de 50 habitantes.

Depuradora de Gonzar, da servizo a ese mesmo núcleo, trátase de dous pozos prefabricados de formigón (un decantador-dixestor e un filtro biolóxico), dimensionados para unha poboación equivalente de 50 habitantes.

Depuradora de León, trátase dunha fosa rectangular de formigón enterrada e que da servizo a este núcleo.

PREVISTO

Dende o concello estanse a levar a cabo distintas obras, no referido ó saneamento, que serán incorporadas nas seguintes fases deste plan.

Atópanse en execución as obras de saneamento no núcleo de Narón, onte a rede será unitaria e as tubarias de PVC.

Tamén contan con proxecto as obras de saneamento das parroquias de Recelle e Vilaxuste, e as características da autorización de vertido son as seguintes:

Táboa LXXII. Concesión vertido parroquias Recelle e Vilaxuste	
Expediente	V/27/00073A
Organismo	Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
Título aproveitamento	Parroquia Recelle e Vilaxuste
Resolución/data	En Trámite, Autorización de Vertido (AUT)
Caudal máximo	-
Coordenadas UTM	-

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da CHMS

Instalación de rede de saneamento na parroquia de Recelle.

Este proxecto englobaría a instalación da rede en catro núcleos e a instalación de dúas fosas (compacto fosa-filtro tipo “FIBERGLAS”):

Núcleos de Lousada e Mariz:

Neles a rede sería unitaria e instalaríase unha fosa ó sur de Mariz para 110 habitantes equivalentes.

Núcleos de Vigo e Poído:

Neles a rede sería separativa e instalaríase unha fosa para 70 habitantes equivalentes, que se situaría ó este de Poído e ó sur de Vigo.

Instalación de rede de saneamento na parroquia de Vilaxuste.

Este proxecto englobaría a instalación da rede en cinco núcleos e a instalación de tres fosas (compacto fosa-filtro tipo “FIBERGLAS”):

Núcleo de O Vilar:

Nel a rede sería unitaria e instalaríase unha fosa ó sur deste núcleo para 40 habitantes equivalentes.

Núcleo de Pedrouzo:

A rede sería unitaria e instalaríase unha fosa para 40 habitantes equivalentes, ubicada ó oeste do núcleo.

Núcleos de Gai, A Eirexe e A Escrita:

Neles a rede sería unitaria e instalaríase unha fosa para 70 habitantes equivalentes, ubicada ó norte de A Eirexe.

3.1.3.3. Enerxía, iluminación pública e telecomunicacións

Identificáronse no concello todos os puntos de luz dos núcleos e parroquias que figuran nos planos correspondentes. Non tódalas entidades contan con iluminación pública, serían deficitarias neste senso as entidades seguintes: Campo de Mamas, Lamas Maiores, A Eirexe, Os Montes, Zazar, San Miguel, O Marmoiral, A Servicería, Caldelas, Vedro, A Covela, Valcovo e Val de Porrás.

Doutra banda e a fin de contribuír dun xeito eficaz a reducir o efecto invernadoiro e o cambio climático, dende o concello están en proceso de tramitación co INEGA a fin de poder realizar unha auditoría enerxética e renovar o alumeado público nunha porcentaxe do 20% aproximadamente, trocando as lámpadas actuais por unhas de menor consumo.

No apartado de telecomunicacións analizaranse os sistemas de comunicación básicos: radiodifusión, televisión e telefonía móbil.

A recepción de radio é de calidade media-alta. As deficiencias corresponden ás televisións privadas e á cobertura de internet

A telefonía móbil e os teléfonos en xeral teñen boa cobertura; case a totalidade das entidades teñen servizo de telefonía rural por medio do sistema TRAC (Rede Celular) instalado en anos recentes. A tecnoloxía TRAC non é válida para a conexión a Internet polo que se condiciona ao acceso a gran parte da poboación e se precisa da implantación de dispositivos baseados noutras tecnoloxías. Segundo o ministerio de industria as estacións de telefonía móbil no concello de Portomarín suman un total de 9.

3.1.3.4. Recollida de lixo e limpeza de rúas

3.1.3.4.1 RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS (RSU)

A lexislación actual obriga aos concellos a instaurar un servizo de recollida de residuos, e para aqueles de máis de 5.000 habitantes un servizo de tratamento dos mesmos. Os tipos de recollida realizados no territorio son:

- Non selectiva: É toda aquela recollida que non separa os diferentes tipos de lixo. Inclúense residuos orgánicos, papel, vidro e plástico.
- Selectiva: Separa os diferentes tipos de lixo en orgánica, papel, vidro e plástico.

Existe recollida selectiva nos núcleos de Portomarín, Gonzar, Castomaioir, O Hospital e Vendas de Narón, todos eles situados ó paso do Camiño de Santiago polo termo municipal. No resto de núcleos do concello o sistema de recollida selectiva resulta deficitaria. Da recollida de residuos orgánicos e do colector amarelo encárgase o persoal municipal, que conta con rutas programadas de recollida. O resto de colectores son xestionados por servizos externos.

Portomarín conta con un punto limpo, que se localiza a carón do campo de fútbol, foi construído en 2005, é xestionado polo concello e atópase operativo na actualidade. Os residuos que acepta son os seguintes: baterías de automóbiles, cristal, polistireno expandido, envases (latas, bricks, ...), fluorescentes, madeira, papel e cartón, pilas, plásticos, plásticos agrícolas, radiografías, restos de poda segas e vexetais, restos metálicos do fogar, téxtil, vidro, voluminosos, electrodomésticos con CFCs, electrodomésticos sen CFCs, pantallas e televisores.

3.1.3.4.2 LIMPEZA DE RÚAS

Da limpeza das rúas encárgase o persoal municipal, e a frecuencia deste proceso vai en función das necesidades.

3.1.4. Dotacións urbanísticas

Inclúense neste apartado os equipamentos comunitarios e centros públicos, así como os espazos libres destinados a parques públicos e zonas verdes, diferenciando aqueles ao servizo de todo o municipio, e polo tanto incluído dentro dos sistemas xerais, daqueles ao servizo dun ámbito concreto ou sector, e polo tanto pertencentes aos sistemas locais.

Para a análise da realidade dotacional do Concello de Portomarín, establécese a seguinte clasificación tipolóxica en base a súa funcionalidade:

- Equipamento Educativo. Comprende as dotacións destinadas a actividades formativas, de ensino e as complementarias con elas relacionadas: escolas infantís, centros de educación primaria, centros de educación secundaria, etc.
- Equipamento Sanitario. Comprende as dotacións destinadas á prestación de servizos médicos: centros de saúde, clínicas, consultorios, etc.
- Equipamento Deportivo. Comprende as dotacións destinadas á práctica da cultura física e exercicio corporal en xeral: pistas deportivas, polideportivos, campos de fútbol, piscinas, pistas de tenis, campos de golf, etc.
- Equipamento Asistencial. Comprende as dotacións destinadas a promover e posibilitar o desenvolvemento do benestar social de todos os cidadáns, con prestación de servizos a colectivos específicos como familia e infancia, terceira idade, discapacitados, minorías étnicas e outros grupos marxinais: garderías, centros de días, fogares e residencias da maiores, centros de servizos sociais, etc.
- Equipamento Socio-cultural. Comprende as dotacións destinadas a actividades culturais así como a actividades de relación social: centro socioculturais, bibliotecas, arquivos, museos, saás de exposicións, casa da xuventude, auditorios, etc.

- Equipamento Administrativo. Comprende as dotacións destinadas ao exercicio da administración pública en xeral: Casa do Concello, xuzgados, etc.
- Equipamento Militar. Comprende as dotacións relacionadas coa defensa nacional: bases, campamentos militares, etc.
- Equipamento Religioso. Comprende as dotacións destinadas ao culto público ou privado: igrexas, capelas, santuarios, etc.
- Equipamento de Servizos Funcionais. Comprende as dotacións de servizos funcionais necesarios para a organización e funcionalidade social: cemiterios, tanatorios, bombeiros, GRUMIR, seguridade, cuarteis da garda civil, etc. Os servizos técnicos que ocupan ou xestionan o solo destinado as instalacións de abastecemento de auga, saneamento, enerxía eléctrica, depuración, gas, telecomunicacións ou similares desenvólvense no apartado correspondente de infraestruturas.
- Equipamento Hoteleiro. Comprende as dotacións destinadas ao público para aloxamento temporal, con todas as súas instalacións complementarias: hoteis-balnearios, moteis, hoteis apartamentos, albergues, ou calquera outra tipoloxía das definidas na normativa sectorial
- Espazos libres e zonas verdes. Comprende os espazos de dominio e uso público destinados a actividades relacionadas coa estancia, comunicación, lecer, prácticas de deportes ao aire libre e fomento dos aspectos naturais tendentes a garantir a salubridade, reducir a densidade e optimizar as condicións ambientais e estéticas da cidade.

3.1.4.1. Sanidade

En canto á sanidade é de importancia crecente na zona, xa que existe un envellecemento da poboación e a demanda deste servizo acelérase. O territorio divídese en Puntos de Atención Continuada (PAC), como centros de atención de 24 horas, máis os lugares de atención diúrna. A atención sanitaria no Concello é a seguinte:

No municipio de Portomarín contan con un Centro de Saúde:

- Centro de Saúde de Portomarín. Ano de Construción:1992
 - Servizos ofrecidos:
 - Servizos Básicos: Medicina Xeral.
 - 2 postos de Médico de rama xeral con horario de 8:00 a 15:00.
 - 1 posto de ATS/DUE.
 - 1 posto con función administrativa.
 - Aplicación Informática: Cita Previa

A atención urxente préstase no PAC do municipio de Guntín, que se atopa dentro da propia vila de Guntín.

O hospital máis próximo ó concello é o localizado en Lugo, no Complexo Hospitalario Xeral - Calde

3.1.4.2. Educación

No relativo aos centros de ensinanza, existe un centro en Portomarín.

Táboa LXXIII. Equipamentos educativos

Nome	Parroquia	Lugar	Sup. (m2)	Titularidade	Tipo
CEIP Virxe da Luz	Portomarín	Portomarín	1314	Autonómica	Sistema xeral

Fonte: Elaboración propia

3.1.4.3. Outros equipamentos

O resto de equipamentos quedan descritos no apartado correspondente do documentos memoria, e nas fichas de dotación e equipamentos.

3.1.5. Patrimonio cultural

3.1.5.1. Arquitectura singular

Neste apartado descríbense os principais elementos incluídos no patrimonio cultural de Portomarín, así como a súa utilidade no contexto deste plan. O inventariado dos elementos que o forman realizouse partindo da base de que se consideran patrimonio cultural tanto o conxunto de bens materiais mantidos ao longo do tempo resultado dunha historia e unha cultura, coma os bens inmateriais, ou formas de manifestación activa da cultura local, como son, por exemplo, as festas e os oficios tradicionais.

Todos estes elementos interesan especialmente para o desenvolvemento local por canto son ou se poden converter en recursos utilizables polo sector turístico, como base da súa oferta de actividades. Neste sentido, o uso dos bens materiais do patrimonio cultural, respectando sempre a súa conservación, así coma o mantemento e revalorización da cultura viva, ofrecen multitude de posibilidades.

Non obstante, é no momento actual, cando esas representacións do patrimonio histórico e cultural se valoran máis aló da súa utilidade polo seu significado e importancia histórica, é xustamente cando se atopan no peor estado, moitas veces cun grave deterioro. Dependentes dos seus creadores e moradores, van desaparecendo canda eles.

No catálogo de bens protexidos deste Plan Xeral, incluírase unha ficha individualizada de cada un dos xacementos e o seu grado de protección; así como de cada un dos elementos da arquitectura civil e relixiosa.

Consérvanse gran número de mámoas ou medorras, existen ademais castros datados entre a época do Bronce e a romanización. A maioría deles atópanse actualmente soterrados, se ben pode apreciarse a súa estrutura e as murallas e foxos de protección. Destacan, entre outros, os castros de Castromaior (excavado que permite visualizar toda a súa estrutura), Nespereira, San Martiño, Penegresín, Soengas e da Virxe.


Fig. 25: O Castro de Castromaior



Fonte: Terra Arqueos

A arquitectura civil desta época ten representacións a modo de casas, casas -torre e pazos, como a casa dos Quiroga de Vilarbasín e o pazo de Berbetouros; tamén aparecen pontes como a medieval de Portomarín ou a ponte nova. Como representantes da arquitectura relixiosa, sinalar a presenza de numerosas igrexas e capelas, destacando o templo de San Xoán en Portomarín, Igrexa de San Pedro de Portomarín (do século X, aínda que na portada ten unha inscrición relativa a súa consagración en 1182, de orixe románica conserva deste estilo a porta que posúe arco de medio punto, arquivoltas sobre columnas de fustes monolíticos e capiteis decorados e tímpano liso sustentado por mochetas con cabezas de touro), os templos de Cortapezas, Castromaior e Gonzar (que conservan unha cruz procesional de prata realizada por Jorge Cedeira a finais do século XVI ou principios do XVII).

Fig. 26: Ponte cebres en León



Fonte: Elaboración propia

3.1.5.2. Arquitectura popular

Segundo Manuel Caamaño Suárez en *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*, o concello de Portomarín englobase dentro da “Galicia das chairas e das depresións lucenses”. O tipo de asentamento caracterízase pola gran dispersión, numerosos núcleos de poboación compostos de pequenas aldeas disgregadas formadas por un pequeno número de casas ou granxas illadas.

As casas - vivenda que constitúen a base destes núcleos poboacionais dispersos, están xeralmente emprazadas a beira dalgún camiño ou no remate dunha corredeira que conflúe nel. Situadas nun espazo aberto sen cercado que o delimite, acompañanse na súa parte posterior de pequenas hortas e van rodeadas de xeito disperso polas construcións adxectivas. De tódolos xeitos é frecuente atopar na súa fachada principal un curral pechado por unha sebe ou por un valado de cachotería de xisto dentro do cal se sitúa a eira, o palleiro ou o hórreo.

A construción, máis xeneralizada, é a casa - vivenda de dous andares, onde a volumetría e sinxela e disposta illadamente sobre o terreo, con planta regular (rectangular ou cadrada), sobre a que se erguen os muros fortes e de grosor notable para acoller os dous andares rematados por unha cuberta, na maior parte dos casos a catro augas.

Arredor van as construcións adxectivas en moitos casos con interrelación co edificio (palleira, horreo,...) e que lle confire unha independencia das outras que se atopan no mesmo barrio.

Os materiais pétreos máis estendidos son o xisto (que se emprega en cimentacións, muros e cubertas) e tamén o granito. A madeira de castiñeiro e carballo son outro material que se verá en tódalas partes construtivas.

Fig. 27: Vivendas tradicionais en Gonzar e Casas Novas



Fonte: Elaboración propia

3.1.5.3. Outras construcións

Pódense atopar nesta area outras construcións e instalacións, vinculadas moitas delas a actividades tradicionais. Consérvanse así muíños, hórreos, fontes, pontes, pombais, muros de peche das fincas,...

Fig. 28: Fonte en O Souto, forno en Castromaior



Fonte: Elaboración propia

Fig. 29: Hórreo en Castromaior



Fonte: Elaboración propia

Os hórreos presentes no concello son construcións singulares e diferenciadas. Moitos deles conservan o teito de lousa.

3.1.5.4. Relación dos elementos do patrimonio histórico-artístico

No concello de Portomarín existen recursos patrimoniais herdados dunha cultura, unha historia e un saber facer propios, que deben ser conservados ao tempo que se deberían dotar da infraestrutura necesaria, para que poidan ser visitados e coñecidos polas persoas interesadas en gozalos.

Dentro do patrimonio arquitectónico atopamos numerosos elementos de arquitectura relixiosa, tanto igrexas como capelas.

No referente ao patrimonio etnográfico sinalar a característica básica deste tipo de elementos que pretenden dar resposta ás necesidades impostas pola relación do ser humano ca terra. Hoxe en día, a parte da utilidade funcional que poidan presentar estas manifestacións da cultura e a economía tradicional, será fundamental concienciar da necesidade de ser conservados e protexidos como representacións dunhas tradicións e formas de vida singulares.

Destacan os muíños do concello e resaltar tamén a existencia de hórreos, fontes, casas grandes, pazos, etc.

O catálogo de bens protexidos deste Plan Xeral está composto por fichas individualizadas de cada elemento inventariado organizado nas seguintes tipoloxías:

1. Xacementos arqueolóxicos
2. Arquitectura
 - 2.1 Arquitectura popular
 - 2.2 Arquitectura civil
 - 2.3 Arquitectura popular
3. Construcións etnográficas
 - 3.1 Hórreos
 - 3.2 Pombais

3.3 Muíños

3.4 Fontes

3.5 Cruceiros

4. Elementos naturais

5. Camiño de Santiago

No documento Normativa, Anexo 1, inclúese o listado completo dos bens catalogados.

4. Aptitude dos terreos para a súa transformación urbanística

Na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, prevese que os terreos destinados a sufrir unha transformación urbanística, serán aqueles comprendidos en sectores delimitados que teñan establecidos os prazos de execución e as condicións para a súa transformación e desenvolvemento urbanístico.

Partindo desta situación inicial, teremos que ter en conta todos os compoñentes que conforman o medio físico, a tipoloxía dos asentamentos poboacionais e os usos do solo.

Do mesmo xeito existen unha serie de normativas sectoriais: Lei de estradas, Lei de augas, Patrimonio histórico, etc., as cales quedan limitadas as posibles zonas de implantación de terreos para a súa transformación urbanística.

Tamén naquelas zonas con características especiais, como poden ser zonas de elevada pendente, zonas con posibilidade de asolagamento, etc., e onde non será posible a súa utilización para fins urbanísticos.

5. Usos actuais do solo

Os usos do solo son un dos criterios máis importantes para o coñecemento da realidade dunha zona, pois son o resultado dos condicionantes ambientais de dita zona e da realidade socioeconómica e poboacional do mesmo e o seu grao de interferencia no medio físico.

Pódese distinguir a grandes trazos tres zonas de uso diferente, e que son as seguintes:

- Zona relacionada coa actividade agraria, que son máis representativas ó noroeste, así como no centro; e que estaría baseada nos cultivos forraxeiros. As parcelacións minifundistas de terras de labor aparecen mesturadas con praderías artificiais.
- Zona de carácter forestal, aparecen diseminadas pola totalidade do territorio, podéndose atopar tanto bosques autóctonos (carballeiras e soutos), como bosques formados principalmente por piñeiros (máis rendibles economicamente).
- Zonas de auga, denominaremos así aquelas nas que se atopan ríos e cauces naturais, caracterizadas principalmente polo río Miño e o encoro de Belesar.

Táboa LXXIV. Usos do solo


Uso	Superficie (ha)	%
Bosque de Ribeira	341,442	2,99
Coníferas	1624,877	14,25
Eucalipto	32,1428	0,28
Labrado	267,744	2,35
Carballo e Castiñeiro	896,8799	7,86
Frutais	20,1645	0,18

Uso	Superficie (ha)	%
Viñedo	60,2169	0,53
Horta	17,6349	0,15
Matogueira	3471,547	30,44
Prados e Pradarías	3880,928	34,03
Improductivo	140,4014	1,23
Viarios	252,6633	2,22
Hidrografía	267,2346	2,34
Outros	131,0371	1,15

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Catastro

Como se pode ver nos datos representados graficamente, o 34% da superficie de estudio ten o uso pradería, isto pode ser debido en gran medida á importancia que ten a gandería nesta zona. Pero tamén se atopa unha elevada porcentaxe de terreo con mato.

Fig. 30: Usos do solo



Fonte: elaboración propia

Táboa LXXV. Aproveitamento de terras

Uso	Superficie (ha)	%
Cereais para gran	106,38	2,31
Leguminosas para gran	0,74	0,02
Pataca	22,51	0,49
Cultivos industriais	0,45	0,01
Cultivos forraxeiros	1271,34	27,57
Hortalizas, melóns e amorodos	7,15	0,16
Flores e plantas ornamentais	0,01	0,00
Barbeito	16,2	0,35
Horta para consumo familiar (menos de 500 m2)	3,12	0,07
Cítricos	0,05	0,00
Froiteiros	20,21	0,44
Uva de vinificación	23,62	0,51

Uso	Superficie (ha)	%
Viveiros	0,05	0,00
Prados e pradarias permanentes	2143,99	46,49
Outras superficies utilizadas para pastos	207,39	4,50
Superficies de pastos que xa non se utilizan para os efectos de produción e están acollidas a un réxime de axudas	17	0,37
Terreo con vexetación espontánea e sen aproveitamento agrícola e que non se utiliza para pastos	125,33	2,72
Superficie con especies arbóreas forestais que non se utiliza para pastos	607,03	13,16
Eras, construcións, canteiras, patios, camiños, estanques...	32,25	0,70
Outras terras cultivables que non foron empregadas na campaña	7,24	0,16

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do censo agrario 2009

Os datos do censo agrario de 2009, indícanos tamén que os prados e pradarias permanentes son os cultivos máis estendidos do municipio, seguidos polos forraxeiros, tal como cabe agardar dun municipio gandeiro como Portomarín.

6. Parroquias: delimitación, estrutura territorial e xerarquía de asentamentos

Na actualidade as 19 parroquias que conforman o concello de Portomarín son as que se amosan na táboa que aparece a continuación.

Táboa LXXVI. Parroquias de Portomarín

Parroquia	Superficie (Ha)	Pob. (2013)	Densidade (pob/Km ²)
Bagude (San Bartolomeu)	1040,65	58	5,57
San Mamede de Belaz (San Mamede)	398,08	32	8,04
Caborrecelle (San Xulián)	744,39	81	10,88
Castro de Soengas (O) (San Martiño)	933,32	121	12,96
Castromaior (Santa María)	194,04	28	14,43
Cortapezas (Santa María)	338,90	54	15,93
Fiz de Rozas (San Lourenzo)	356,67	81	22,71
Gonzar (Santa María)	607,93	49	8,06
León (San Martiño)	359,89	50	13,89
Narón (Santa María)	940,69	78	8,29
Nespereira (San Cibrao)	666,45	38	5,70
Portomarín (San Nicolao)	835,96	522	62,44
Recelle (San Pedro)	635,63	107	16,83
San Mamede do Río (San Mamede)	468,15	42	8,97
Sabadelle (San Salvador)	533,51	21	3,94
Soengas (Santiago)	628,19	65	10,35
Vedro (San Martiño)	330,72	100	30,24
Vilarbasin (San Pedro)	505,43	9	1,78


Vilaxuste (San Pedro)	985,76	118	11,97
-----------------------	--------	-----	-------

Fonte: elaboración propia

Como pode desprenderse da táboa anterior, a densidade de poboación varía dunhas parroquias a outras, estando moitas delas por debaixo dos 10 habitantes por km², e outras como Portomarín con máis de 60 habitantes por km², situándose a media do concello en 14,37 hab/km².

No seguinte gráfico pode apreciarse claramente cales son as parroquias que destacan pola súa densidade de poboación:

Fig. 31: Densidade de poboación por parroquia(hab/Km²)




Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

As parroquias están compostas por entidades singulares de poboación, definida polo nomenclátor como calquera área habitable do termo municipal, habitada ou excepcionalmente deshabitada, claramente diferenciada dentro do mesmo, e que é coñecida pola denominación específica que a identifica sen posibilidade de confusión. As entidades singulares de poboación poden estar formadas por Núcleo, Diseminado ou as dúas conxuntamente. Considérase Núcleo de poboación a un conxunto de alomenos 10 edificacións que está formado por rúas, prazas e outras vías urbanas. Con excepción, o número de edificacións poderá ser inferior a 10 sempre que a poboación de dereito que habita as mesmas supere os 50 habitantes.

Considérase diseminado aqueles que non cumpran as características arriba descritas.

Fig. 32: Xerarquía dos asentamentos



Fonte: elaboración propia

7. Clasificación das entidades existentes por categorías

A categoría da entidade é a cualificación outorgada, ou tradicionalmente recoñecida, ás entidades de poboación tanto singulares como colectivas, tal como cidade, vila, parroquia, lugar ou aldea, e a falta dela, a que corresponde á súa orixe e características, como casarío, poboado, barrio, monasterio, centro turístico, zona residencial, urbanización e outras.

No concello de Portomarín atopamos as categorías de parroquia, aldea e casarío, como podemos observar na seguinte táboa.


Táboa LXXVII. Categorias de entidades do concello de Portomarín

NOME			CATEGORIA
Bagude (San Bartolomeu)	01	00	Parroquia
Acevedo	01	01	Aldea
Bagude	01	02	Aldea
O Cunqueiro	01	03	Aldea
Receces	01	04	Aldea
Biduedo	01	05	Aldea
San Mamede De Belaz (San Mamede)	02	00	Parroquia
San Mamede	02	01	Aldea
Vilariño De Batán	02	02	Aldea
Campo De Mamas	02	03	Aldea
Caborrecelle (San Xulián)	03	00	Parroquia
Cabanas Do Monte	03	01	Aldea
Dónego	03	02	Aldea
A Eirexe	03	03	Aldea
Lamas Maiores	03	04	Casarío
San Xulián	03	06	Aldea
O Castro De Soengas (San Martiño)	04	00	Parroquia
O Castro	04	01	Aldea
A Covadela	04	02	Aldea
O Cruceiro	04	03	Aldea
A Fonte Grande	04	04	Aldea
Gruméz	04	05	Aldea
A Pedra	04	06	Aldea
Castromaior (Santa María)	05	00	Parroquia

NOME			CATEGORIA
Castromaior	05	01	Aldea
Cortapezas (Santa María)	06	00	Parroquia
O Alto Do Valiño	06	01	Aldea
Cortapezas	06	02	Aldea
A Eirexe	06	03	Aldea
A Estrada	06	04	Aldea
Os Montes	06	05	Casarío
Reboredo	06	06	Aldea
Zazar	06	07	Aldea
Fiz De Rozas (San Lourenzo)	07	00	Parroquia
Cabanas	07	01	Aldea
As Casas Novas	07	03	Aldea
Lagorza	07	05	Aldea
Outeiro	07	06	Aldea
Quintá	07	08	Aldea
San Clodio	07	09	Aldea
Gonzar (Santa María)	08	00	Parroquia
A Ferrería	08	01	Aldea
Gonzar	08	02	Aldea
Toxibó	08	03	Aldea
León (San Martiño)	09	00	Parroquia
Lamas	09	01	Aldea
León	09	02	Aldea
Narón (Santa María)	10	00	Parroquia
Batífoles	10	01	Casarío
Fontellada	10	02	Aldea
Narón	10	03	Aldea
Pardellas Do Monte	10	04	Aldea
O Penedo	10	05	Aldea
Valderramos	10	06	Aldea
Vilanova	10	07	Casarío
O Vilar De Abaixo	10	08	Aldea
O Vilar De Arriba	10	09	Aldea
Nespereira (San Cibrao)	11	00	Parroquia
O Alto Do Hospital	11	01	Aldea
Camporredondo	11	02	Aldea
Nespereira	11	03	Aldea
A Volta De Varela	11	04	Casarío
Portomarín (San Nicolao)	12	00	Parroquia
O Barco	12	01	Aldea
Ferreiroá	12	02	Aldea
Portomarín	12	03	Aldea
San Miguel	12	04	Aldea
San Roque	12	05	Aldea
O Souto	12	06	Aldea
Barreiro	12	07	Casarío
San Pedro	12	08	Aldea
Recelle (San Pedro)	14	00	Parroquia
O Almacén	14	01	Aldea
A Casanova	14	02	Aldea
Lousada	14	04	Aldea
Mariz	14	05	Aldea
O Marmoiral	14	06	Casarío

NOME			CATEGORIA
As Moreiras	14	07	Aldea
Póido	14	08	Aldea
A Servicería	14	09	Aldea
Vigo	14	10	Aldea
San Mamede Do Río (San Mamede)	15	00	Parroquia
O Hospital	15	01	Aldea
Pousada	15	02	Aldea
Reboredo	15	03	Aldea
O Rego Do Can	15	04	Casarío
San Mamede Do Río	15	05	Aldea
A Silva	15	06	Aldea
Vendas De Narón	15	07	Aldea
Vigo	15	08	Aldea
Sabadelle (San Salvador)	16	00	Parroquia
Sabadelle	16	01	Aldea
Seixón	16	02	Aldea
Soengas (Santiago)	17	00	Parroquia
A Cruz	17	01	Aldea
As Neves	17	02	Aldea
Soengas De Abaixo	17	03	Aldea
Soengas De Arriba	17	04	Aldea
Vedro (San Martiño)	18	00	Parroquia
Caldelas	18	01	Aldea
Castrolázar	18	02	Aldea
San Martiño	18	03	Aldea
Vedro	18	04	Aldea
Vilaproí	18	05	Aldea
Vilarbasín (San Pedro)	19	00	Parroquia
A Covela	19	01	Casarío
Rebordondo	19	02	Aldea
Valcovo	19	03	Aldea
Vilarbasín	19	04	Aldea
Vilaxuste (San Pedro)	20	00	Parroquia
A Carballeira	20	01	Casarío
Domez	20	03	Aldea
A Eirexe	20	04	Aldea
A Escrita	20	05	Aldea
A Frocela	20	06	Aldea
Gai	20	07	Aldea
O Mazo	20	08	Aldea
Pedrouzos	20	09	Aldea
Val De Porrás	20	10	Casarío
O Vilar	20	11	Aldea

Fig. 33: Número de entidades por parroquia



Fonte: elaboración propia

8. Características dos asentamentos tradicionais

8.1. O termo asentamento rural

A definición de Asentamento Rural en si [M Born [1977: 27], determina que, son os espazos non urbanos nos que, en principio, a fonte principal de ingresos provén do sector primario, é dicir, agricultura, gandería e pesca.

Sen embargo, na actualidade, existe un problema á hora de marcar unha fronteira, cada vez máis fluctuante, entre o urbano e o rural, e esta definición non é válida para tratar de clasificar moitos dos nosos asentamentos que se atopan nun espazo de transición entre o rural e o urbano.

No concello de Portomarín, podemos afirmar, que non existen núcleos que se atopan en transición entre rural e urbano polo que este problema deixa de existir, xa que nos atopamos ante un concello plenamente rural, a excepción da capital municipal.

8.2. Formas de asentamentos rurais

O Concello de Portomarín segundo o nomenclátor do 2009 ten 101 asentamentos de poboación, (99 rurais) dos cales no plan delimitáanse 89 xa que só se consideran aquelas con 2 ou máis vivendas, e que conformen dalgún xeito unha estrutura coherente para a súa delimitación. A existencia deste elevado número de núcleos fai recomendable unha descrición morfolóxica que quizais nos leve a atopar pequenas diferencias entre as distintas zonas do concello.

En canto á distribución dos asentamentos rurais podemos observar que non existen diferenzas notables entre as zonas de montaña e as dos vales. Sen embargo si se poden observar algunhas diferenzas na ubicación dos mesmos, tal e como se explica nos seguintes apartados.

Tal e como recollen as DOT son diversos os autores que propuxeron unha tipoloxía sobre os asentamentos da poboación galegos, nos centraremos en catro tipoloxías.

Dos distintos tipos de asentamento que se propoñen de seguido compre subliñar que rara vez nos atoparemos con un tipo de asentamento puro, sendo máis habitual atoparnos con situacións mixtas.

8.2.1. Nuclear con casarío denso

O asentamento forma un núcleo unido claramente diferenciado, dos asentamentos dos arredores. O casarío está en formación compacta con escaso terreo libre entre vivenda e vivenda.

Fig. 34: Exemplo de asentamento nuclear con casarío denso



Fonte: Elaboración propia a partir de ortofotografía

8.2.2. Nuclear con casarío claro

Forma, igual que o tipo anterior, un núcleo claramente diferenciado con respecto aos asentamentos dos seus arredores. En realidade, a única diferenza consiste na disposición do casarío, que se no primeiro caso era en formación compacta con escasos claros, neste presenta claros notables entre vivenda e vivenda, correspondente xeral con hortas e incluso pequenas parcelas.

Fig. 35: Exemplo de asentamento nuclear con casarío denso



Fonte: Elaboración propia a partir de ortofotografía

8.2.3. Polinuclear con casarío denso

O singular desta clasificación é a existencia, a pesar de formar un contorno único claramente diferenciado do resto dos poboamentos, de dous ou máis núcleos separados, xeralmente por algún accidente topográfico facilmente salvable a pé. É importante subliñar que, polo xeral sempre algún dos núcleos ten unha importancia maior que o outro. En canto ao casarío é de formación compacta con escaso terreo libre entre vivenda e vivenda.

Fig. 36: Exemplo de asentamento polinuclear con casarío denso



Fonte: Elaboración propia a partir de ortofotografía

8.2.4. Polinuclear con casarío claro

É moi similar ao tipo anterior e diferénciase del, sobre todo, en que o casarío en lugar de presentar unha formación compacta dispónse con alternancias de edificacións e claros. En moitas ocasións non resulta sinxelo distinguir entre este tipo e o nuclear con casarío claro, axudándonos nesta diferenciación a propia toponimia xa que se dan os termos de Lugar de Arriba e Lugar de Abaixo.

Fig. 37: Exemplo de asentamento nuclear con casarío denso



Fonte: Elaboración propia a partir de ortofotografía

8.3. Parcelario

O parcelario vai condicionar a forma e o crecemento do núcleo. Segundo André Meunier diferénciase dous grandes tipos de parcelarios en Europa: Parcelario de campos abertos (Openfiels) e o Parcelario en Bloque (Bocage).


Campos abertos (openfiels).

Os campos abertos están caracterizados pola ausencia de cerramentos, a agrupación das parcelas en cuartos e pola forma alongada e ordenada das súas fincas. O openfield soe estar acompañado por trazos socioeconómicos particulares. En primeiro lugar a fragmentación da propiedade. O agricultor normalmente ten as fincas en diferentes cuartos.

Parcelario en bloque (Bocage).

É mais típico da Europa Atlántica. A característica máis importante é que ten peches entre as fincas que poden ser construídos ou plantados, pódese tratar dende un muro de pedras de mampostería ou chantos ata de peches a base de especies vexetais plantadas.

Parcelario tipo bocage



Parcelario tipo campos abertos



8.3.1. O Parcelario no termo municipal

Para determinar os diferentes tipos de parcelarios dentro do concello é necesario caracterizar as diferentes formas brevemente. O Parcelario do Concello está composto por preto de 17.000 parcelas de rústica e unhas 400 de urbana.


Táboa LXXVIII. Clasificación das parcelas de rústica segundo a súa superficie

TAMAÑO PARCELA	Nº DE PARCELAS	SUPERFICIE (ha)
0 - 0,2 ha	9737	768
0,2 - 0,5 ha	3743	1191
0,5 - 1 ha	1726	1208
1 - 5 ha	1418	2724
5 - 10 ha	124	873
> 10 ha	174	4692
Total	16922	11456

Fonte: elaboración propia

Como podemos apreciar no seguinte gráfico as parcelas de rústica cunha superficie de menos de 1ha representan case o 90 % do nº total de parcelas, sen embargo estas soamente representan o 28% da superficie do concello.

Fig. 38: Parcelario porcentaxe



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.

9. Características das construcións tradicionais

9.1. Introducción

No Artigo 13º.-Solo de núcleo rural da lei 9/2002 do solo de Galicia, logo da modificación da lei 2/2010, determínase que:

“Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico-tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.”

“Os plans xerais, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorporen no estudo do medio rural, delimitarán o ámbito dos núcleos rurais do seu termo municipal en atención aos parámetros anteriores; significadamente, os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nos artigos 24º e 172º.1 desta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos”.

Baseándose nestas esixencias o equipo redactor fixo o presente estudio a partires dun traballo de campo mediante dun SIX (Sistema de Información Xeográfico). Estudáronse as edificacións de tódalas entidades de poboación existentes no concello. En total enquisáronse 4.676 edificacións. Este traballo permitiu a exacta clasificación das edificacións.

As edificacións examináronse segundo as esixencias da lei, con arranxo a tipoloxía, uso, materiais empregados na construción, tipo de cubertas e os seus respectivos materiais as alturas e o estado xeral das edificacións.

Empregáronse criterios xeneralizados porque o ámbito e o volume de traballo para 101 entidades, non permiten o estudo a fondo de cada edificación e tampouco pode ser obxectivo dun Plan Xeral.

9.2. Resultados

Das 4.697 edificacións examinadas, 2.111 son edificacións tradicionais. Gran parte do estudo dedicouse a estes edificios xa que a lei esixe que se determine as características das edificacións tradicionais, e que isto se exprese nos planos de información dos núcleos rurais. A partir de agora referirémonos sempre ao estudo das edificacións tradicionais, pero destacar que os datos que se tomaron en campo fixéronse tanto para tradicionais como para novas construcións, para poder así ter unha idea máis precisa de como se está a producir o cambio no rural, e si as entidades de poboación están moi alteradas ou non.

Outra das esixencias da lei e a determinación dos volumes tradicionais tanto para as vivendas como para os cortes.

En xeral, pódese afirmar que entre os edificios do termo municipal de Portomarín aínda existe un gran número de casas tradicionais que forman un patrimonio arquitectónico máis ou menos homoxéneo. Existen bastantes alteracións en canto aos materiais utilizados para a súa ampliación ou rehabilitación, e no referente ás relacións entre volumes novos e tradicionais dicir que, están moi descompensados, sendo os novos de maiores dimensións que os tradicionais.

9.2.1. Tipos de edificacións

Na seguinte táboa amósanse os grupos en que se dividiron os distintos tipos de edificacións tradicionais:

Táboa LXXIX. Tipo de edificacións tradicionais

Edificacións	Nº Edificacións
Vivendas	569
Construcións etnográficas	290
Edificacións relixiosas	24
Escolas	1
Cortes	25
Pendellos	1088
Outros tipos	114

Fonte: elaboración propia

9.2.2. Forma e material empregado

Para determinar o tipo de edificación é necesario saber a forma das construcións tradicionais. Establecéronse nun principio as seguintes catro categorías para definir a forma da planta das construcións: cadrados, rectangulares, circular e irregulares (compre especificar que a maioría das edificacións tradicionais etnográficas son irregulares). Os resultados do inventario son:

Táboa LXXX. Forma das edificacións tradicionais

Forma	Nº Edificacións
Cadrada	48
Circular	14
Rectangular	1727
Irregular	215
Sen identificar	7

Fonte: elaboración propia

Como se pode observar na táboa anterior a relación entre as diferentes formas de edificios, con diferenza sobre as demais as de forma rectangular son as que máis abundan, predominando as construcións dúas plantas que en moitos casos teñen as cortes na primeira planta, deixando para a planta superior reservado para as habitacións.

Táboa LXXXI. Forma das vivendas tradicionais

Forma	Nº Edificacións
Cadrada	32
Circular	0
Rectangular	434
Irregular	88
Sen identificar	15

Fonte: elaboración propia

Fig. 39: Vivenda de planta cadrada en Rebordondo



Fonte: Elaboración propia

Fig. 40: Vivenda de planta irregular en Bagude



Fonte: Elaboración propia

En canto ó material empregado o máis habitual é a lousa ou a mestura desta con madeira, formigón, etc. O granito por si só ten moi pouca presenza como amosa a seguinte táboa:

Táboa LXXXII. Material das edificacións tradicionais

Material	Nº Edificacións
Lousa	1304
Granito natural (cachotería)	1
Granito regular (manpostería)	4
Mestura de Lousa, cachotería e manpostería de granito	20
Outros materiais e mesturas	782

Fonte: elaboración propia

En canto as Vivendas tradicionais o material máis empregado é a lousa e a mestura de materiais como formigón, ladrillo, etc

Táboa LXXXIII. Material das vivendas tradicionais

Material	Nº Edificacións
Lousa	246
Granito natural (cachotería)	0
Granito regular (manpostería)	0
Mestura de Lousa, cachotería e manpostería de granito	12
Outros materiais e mesturas	309

Fonte: elaboración propia

9.2.3. Tipo de cuberta e material da mesma

Para facer o estudio das tipoloxías de cubertas os datos tomados en campo foi referido ao número de augas, así como os materiais empregado na cubrición. A continuación amósase unha táboa resume na que se recollen os resultados dos tipos de cuberta presentes no concello.

Táboa LXXXIV. Tipo de cuberta das edificacións tradicionais

Cuberta	Nº Edificacións
Unha auga	394
Dúas augas	759
Tres augas	283
Catro augas	403
Irregular	147
Sen identificar	125

Fonte: elaboración propia

Da táboa anterior despréndese que a tipoloxía predominante, no que se refire ao número de vertentes presentes nas edificacións tradicionais, é a dúas augas.

Táboa LXXXV. Material de cuberta das edificacións tradicionais

Cuberta	Nº Edificacións
Lousa tradicional (Lousa)	1288
Lousa regular	291
Tella	18
Lousa tradicional+ Lousa regular	12
Lousa tradicional+ Tella	0
Lousa regular+ Tella	41
Chapa	10
Fibroemento	230
Mestura de varios materiais	120
Sen identificar	101

Fonte: elaboración propia

A lousa é o material predominante nas edificacións tradicionais, mentres que a tella case non ten representación.

Se nos centramos exclusivamente nas vivendas tradicionais o resultado sería o seguinte:

Táboa LXXXVI. Material de cuberta das vivendas tradicionais

Cuberta	Nº Edificacións
Lousa tradicional (Lousa)	350
Lousa regular	151
Tella	6
Lousa tradicional+ Lousa regular	9
Lousa tradicional+ Tella	0
Lousa regular+ Tella	18
Chapa	0
Fibroemento	11
Mestura de varios materiais	18
Sen identificar	6

Fonte: elaboración propia

A lousa tradicional é o material predominante seguida de lonxe pola lousa regular.

9.2.4. Altura das edificacións tradicionais

Os resultados amosan un claro predominio das edificacións de unha planta, seguido das de dúas plantas.

Táboa LXXXVII. Altura das edificacións tradicionais

Altura	Nº Edificacións
Unha planta	1321
Dúas plantas	680
Tres plantas	0
Sen definir e outras	110

Fonte: elaboración propia


O máis habitual é que as edificacións de dúas alturas son as que están dedicadas a vivendas mentres que as de unha altura son as construcións anexas á explotación (alpendres, palleiras, etc), como se aprecia na seguinte táboa:

Táboa LXXXVIII. Altura das vivendas tradicionais

Altura	Nº Edificacións
Unha planta	41
Dúas plantas	516
Tres plantas	0
Sen definir e outras	12

Fonte: elaboración propia

Lugo, decembro de 2015:

Asdo.:  Alberte González Rodríguez
(en representación do equipo redactor como Director do Plan)